Concello de Vigo

# ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
## Sesión do 25 de AGOSTO de 2022 (1274/1102)

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez
D. Francisco Javier Pardo Espiñeira
Dª Elena Espinosa Mangana
D. Carlos López Font
D. Abel Losada Álvarez
D. Jaime Aneiros Pereira
Dª Yolanda Aguiar Castro
Dª Patricia Rodríguez Calviño

**NON ASISTEN:**

Dª Mª Carmen Silva Rego
Dª Mª José Caride Estévez

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día vinte e cinco de agosto de dous mil vinte e dous e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Aguiar Castro, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

O concelleiro Sr. Aneiros Pereira únese á sesión en modo online ó atoparse en situación de permiso por paternidad.

Están tamén presentes por invitación, a secretaria de Admón. Municipal, Sra. Gallardo Fariña, o interventor xeral, Sr. Escariz Couso, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(698).- APROBACIÓN ACTAS.** Apróbase a acta da sesión ordinaria do 11 de agosto de 2022. Deberán incorporarse ó libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde–presidente.

**2(699).- RELACIÓN DE SENTENZAS E OUTRAS RESOLUCIÓNS XUDICIAIS QUE RESOLVEN PROCEDEMENTOS. EXPTE. 14936/111.**
Dáse conta do informe-proposta de data 12/08/2022, asinado polo xefe da Área Xudicial e pola concelleira-delegada de Xestión Municipal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

Tiveron entrada na Asesoría xurídica as seguintes resolucións xudiciais:

## A/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVA

1.- Contencioso. Expediente nº 13876/111
Sentenza nº 594 do 8 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 18/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:
- inadmite o recurso municipal por razón de contía
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: PO 185/2020 XCA nº 2 de Vigo (Ver Anexo I)*

2.- Contencioso. Expediente nº 13882/111
Sentenza nº 599 do 8 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 640/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:
- inadmite o recurso municipal por razón de contía
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.

O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: PO 191/2020 XCA nº 2 de Vigo (Ver Anexo I)*

3.- Contencioso. Expediente nº 13880/111
Sentenza nº 593 do 8 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 8/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:
- inadmite o recurso municipal por razón de contía

- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.
O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: PO 193/2020 XCA nº 2 de Vigo (Ver Anexo I)*

4.- Contencioso. Expediente nº 13879/111
Sentenza nº 596 do 8 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 10/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:
- inadmite o recurso municipal por razón de contía
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.
O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe: PO 190/2020 XC-A nº 2 de Vigo (Ver Anexo I)*

5.- Contencioso. Expediente nº 13899/111
Sentenza nº 598 do 8 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 13/2022
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación presunta. Gratificacións e RPA por dano moral (bombeiros)
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os recursos de apelación interpostos polas dúas partes e:
- inadmite o recurso municipal por razón de contía
- estima parcialmente o recurso de apelación do demandante en canto á inadmisión da pretensión indemnizatoria de 25.000 euros por dano moral, declarando a súa admisión e a retroacción de actuacións para que o Xulgado resolva.
O departamento de Persoal (así como o de Seguridade e o de Patrimonio-RPA) deben coñecer o resolto.

*Procedemento de orixe PO 330/2020 XC-A nº 2 de Vigo (Ver Anexo I)*

6.- Contencioso. Expediente nº 14698/111
Sentenza nº 182 do 8 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 131/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Actuacións executorias (dilixencias de embargo). Execución en vía executiva de (11) sancións de tráfico.
Expte(s): 289329/280 e 144933/700
Contía: 3.361,00 €

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso por non esgotamento da vía administrativa previa, con custas taxadas de oficio.
A Tesourería-Recadación municipal debe coñecer o resolto.

7.- Contencioso. Expediente nº 14741/111
Sentenza nº 178 do 8 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 140/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 20-1-2020 desestimación de reposición. Providencia de constrinximento (en relación co sancións de tráfico)
Expte(s): 289380/280 e 144992/700

Esta sentenza, que non é firme, inadmite o recurso por extemporaneidade (en relación coa sanción) e por falta de esgotamento da vía administrativa (en relación coa Providencia de Constrinximento), con custas taxadas de oficio.
A Tesourería municipal debe coñecer o resolto.

8.- Contencioso. Expediente nº 14759/111
Sentenza nº 183 do 8 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 148/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta RPA. Danos no automóbil o 26-11-2020 (por colisión entre vehículos)
Expte(s): 6465/243

Esta sentenza, firme, desestima o recurso por entender que a sinalización viaria da rotonda non é a causa do sinistro.
O departamento de Patrimonio-RPA e o de Seguridade-Circulación deben coñecer o resolto.

9.- Contencioso. Expediente nº 14751/111
Sentenza nº 181 do 8 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 114/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 24-1-2022 . Sanción de trafico (estacionamento-vao).
Expte(s): 289369/280
Contía: 200,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

10.- Contencioso. Expediente nº 14851/111
Auto nº 49 do 8 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 180/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Desestimación presunta. Solicitude de rectificación de autoliquidación do IIVTNU.
Expte(s): 65019/514
Contía: 13.557,96 €

Esta resolución, que non é firme, inadmite o recurso por non teren esgotado a vía administrativa, (art. 69.1.LR-XC-A).
A Dirección de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

11.- Contencioso. Expediente nº 14601/111
Sentenza nº 158 do 7 de xuño de 2022

Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 98/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 17-1-2022. Incentivo á xubilación anticipada (art. 33 ARCT/CC do Concello)
Expte(s): 37497/220 e 37417/220
Contía: 4.808,10 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Persoal debe coñecer o resolto.
Á vista da doutrina xurisprudencial consolidada xa (FD 3º) sobre a cuestión, semella aconsellable considerar a perda de vixencia do previsto no ARCT-CC, aínda vixente, nesta materia para evitar dúbidas e controversias innecesarias.

12.- Contencioso. Expediente nº 12880/111
Providencia do 15 de xuño de 2022
Tribunal Supremo, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de casación: 7856/2021
Demandante/Recorrente: Empresa
Obxecto: Resolucións do TE-A do Concello de Vigo do 31-1-2019. Liquidación taxas por aproveitamento especial do dominio público (e recurso indirecto da Ordenanza Fiscal nº 30)
Expte(s): 4786/550, 4787/550, 4785/550 e 4784/550 (35176/502, 35179/502, 35173/502, 35177/502)
Contía: 90.369,60 €

Inadmite o recurso de casación da demandante, con custas taxadas de oficio e fai firme a sentenza impugnada nº 372/2021.
O TE-A do Concello e a Dirección de Ingresos deben coñecer o resolto.

*Procedementos de orixe:*
*RC-A nº 132/2019 PO XC-A nº 2 Vigo, Sentenza nº 36 do 27-2-2020, desestimatoria, comunicada na sesión da XGL do 27-2-2020.*
*Recurso apelación nº 15015/2020 TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 4ª, Sentenza nº 372 do 22-9-2021 (rexeita recurso de apelación en canto recurso indirecto contra O.F., inadmisión por contía en canto ás liquidacións), comunicada na sesión da XGL do 29-10-2021.*

13.- Contencioso. Expediente nº 14768/111
Sentenza nº 174 do 6 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 150/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 20-5-2022. Sanción de tráfico, exceso de velocidade
Expte(s): 289800/280
Contía: 400,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

14.- Contencioso. Expediente nº 14795/111
Sentenza nº 179 do 8 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 156/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Sanción de tráfico (pagamento voluntario bonificado o 11-5-2022). Exceso de velocidade
Expte(s): 289942/280

Esta sentenza, firme, desestima o recurso.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

15.- Contencioso. Expediente nº 14844/111
Auto nº 50 do 8 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo
Abreviado: 178/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 21-3-2022. Solicitude de rectificación de autoliquidacións de IIVTNU
Expte(s): 63474/514

Esta resolución, que non é firme, inadmite o recurso por non esgotamento da vía administrativa (art. 69.c. LXC-A).
A Dirección de Ingresos (IIVTNU) e a Inspección de Tributos deben coñecer o resolto.

16.- Contencioso. Expediente nº 14622/111
Sentenza nº 168 do 14 de xullo de 2022
Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo
Abreviado: 110/2022
Demandante/Recorrente: Particular
Obxecto: Resolución do 24-1-2022. Sanción de tráfico (non identificación de conductor/a)
Expte(s): 289175/280 e 144839/700
Contía: 900,00 €

Esta sentenza, firme, desestima o recurso, con custas taxadas de oficio.
O departamento de Seguridade e a Tesourería-Recadación municipal deben coñecer o resolto.

17.- Contencioso. Expediente nº 13827/111
Auto do 28 de xuño de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 582/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 18-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019.
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 216/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

18.- Contencioso. Expediente nº 13834/111
Auto do 6 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 585/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 26-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019.
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO nº 324/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

19.- Contencioso. Expediente nº 13819/111
Auto do 28 de xuño de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 587/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 31-10-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019.
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 191/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

20.- Contencioso. Expediente nº 13837/111
Auto do 6 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 590/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 18-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO nº 323/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

21.- Contencioso. Expediente nº 13826/111
Auto do 6 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 583/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 19-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 215/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

22.- Contencioso. Expediente nº 13825/111
Auto do 6 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 575/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 31-10-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 190/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

23.- Contencioso. Expediente nº 13839/111
Auto do 6 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 593/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 22-01-2020 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 339/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

24.- Contencioso. Expediente nº 13820/111
Auto do 6 de xullo de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 573/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 31-10-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019.
Contía: Indeterminada

Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 192/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

25.- Contencioso. Expediente nº 13823/111
Sentenza nº 532 do 22 de xuño de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1
Recurso de apelación: 578/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta"da reclamación do 31-10-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 102 do 1-7-2021 (e o Auto "aclaratorio" do 27-7-2021) e:
- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 27-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.
O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

Auto do 06/07/2022:
Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 194/2020 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

26.- Contencioso. Expediente nº 13840/111
Sentenza nº 546 do 29 de xuño de 2022
TSX Galicia, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección nº 1

Recurso de apelación: 592/2021
Demandante/Recorrente: Concello de Vigo e Empregado/a municipal
Obxecto: Desestimación "presunta" da reclamación do 19-11-2019 (Bombeiros). Atrasos por "horas extras" e dano moral por anulación do "decreto" do 6-2-2019.
Contía: Indeterminada

Esta sentenza, que non é firme, resolve os dous recursos de apelación interpostos polo demandante e por este Concello contra a sentenza nº 120 do 5-7-2021 (e o Auto "aclaratorio" do 20-7-2021) e:
- Estima o recurso de apelación municipal e anula o Auto do 20-7-2021 (F.D. 3º) con retroacción de actuacións ao XC-A nº 1 á data da sentenza, para nova notificación. Sen que caiba entrar na apelación do demandante.
O departamento de Persoal e o de Seguridade deben coñecer o resolto.

Auto do 21/07/2022:
Ver Anexo II

*Procedemento de orixe: PO 10/2021 XC-A nº 1 Vigo (Ver Anexo I)*

## B/ RESOLUCIÓNS DITADAS NA ORDE XURISDICIONAL SOCIAL

1.- Social. Expediente nº 13961/111
Sentenza nº 386 do 5 de xullo de 2022
Xulgado do Social nº 6 de Vigo
Ordinario: 689/2021
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Reclamación de dereito ao cobro, durante a situación de IT, das cantidades que recibiría no caso de estar en activo.
Expte(s): 38007/220

Esta sentenza, que é firme por contía, estima a demanda de reclamación de cantidades interposta pola actora, traballadora do Servizo de Deportes.

Esta resolución, xunto con outras ditadas ao longo deste mesmo ano, conclúe que a existencia neste Servizo duns "cadrantes", equivale a unha prestación por quendas, o que determina unha previsibilidade na prestación deses servizos, tanto nos períodos de IT (como se recolle no convenio colectivo), como nos períodos de vacacións, aquelas retribucións xeradas conforme a eses cadrantes, serían melloras voluntarias da seguridade social (no caso dos períodos de IT), ou retribucións asimilables ás fixas e periódicas (durante vacacións, permisos, etc), lle corresponde percibilas á traballadora.
Completa o resolto a observación de que ás cantidades que constitúan salario se lles aplicará o xuro por mora do dez por cento.
Esta sentenza é firme xa que a súa contía foi inferior aos 3.000 euros (art. 191 LRXS).

2.- Social. Expediente nº 13981/111
Sentenza nº 355 do 14 de xullo de 2022
Xulgado do Social nº 4 de Vigo
Ordinario: 669/2021
Demandante/Recorrente: Empregado/a municipal
Obxecto: Recoñecemento do dereito da condición de persoal laboral indefinido, presta servizos coa categoría de axudante mantemento no pavillón de Deportes do Berbés dende o 22/08/2021.

Esta sentenza, que non é firme, estima a demanda e declara á demandante como persoal indefinido non fixo do Concello de Vigo.

A resolución considera aplicable o último criterio do TS con respecto a este tipo de persoal, e aos efectos xurídicos que ten sobre o persoal laboral temporal a non cobertura de prazas, por medio dos procedementos legais ordinarios, dentro do prazo establecido polo TREBEP.
Neste caso, claramente se aprecia que dende que a demandante asinou o seu contrato no ano 2011 (de interinidade con cargo a vacante) non se cubriu a praza. Prazas desta categoría figuran na OPE do 2017, pero sen convocatoria aínda e sen estarse a celebrar as probas na data do xuízo.

O Servizo de Deportes e a Área de RRHH e Formación deben coñecer do resolto.

## CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

**I.** Considerando a obriga xeral de cumprir as sentencias e demáis resolucións firmes dos xuíces e tribunais, así como de prestar a colaboración requirida por estes no curso do proceso e na execución do resolto segundo o art. 118 da Constitución así como o principio constitucional do pleno sometemento á lei e ao dereito da Administración Pública no desenvolvemento da súa actividade do art. 103 do texto constitucional.

**II.** Considerando o establecido no artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, en canto á obriga de executar as sentenzas en tempo e forma.

**III.** Considerando que o artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial establece que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, e todas as Entidades públicas e privadas deben respectar, e, de ser o caso, cumprir as sentenzas e demáis resolucións xudiciais que fosen firmes ou executables de conformidade coas leis.

**IV.** Considerando o disposto na Sección 8ª e 9ª do capítulo I do título IV; e, no capítulo IV do título IV, da Lei 29/1998, do 13 de xullo, para o caso das máis comúns no tocante á administración municipal, ditadas pola Xurisdición contencioso-administrativa; e, nos demais casos, atendendo ás normas reguladoras da xurisdición na que foron ditadas as resolucións xudiciais das que se dá conta; Lei 36/2011, do 10 de outubro, reguladora da xurisdición social, en especial capítulo IV do título I do Libro IV ou á Lei 1/2000, de 7 xaneiro, de axuizamento civil, en especial libro III.

**V.** E atendendo á distribución de competencias na materia que recolle a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para os diferentes órganos: art. 127.1.j), Xunta do Goberno local; art. 124.4.l) Alcaldía e art. 123.1.m) Pleno en relación co disposto nos Estatutos da Xerencia Municipal de Urbanismo, comunicamos as resolucións xudiciais relacionadas nos Antecedentes.

## PROPOSTA DE ACORDO

**Único.-** Tómase coñecemento formal das resolucións xudiciais recollidas nos Antecedentes da parte expositiva do presente acordo.

**Segundo.-** Remítase aos servizos responsables da tramitación administrativa en cada caso, con expresa indicación para que procedan á execución das resolucións xudiciais nos seus propios termos, en tempo e forma.

## ANEXO I

Procedementos conexos nos Xulgados do Contencioso-Administrativo nº 1 e 2 de Vigo, correspondentes aos recursos de apelación interpostos por persoal do Servizo de Extinción de Incendios.

| EXPTE | N.º RCA | XULG. | N.º EXPTE. APELAC. | N.º APELACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 13000-111 | 185/2020 PO | XCA 1 | 13818-111 | 576/21 |
| 13001-111 | 191/2020 PO | XCA 1 | 13819-111 | 587/21 |
| 13002-111 | 192/2020 PO | XCA 1 | 13820-111 | 573/21 |
| 13003-111 | 193/2020 PO | XCA 1 | 13822-111 | 589/21 |
| 13004-111 | 194/2020 PO | XCA 1 | 13823-111 | 578/21 |
| 13005-111 | 204/2020 PO | XCA 1 | 13824-111 | 588/21 |
| 13010-111 | 190/2020 PO | XCA 1 | 13825-111 | 575/21 |
| 13012-111 | 208/2020 PO | XCA 1 | 13817-111 | 579/21 |
| 13015-111 | 215/2020 PO | XCA 1 | 13826-111 | 583/21 |
| 13016-111 | 216/2020 PO | XCA 1 | 13827-111 | 582/21 |
| 13090-111 | 243/2020 PO | XCA 1 | 13828-111 | 584/21 |
| 13095-111 | 233/2020 PO | XCA 1 | 13829-111 | 594/21 |
| 13097-111 | 244/2020 PO | XCA 1 | 13830-111 | 586/21 |
| 13153-111 | 242/2020 PO | XCA 1 | 13832-111 | 577/21 |
| 13154-111 | 241/2020 PO | XCA 1 | 13833-111 | 591/21 |
| 13293-111 | 324/2020 PO | XCA 1 | 13834-111 | 585/21 |
| 13297-111 | 325/2020 PO | XCA 1 | 13835-111 | 581/21 |
| 13306-111 | 327/2020 PO | XCA 1 | 13836-111 | 574/21 |
| 13311-111 | 323/2020 PO | XCA 1 | 13837-111 | 590/21 |
| 13313-111 | 333/2020 PO | XCA 1 | 13838-111 | 580/21 |
| 13355-111 | 339/2020 PO | XCA 1 | 13839-111 | 593/21 |
| 13373-111 | 10/2021 PO | XCA 1 | 13840-111 | 592/21 |

| EXPTE | N.º RCA | XULG. | Nº EXPTE. APELAC. | N.º APELACIÓN |
|---|---|---|---|---|
| 12953-111 | 185/2020 PO | XCA 2 | 13876-111 | 18/22 |
| 12954-111 | 188/2020 PO | XCA 2 | 13877-111 | 15/22 |
| 12955-111 | 189/2020 PO | XCA 2 | 13878-111 | 648/21 |
| 12956-111 | 190/2020 PO | XCA 2 | 13879-111 | 10/22 |
| 12961-111 | 193/2020 PO | XCA 2 | 13880-111 | 8/22 |
| 12962-111 | 194/2020 PO | XCA 2 | 13881-111 | 647/21 |
| 12966-111 | 191/2020 PO | XCA 2 | 13882-111 | 640/21 |
| 12967-111 | 192/2020 PO | XCA 2 | 13884-111 | 2/22 |
| 12980-111 | 210/2020 PO | XCA 2 | 13885-111 | 12/22 |
| 12983-111 | 211/2020 PO | XCA 2 | 13886-111 | 651/21 |
| 12984-111 | 217/2020 PO | XCA 2 | 13887-111 | 652/21 |
| 13006-111 | 218/2020 PO | XCA 2 | 13889-111 | 17/22 |
| 13024-111 | 233/2020 PO | XCA 2 | 13890-111 | 9/22 |
| 13033-111 | 241/2020 PO | XCA 2 | 13891-111 | 650/21 |
| 13034-111 | 244/2020 PO | XCA 2 | 13892-111 | 649/21 |
| 13035-111 | 239/2020 PO | XCA 2 | 13893-111 | 646/21 |
| 13100-111 | 257/2020 PO | XCA 2 | 13894-111 | 1/22 |
| 13286-111 | 324/2020 PO | XCA 2 | 13895-111 | 645/21 |
| 13287-111 | 328/2020 PO | XCA 2 | 13896-111 | 11/22 |
| 13289-111 | 325/2020 PO | XCA 2 | 13898-111 | 46/22 |
| 13290-111 | 330/2020 PO | XCA 2 | 13899-111 | 13/22 |
| 13294-111 | 329/2020 PO | XCA 2 | 13900-111 | 644/21 |
| 13298-111 | 332/2020 PO | XCA 2 | 13901-111 | 641/21 |
| 13299-111 | 336/2020 PO | XCA 2 | 13902-111 | 643/21 |
| 13372-111 | 7/2021 PO | XCA 2 | 13903-111 | 642/21 |

## ANEXO II

*Autos sobre subsanación e complemento de sentenza ditados nos recursos de apelación nº:*

*573/2021*
*575/2021*
*577/2021*
*578/2021*
*582/2021*

*583/2021*
*585/2021*
*587/2021*
*590/2021*
*592/2021*
*593/2021*

*polo TSXG, Sala do Contencioso-Administrativo, Sección 1ª, en asuntos relativos a reclamacións retributivas e de cantidades formuladas por persoal do Servizo Municipal de Extinción de Incendios (Bombeiros), tramitados e resoltos na instancia polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo.*

En todos eles os demandantes pretendían que o Tribunal resolvese a inadmisibilidade por razón de contía do recurso de apelación do Concello (centrado no auto "aclaratorio" das sentenzas ditado polo XC-A nº 1, en relación coa inclusión e pagamento periódico a todo o persoal do Servizo de Extinción de Incendios de 219 horas adicionais anuais incluídas no C.E., factor XI, como "especial dedicación" por acordo da XGL do 29-9-2010 e concordantes).

En todos eles o Tribunal resolve que non cabe subsanación nin complemento ningún ás sentenzas de apelación ditadas que anulan o auto "aclaratorio" por ser contrario a dereito resolvendo o recurso correctamente articulado polo Concello contra el.

O departamento de Persoal (e o de Seguridade) deben coñecer o resolto.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**3(700).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DO "PROGRAMA SOCIO-EDUCATIVO E DE APOIO FAMILIAR" (PSEAF). EXPTE. 231240/301.**

Visto o informe de fiscalización do 22/08/2022, dáse conta da proposta da Mesa de Contratación, realizada o 22/08/2022, que di o seguinte:

11.- Propostas de adxudicación

b) Procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

A secretaria pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses co licitador clasificado en primeiro lugar neste procedemento. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses con el.

**LEXISLACIÓN APLICABLE**

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)

**ANTECEDENTES**

**Primeiro.-** Con data do 22 de abril de 2022 a Xunta de Goberno local, acordou:

> *"PRIMEIRO: Aprobar o expediente de contratación, por procedemento aberto e tramitación ordinaria, do «Programa socio-educativo e de apoio familiar» do Concello de Vigo (Benestar Social), que inclúe a xustificación da necesidade do contrato, as Memorias xustificativa e económica, o Prego de Prescricións Técnicas do 08.04.2022 (con Anexo do persoal subrogable; trámites núms. 123 e 44), o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (19.04.2022; trámite n.º172), os documentos económicos emitidos polo Servizo de Contabilidade (trámites núms. 26-28) e a demais documentación esixida pola normativa de contratos do sector público.*
>
> *SEGUNDO: Aprobar o gasto derivado deste contrato 2.515.790,46 € (IVE incl.), que se imputará á aplicación nº 2310.226.09.07: "Programa socio-educativo e de apoio familiar" dos vixentes orzamentos municipais e a súa bolsa de vinculación, de acordo coa seguinte distribución por anualidades (con IVE):*
>
> - *2022: 139.766,14 €*
> - *2023: 838.596,82 €*
> - *2024: 838.596,82 €*
> - *2025: 698.830,68 €*
>
> *TERCEIRO: Dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación na forma legalmente prevista."*

**Segundo.-** A concelleira delegada de Contratación, por delegación da Xunta de Goberno local (acordo do 20 de xuño de 2019), o 3 de agosto de 2022 adoptou a seguinte resolución:

*"Primeiro.- Tomar razón da exclusión de SALZILLO SERVICIOS acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP.*

*Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301) na seguinte orde descendente:*

| | ***Licitador*** | ***Puntuación total*** |
|---|---|---|
| ***1*** | ***GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A.*** | ***82,69*** |
| *2* | *CRUZ ROJA ESPAÑOLA* | *75,40* |
| *3* | *SAMAIN SERVIZOS A COMUNIDADE, S.A.* | *70,50* |
| *4* | *FUNDACIÓN SAMU* | *51,50* |

*Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):*

1. *Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
2. *A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP). Lémbrase que deberán acreditar a habilitación profesional esixida no apartado 5G do Anexo I -FEC- ("A empresas licitadoras deberán estar inscritas no Rexistro Único de Entidades Prestadoras de Servizos Sociais de Galicia (RUEPSS)").*
3. *Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares."*

**Terceiro.-** Esta resolución foi notificada ao licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), o día 5 de agosto de 2022, que presenta a documentación requirida o día 12 de agosto de 2022, dentro do prazo concedido.

**Cuarto.-** A Mesa de Contratación na sesión do 19 de agosto de 2022 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**Primeiro.-** A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar, GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

**Segundo.-** A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371), de acordo co acordo da Mesa de Contratación do 3 de agosto de 2022.

**Terceiro.-** A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, proponse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

> "PRIMEIRO.- Tomar razón da exclusión de SALZILLO SERVICIOS acordada pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na sesión do 26 de xullo de 2022, por non acadar o umbral mínimo de puntuación esixido no apartado 7.A.1 do Anexo I -FEC- do PCAP
>
> SEGUNDO.- Adxudicar a GRUPO 5 ACCIÓN Y GESTIÓN SOCIAL, S.A. (A-78.867.371) o procedemento aberto *para a contratación dos servizos do "Programa socio-educativo e de apoio familiar" (PSEAF) (231.240-301)* coas seguintes condicións:
>
> a) O prezo do contrato é de 2.487.865,50 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 226.169,59 euros.
> b) Aporta unha xornada laboral completa anual dun/dunha diplomado/a ou grao en educación social, durante todo o período do contrato, sen custe

adicional para o Concello a maiores dos previstos como recursos persoais para reforzar os servizos que determine o responsable do contrato en función das necesidades do centro.

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada."

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(701).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1). EXPTE. 2929/500.**
Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 02/08/2022 e o informe de fiscalización do 10/08/2022, dáse conta do informe-proposta do 04/08/2022, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.NORMATIVA APLICABLE**:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL), artigo 74.5.
- Real Decreto 243/1995, de 17 de febreiro, polo que se dictan normas para a xestión do Imposto sobre Actividades Económicas.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector publico por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/205 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Regulamento UE 2016/679 do 27 de abril do Parlamento Europeo e do Consello.

**2. ANTECEDENTES DE FEITO**.

Primeiro.- Mediante Acordo plenario de data 29 de setembro de 2021 aprobouse a modificación de determinados artigos da presente Ordenanza Fiscal Xeral.

Segundo.- O Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Orzamentos e Facenda ditou orde de inicio de expediente de modificación en data 27 de xullo de 2022.

**CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS E XURÍDICAS**.

Para a aplicación dos tributos, a administración municipal ten que rexirse pola normativa propia de cada tributo, pero tamén ten que seguir as normas de xestión, liquidación, inspección, recadación e revisión establecidas en normativa legal e desenvolvidas nesta Ordenanza fiscal xeral.

A través da Ordenanza Fiscal Xeral, o Concello de Vigo adapta a normativa tributaria ao réxime de organización e funcionamento interno propio, tal e como establece o artigo 12.2 do TRLRFL.

**I.** A presente modificación consiste na adaptación do artigo 36.2 da ordenanza aos prazos mínimos de elaboración de determinados padróns fiscais.

O padrón fiscal de Exaccións Unificadas Industriais (taxa de lixo comercial e vados) elabórase a partir da información que proporciona a AEAT co envío da Matrícula anual do Imposto de actividades Económicas. Este envío vense demorando nos dous últimos anos de forma que non se produce antes do 15 de xuño. Por esta circunstancia debemos propoñer a cobranza nos meses de agosto e setembro.

Respecto do padrón da taxa por recollida de lixo vivendas o texto vixente determina que debe iniciarse no primeiro semestre do ano, de forma que nos últimos anos a cobranza vense iniciando o 30 de xuño. Na elaboración deste padrón debemos incorporar a información catastral contida no envío do padrón fiscal do IBI que remite a Dirección Xeral do Catastro a 30 de marzo. Por esta circunstancia debemos propoñer a cobranza nos meses de xullo e agosto.

**II.** Por motivos de economía no procedemento, introdúcese unha modificación na:

**ORDENANZA FISCAL Nº 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

- Engádese, no artigo 6.- Bonificacións, un apartado 5 do seguinte tenor literal:

5.

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes á finalización de instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar os inmobles de uso residencial onde se instalen ditos sistemas e cos seguintes requisitos:

a) Que as instalacións foran obxecto de comunicación previa/licenza á Xerencia Municipal de Urbanismo.
b) Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.

c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou a algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

2. O importe da bonificación anual non poderá exceder para cada inmoble e exercicio do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe de execución material repercutida a cada propietario/a no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

3. A bonificación poderá solicitarse, acompañando a documentación xustificativa dos requisitos esixidos no apartado 1 deste artigo ou nº de expediente da Xerencia Municipal de Urbanismo no que conste a mesma, en calquera momento anterior á terminación dos tres exercicios nos que resulte de aplicación. Surtirá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.
Esta bonificación non será de aplicación cando a instalación dos sistemas de aproveitamento de enerxía solar sexa obrigatoria segundo a normativa específica na materia.

- O actual apartado 5 do artigo 6 pasa a ser o apartado 6 de dito artigo.

- Engádese unha Disposición Transitoria regulando a aplicación do beneficio fiscal previsto no artigo 6.5 para as instalacións rematadas en 2020, 2021 e 2022:

As instalacións rematadas en 2020 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante o exercicio 2023.
As instalacións rematadas en 2021 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023 e 2024.
As instalacións rematadas en 2022 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023, 2024 e 2025.

**3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA**.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a modificación da Ordenanza Fiscal Xeral non terá repercusión económica, ao tratarse unicamente dunha modificación que afecta a datas de cobranza de determinados padróns fiscais.

No tocante á bonificación do IBI que se propón, estímase que terá unha repercusión orzamentaria de 300.000€ no exercicio 2023 como resultado da aplicación da bonificación a instalacións rematadas nos exercicios 2020, 2021 e 2022. Non obstante o anterior, esta minoración non terá reflexo na partida orzamentaria 113.00 prevista para o exercicio 2023 cuxa contía ascende a 68.665.000€ respecto do 2022 porque con efectos do 1 de xaneiro de 2023 se incorporarán ao padrón de bens inmobles de natureza urbana 6.000 parcelas que anteriormente estaban incluídas no padrón de bens inmobles de natureza rústica. Estas parcelas figuran coa clasificación urbanística de solo urbano consolidado e están incluídas

no Instrumento de Ordenación Provisional aprobado por acordo plenario de 24 de xullo de 2019.
Estimando unha variación de valor catastral promedio para cada unha das 6.000 parcelas de 5.000€, significaría un valor catastral adicional de 30.000.000€, o que devengaría unha cota aproximada de 300.000€.

**4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015**.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *"cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública"* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: "o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia".

**Tramitación da modificación**.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 15 de xuño de 2018, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto".*

*Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.*

*Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.*

*De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.*

*O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.*

*Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.*

*De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.*

*No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».*

Á vista do anterior, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada solicita, da Xunta de Goberno local a adopción do seguinte,

**ACORDO:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación:

**"MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL" (1), COA SEGUINTE REDACCIÓN:**

**ARTIGO 36.- PRAZOS DE PAGO.**

2. Con carácter xeral, a recadación do padrón de vehículos de tracción mecánica realizarase nos meses de abril e maio. O padrón da taxa de recollida de lixo vivendas realizarase nos meses de xullo e agosto. O padrón de exacción unificadas industriais (taxa de lixo comercial e vados) realizarase nos meses de agosto e setembro e os padróns do imposto sobre bens inmobles e do imposto sobre actividades económicas realizarase nos meses de setembro e outubro.

**DISPOSICION ADICIONAL:**

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nª 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

- Engadir, no artigo 6.- Bonificacións, un apartado 5 do seguinte tenor literal:

5.

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes á finalización de instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar os inmobles de uso residencial onde se instalen ditos sistemas e cos seguintes requisitos:

a) Que as instalacións foran obxecto de comunicación previa/licenza á Xerencia Municipal de Urbanismo.
b) Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.
c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou a algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

2. O importe da bonificación anual non poderá exceder para cada inmoble e exercicio do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe de execución material repercutida a cada propietario/a no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

3. A bonificación poderá solicitarse, acompañando documentación xustificativa dos requisitos esixidos no apartado 1 deste artigo ou nº de expediente da Xerencia Municipal de Urbanismo no que conste a mesma, en calquera momento anterior á terminación dos tres exercicios nos que resulte de aplicación. Surtirá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.
Esta bonificación non será de aplicación cando a instalación dos sistema de aproveitamento de enerxía solar sexa obrigatoria segundo a normativa específica na materia.

- O actual apartado 5 do artigo 6 pasa a ser o apartado 6 de dito artigo.

- Engadir nesta Ordenanza nº 2 reguladora do IBI unha Disposición Transitoria reguladora da aplicación do beneficio fiscal previsto no artigo 6.5 para as instalacións rematadas en 2020, 2021 e 2022:

As instalacións rematadas en 2020 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante o exercicio 2023.
As instalacións rematadas en 2021 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023 e 2024.
As instalacións rematadas en 2022 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023, 2024 e 2025.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta modificación comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa

**SEGUNDO** Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**

**1º) Aprobar inicialmente a "MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL XERAL (1)"**

**ARTIGO 36.- PRAZOS DE PAGO.**

2. Con carácter xeral, a recadación do padrón de vehículos de tracción mecánica realizarase nos meses de abril e maio. O padrón da taxa de recollida de lixo vivendas realizarase nos meses de xullo e agosto. O padrón de exacción unificadas industriais (taxa de lixo comercial e vados) realizarase nos meses de agosto e setembro e os padróns do imposto sobre bens inmobles e do imposto sobre actividades económicas realizarase nos meses de setembro e outubro.

**DISPOSICION ADICIONAL:**

**MODIFICACIÓN DA ORDENANZA Nª 2 REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES:**

- Engadir, no artigo 6.- Bonificacións, un apartado 5 do seguinte tenor literal:

5.

1. Gozarán dunha bonificación do 50% na cota íntegra do imposto durante os tres períodos impositivos seguintes á finalización de instalacións de sistemas de aproveitamento de enerxía solar os inmobles de uso residencial onde se instalen ditos sistemas e cos seguintes requisitos:

a) Que as instalacións foran obxecto de comunicación previa/licenza á Xerencia Municipal de Urbanismo.
b) Que as instalacións para a produción de calor inclúan colectores homologados pola administración competente.
c) No caso de inmobles suxeitos ao réxime de propiedade horizontal que realicen unha instalación compartida para subministrar enerxía a todos ou a algún deles, só poderán beneficiarse da bonificación os inmobles vinculados á instalación.

2. O importe da bonificación anual non poderá exceder para cada inmoble e exercicio do 50% do custe da execución material da instalación ou ben do 50% do custe de execución material repercutida a cada propietario/a no caso de inmobles suxeitos a división horizontal.

Nos dous casos anteriores, en cómputo global, o importe da bonificación concedida durante os tres exercicios non poderá superar o 95% do custe de execución material da instalación.

3. A bonificación poderá solicitarse, acompañando documentación xustificativa dos requisitos esixidos no apartado 1 deste artigo ou nº de expediente da Xerencia Municipal de Urbanismo no que conste a mesma, en calquera momento anterior á terminación dos tres exercicios nos que resulte de aplicación. Surtirá efectos, no seu caso, para o período impositivo seguinte a aquel no que se solicite.
Esta bonificación non será de aplicación cando a instalación dos sistema de aproveitamento de enerxía solar sexa obrigatoria segundo a normativa específica na materia.

- O actual apartado 5 do artigo 6 pasa a ser o apartado 6 de dito artigo.

- Engadir nesta Ordenanza nº 2 reguladora do IBI unha Disposición Transitoria reguladora da aplicación do beneficio fiscal previsto no artigo 6.5 para as instalacións rematadas en 2020, 2021 e 2022:

As instalacións rematadas en 2020 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante o exercicio 2023.
As instalacións rematadas en 2021 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023 e 2024.
As instalacións rematadas en 2022 poderán disfrutar da bonificación regulada no artigo 6.5 durante os exercicios 2023, 2024 e 2025.

**DISPOSICIÓN FINAL**

Esta modificación comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derrogación expresa

**2º)** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

**3º)** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase ao Concelleiro de Orzamentos e Facenda para a redacción do correspondente texto refundido.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**5(702).- PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL OU UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PÚBLICO LOCAL (30). EXPTE 2922/500.**
Visto o acordo favorable do Tribunal Económico Administrativo do 02/08/2022 e o informe de fiscalización do 10/08/2022, dáse conta do informe-proposta do

22/08/2022, asinado pola xefa da Inspección de Tributos, a directora de Ingresos e o concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**1.NORMATIVA APLICABLE**:

- Constitución española de 27 de decembro de 1978.
- Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases do réxime local.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (en adiante, TRLRFL).
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia.
- Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria (en adiante, LXT).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas (en adiante, LPAC).
- RD 203/2021 de 30 de marzo polo que se aproba o Regulamento da actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.
- Real Decreto 939/205 de 29 de xullo, polo que se aproba o Regulamento xeral de recadación, modificado polo Real Decreto 1071/2017 de 29 de decembro (en adiante, RXR).
- Lei 9/2014, de 9 de maio, xeral de telecomunicacións.
- Directiva 2002/21 Marco regulador común de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Marco), Directiva 2002/20 relativa á autorización de redes e servizos de telecomunicacións (Directiva Autorización), Directiva 2002/12 de Acceso ás redes de comunicacións e recursos asociados á súa interconexión (Directiva Acceso) e Directiva 2002/22 sobre servizo universal e dereitos dos usuarios en relación coas redes e os servizos de comunicacións electrónicas (Directiva de Servizo Universal).

**2. ANTECEDENTES**.

**Primeiro.-** No Concello de Vigo está vixente a ordenanza nº 35 reguladora da taxa pola utilización privativa e aproveitamento especial constituído no solo, subsolo ou voo da vía pública a favor de empresas explotadoras de servizos de telefonía móbil, mediante a que se grava ás empresas explotadoras desta modalidade de telefonía titulares de redes que presten servizos de telefonía móbil (esixencias fixadas polo Tribunal de Xustiza da Unión Europea na súa sentenza do 12/07/2012).

O Concello de Vigo tamén ten vixente a Ordenanza nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local mediante a que determinadas empresas prestadoras de servizos de subministro de interese xeral ingresan por importe do 1,5% dos ingresos brutos estimados obtidos no término municipal de Vigo.

Mediante a aplicación destas dúas ordenanzas o Concello, tras múltiples procedementos xudiciais, ingresou por estes conceptos tributarios nos últimos anos a cantidade de 4.100.000€, procedentes de tres suxeitos pasivos: VODAFONE, ORANGE e R (non se inclúe MOVISTAR porque ten un réxime especial por ser empresa do grupo TELEFONICA DE ESPAÑA).

Con carácter previo a conseguir a efectividade destes ingresos, o 90% das liquidacións emitidas foran recorridas perante os xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, que ditaron sentenzas favorables ao Concello contra as que as mercantís interpuxeron recursos de apelación, que foron desestimados polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (Procedementos ordinarios 356/2015- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, 402/2015- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo, 361/2015- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, 57/2017- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo, 370/2017- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo e 376/2017- Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Vigo e Recursos de Apelación 15011/2016, 15033/2018, 15034/2019 e 15026/2018). Igualmente, unha das mercantís preparou recurso de casación que foi inadmitido polo Tribunal Supremo.

**Segundo.-** Diante destes resultados xudiciais desfavorables para as operadoras, estas transferiron a titularidade das redes instaladas no subsolo do dominio público local a empresas do grupo non prestadoras de servizos para eludir as dúas condicións que impuxera o Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea para seren gravadas: ser titulares de redes e prestadoras de servizos. Diante desta realidade, a Ordenanza nº 35 resulta inaplicable porque as empresas prestadoras non son titulares de redes/infraestruturas.

**Terceiro.-** Ante a imposibilidade de poder aplicar a Ordenanza nº 35, o Concello engadiu na Ordenanza fiscal nº 30 reguladora das taxas por aproveitamento especial ou utilización privativa do dominio público local un epígrafe I.4 no apartado 4 do artigo 4 mediante o que se gravarían ás empresas tenedoras de redes pola ocupación efectiva do subsolo público municipal, con independencia dos servizos que presten (telefonía fixa, móbil, datos, internet...). Neutralizábase así a estratexia das empresas de telecomunicacións para eludir a taxa, transferindo as infraestruturas a empresas unicamente tenedoras, pero non prestadoras de servizo ningún.

En aplicación deste novo epígrafe, a administración tributaria do Concello aprobou liquidacións durante os exercicios 2019-2020 e 2021 que as operadoras recorreron aos xulgados correspondentes.

Este gravame ás empresas por ocupación efectiva aínda que non prestaren servizos foi recorrido directamente perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e, con resultado desfavorable para o Concello, pois este Tribunal anulou este epígrafe na súa sentenza nº 268/2021, do 23 de xuño (da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 10 de setembro de 2021), **acolléndose a un cambio xurisprudencial contido na Sentenza do Tribunal Supremo nº 155/2021, do 26 de abril, ditada a partir doutro cambio de criterio xurisprudencial do Tribunal Superior de Xustiza da Unión Europea, manifestado na súa sentenza do 21/01/2021.**

Diante desta imposibilidade real de gravar a capacidade económica revelada polas operadoras de telecomunicacións, con amparo na regulación vixente do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello preparou recurso de casación que obra no expediente contra esta sentenza 268/2021. O Tribunal Supremo ditou Providencia de inadmisión de data 27/04/2022 por non apreciar a concorrencia de interese casacional (da que tomou coñecemento a Xunta de Goberno Local na súa sesión de 09/06/2022).

**Cuarto.-** Tras esta xurisprudencia europea acollida polo Tribunal Supremo, o Concello poderá facer tributar os servizos de telefonía fixa e internet co método de cálculo do 1,5% dos ingresos brutos estimados no término municipal de Vigo conforme á ordenanza fiscal nº 30.

A ordenanza fiscal nº 35, de teórica aplicación para a telefonía móbil, resulta inaplicable porque as empresas operadoras teñen trasladado as súas instalacións e redes a empresas do grupo, meras tenedoras patrimoniais, agás no caso de R, que mantén a dobre condición de titular das redes e prestadora dos servizos.

A fin de poder exaccionar o relativo á taxa de telefonía fixa e internet, cómpre aprobar a modificación da Ordenanza que se inclúe no presente expediente para así acomodarnos ao novo criterio do Tribunal de Xustiza da Unión Europea, acollido polo Tribunal Supremo.

**Quinto.-** A día de hoxe, o Tribunal Supremo ten fixada a seguinte doutrina legal na súa Sentenza nº 155/2021, do 26 de abril:

*"Las limitaciones que para la potestad tributaria de los Estados miembros se derivan de los artículos 12 y 13 de la Directiva 2002/20/CE del Parlamento Europeo y del Consejo, de 7 de marzo de 2002, relativa a la autorización de redes y servicios de telecomunicaciones (Directiva autorización), tal como han sido interpretados por la STJUE (Sala Cuarta) de 27 de enero de 2021, Orange, C-764/18, no rigen para las tasas por utilización privativa o aprovechamiento especial del dominio público local exigidas a las compañías que actúan en el sector de la telefonía fija y de los servicios de internet, tanto si éstas son las titulares de las redes o infraestructuras utilizadas como si son titulares de un derecho de uso, acceso o interconexión a las mismas".*

## 3. INFORME SOBRE REPERCUSIÓN ORZAMENTARIA.

Para os efectos do disposto no artigo 129.7 da Lei 39/2015, cómpre indicar que a presente modificación terá un impacto orzamentario na partida 333.00 do orzamento de ingresos de 2023 (taxas empresas titulares de redes de telecomunicacións, que deberá pasar a denominarse taxas empresas operadoras de telecomunicacións- 1,5%) de 1.250.000€, quedando reducida a previsión para 2023 a 500.000€.

Esta redución de ingresos derívase da inaplicación da ordenanza nº 35 a empresas non prestadoras de servizos de telefonía móbil, meras tenedoras de redes e infraestruturas e á aplicación aos servizos de telefonía fixa e internet da modalidade de cálculo do 1,5% aos ingresos brutos no término municipal.

## 4. INNECESARIEDADE DO TRÁMITE PREVISTO NO ARTIGO 133 DA LEI 39/2015.

Segundo o apartado 4 do artigo 133 da Lei 39/2015, *"cando a proposta normativa non teña un impacto significativo na actividade económica, non impoña obrigas relevantes aos*

*destinatarios ou regule aspectos parciais dunha materia, poderá omitirse a consulta pública"* a que se refire o apartado 1 do mesmo artigo.

Segundo informe do Tribunal Económico Administrativo do Concello de Vigo de data 20.06.17 coincidente co da Dirección Xeral de Tributos de data 10 de xaneiro de 2018: "o trámite de consulta previa debe substanciarse cando se trata dunha nova ordenanza fiscal, mentres que no caso da modificación dunha ordenanza fiscal aprobada con anterioridade, pode obviarse dito trámite por tratarse dunha regulación parcial da materia".

**Tramitación da modificación**.

O expediente deberá ser tramitado conforme dispón o artigo 111 da LRBRL, artigos 15 a 19 do RDL 2/2004 de 5 de marzo que aproba o TRLRFL e artigo 137 apartado 1 b) da citada LRBRL.

Segundo informe do TEA do Concello de data 24 de xuño de 2020, «*unha vez incorporados os correspondentes informes xurídicos, técnicos e económicos, será redactado Informe-Proposta e o expediente será remitido á Intervención Xeral. Expresamente se solicitará a dito órgano que "de conformidade co indicado polo TEACV, órgano competente para o Ditame sobre os Proxectos de Ordenanzas Fiscais, deberá informarse sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, suficiencia financeira e demais restricións orzamentarias que se puideran derivar do acordo proposto".*

*Con carácter potestativo poderá solicitarse ao TEACV, como ven sucedendo dende a creación deste, informe previo sobre a legalidade da Proposta de Proxecto que se somete a aprobación da Xunta de Goberno Local, a fin de que, tanto polos órganos políticos como polos administrativos, exista garantía sobre a conformidade no Ditame que será emitido con posterioridade á aprobación, no seu caso, da Proposta de Proxecto pola Xunta de Goberno Local. Así mesmo, e se este órgano así o estima conveniente, complementa o control de legalidade de quen teña atribuída dita función nos asuntos que deban ser sometidos á consideración da Xunta de Goberno Local.*

*Unha vez aprobado o Proxecto pola Xunta de Goberno Local será novamente remitido ao TEACV, quen elaborará o correspondente Ditame. Incorporado o preceptivo Ditame, o expediente, agora xa completo, será remitido á Secretaría do Pleno a fin da súa posta de manifesto aos voceiros dos grupos municipais e para o seu estudio e debate en Comisión Informativa e no Pleno.*

*De producirse transaccións políticas na fase de Propostas de emendas que varíen a redacción do Proxecto, deberá remitirse novamente o texto modificado á Intervención Xeral para o referido informe sobre cumprimento de restricións orzamentarias como previo á aprobación pola Xunta de Goberno Local do texto modificado e sometido a novo Ditame do TEACV.*

*O expediente co texto aprobado pola Xunta de Goberno Local e ditaminado polo TEACV someterase a estudio e aprobación pola Comisión Informativa correspondente e será remitido para a súa aprobación provisional polo Pleno.*

*Producida dita aprobación provisional, exporase ao público por prazo de trinta días a fin de que, por quen teña a condición de interesado, poida ser plantexada a oportuna reclamación.*

*De ser presentadas reclamacións, determinarase previamente a admisibilidade das mesmas e, entre as admitidas, resolverase estimando ou desestimando as mesmas, dándose conta á Xunta de Goberno Local e remitíndose ao Pleno para aprobación definitiva. No caso de non presentarse reclamacións ou incorrer todas as presentadas en causa de inadmisibilidade, entenderase aprobado o texto sen necesidade de remisión ao Pleno para a súa aprobación definitiva.*

*No caso de ser presentadas reclamacións admisibles contra o acordo de aprobación provisional, sexan estimadas ou non, procederá a remisión ao Pleno aos efectos da aprobación definitiva. No caso de que pola estimación de reclamación contra o Acordo de aprobación provisional se modificase este, o texto da Ordenanza será remitido previamente ao TEACV para novo Ditame».*

En base ao exposto e ao Fallo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia contido na súa Sentenza 268/2021, que sinalou no seu FD 3 in fine que *"Con independencia del criterio seguido por estos Tribunales con anterioridad al dictado de la STJUE de 27.01.2021 (...), sin impedimento del Derecho comunitario al establecimiento de una tasa que grave la ocupación del dominio público local por empresas titulares de las infraestructuras y red de telecomunicaciones que las utilizan para la telefonía fija e internet, en atención al 1.5% de sus ingresos brutos anuales, la cuantificación que realiza el artículo 4.4.I.4 de la OF n. 30 para estos supuestos, en aplicación de la regla general del artículo 24.1.a) TRLRHL, infringe el principio de reserva de Ley, motivo por el que debe anularse en relación a dichos operadores"*, esta Dirección de Ingresos e Xestión Catastral Delegada propón á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

**ACORDO:**

**PRIMEIRO**.- Aprobar o seguinte Proxecto de Modificación da:

**ORDENANZA Nº 30 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL E UTILIZACION PRIVATIVA DO DOMINIO PUBLICO LOCAL:**

ARTIGO 4.
a) Suprimir o epígrafe I.4 do artigo 4.4

b) Suprimir no apartado 5 do artigo 4:
- no primeiro parágrafo, a seguinte frase: *" --agás as empresas de telecomunicacións que tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4--"*

- no cuarto parágrafo a seguinte frase: *"as empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4"*

c) Suprimir o terceiro parágrafo do artigo 6.2

d) Substituír do cuarto parágrafo do artigo 6.2 polo seguinte texto: *Ingresarán polo procedemento de autoliquidación no primeiro mes de cada semestre o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de "a conta" da autoliquidación de regularización que se presentará antes do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados pola Presidencia do Consello de Administración , así como informe de auditoría onde conste expresamente a facturación correspondente ao término municipal de Vigo no citado período.*

e) Substituír a Disposición Final Segunda polo seguinte texto: *Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

**SEGUNDO.-** Propoñer ao Pleno, previos Ditames do Tribunal Económico-Administrativo do Concello de Vigo e da Comisión Informativa de Orzamentos e Facenda a adopción do seguinte **ACORDO**

**1º) Aprobar inicialmente a "MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL Nº 30 REGULADORA DAS TAXAS POR APROVEITAMENTO ESPECIAL E UTILIZACIÓN PRIVATIVA DO DOMINIO PUBLICO LOCAL:**

**ARTIGO 4.**
a) Suprimir o epígrafe I.4 do artigo 4.4

b) Suprimir no apartado 5 do artigo 4:
- no primeiro parágrafo, a seguinte frase: *" --agás as empresas de telecomunicacións que tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4--"*
- no cuarto parágrafo a seguinte frase: *"as empresas titulares de redes e outras infraestruturas de telecomunicacións tributarán conforme ao epígrafe I.4 do artigo 4.4"*

c) Suprimir o terceiro parágrafo do artigo 6.2

d) Substituír do cuarto parágrafo do artigo 6.2 polo seguinte texto: *Ingresarán polo procedemento de autoliquidación no primeiro mes de cada semestre o importe da taxa a que alude o apartado 5 do artigo 4 desta ordenanza, correspondente ao semestre anterior. As autoliquidacións practicadas terán o carácter de "a conta" da autoliquidación de regularización que se presentará antes do 30 de xullo do exercicio seguinte. A autoliquidación de regularización practicada en xullo deberá ir acompañada de Balance de Situación e Conta de Explotación da entidade, relativos ao exercicio precedente, certificados pola Presidencia do Consello de Administración , así como informe de auditoría onde conste expresamente a facturación correspondente ao término municipal de Vigo no citado período.*

e) Substituír a Disposición Final Segunda polo seguinte texto: *Esta ordenanza entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no BOP e comenzará a aplicarse o 1 de xaneiro de 2023, permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derrogación expresa.*

**2º)** Someter a exposición pública por prazo de 30 días hábiles, con inserción de anuncio no Boletín oficial da provincia, taboleiro do Concello e prensa local para exame e reclamacións.

**3º)** Para o caso de non presentarse reclamacións entenderase adoptado o acordo de aprobación definitiva coas seguintes particularidades:

Publicarase o texto da modificación no BOP para a súa entrada en vigor.

Facúltase á Concellería de Orzamentos e Facenda para a aprobación do correspondente texto refundido.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**6(703).- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL: "PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO" DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2022. EXPTE. 16191/306.**

Visto o informe de fiscalización do 22/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 19/08/2022, asinado polo xefe do Servizo de Medio Ambiente e a concelleira-delegada de Área, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES:**

A concelleira delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en data do 18 de agosto de 2022, acordou a iniciación de procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto de sensibilización medioambiental coa temática Percorridos Medioambientais de Outono, dentro do programa Camiño a Camiño 2022.

O Servizo de Medio Ambiente redacta o mencionado proxecto que recolle sete rutas medioambientais por Vigo e Bisbarra, para un total de 1.050 participantes, que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2022.

As actividades realizadas en Vigo e na súa área de influencia van dirixidas ao coñecemento do hábitat da zona, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto,
desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto no termo municipal de Vigo como en concellos limítrofes. A senda das Greas pola que discorren os percorridos trátase dunha mestura xeográfica única que combina as impresionantes atalaias das serras da Groba, O Galiñeiro e o Suído, ámbitos montesíos que configuran o reino do cabalo bravo. Tamén, neste percorrido atópanse enclaves de especial interese como foxos de lobo, restos megalíticos, penedos graníticos como a base do castelo de Cans, paisaxes húmidas con bosques de ribeira a carón do río Oitavén, cantís na costa de Baiona, etc.

O orzamento estimado das actividades, incluído transporte, ascende a un total de 24.682,90 euros (IVE engadido).

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente prevé determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración empresarial (en especie) con entidades privadas que desenvolverá as actividades previstas, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, tendentes á execución deste proxecto de actividades. O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades.

A organización municipal non impide tampouco o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes das rutas que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios das rutas que se desenvolven fora de Vigo, de xeito que achegarán 4 euros por usuario e ruta, os menores de 12 anos achegará a metade, 2 euros. O resto do custe do transporte será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes, estimándose un ingreso de 4.060,00 euros.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

O artigo 25.2., apartados b) e l), da vixente Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, segundo modificacións introducidas por Lei 2/2013, de 27 de decembro, outorga competencias aos Municipios, nos termos da lexislación do estado e das CC.AA., no “medio ambiente urbano” e, tamén, “ocupación do tempo de lecer”.

A área municipal de Medio Ambiente e Vida Saudable ten atribuído en virtude da resolución da alcaldía do 04/09/2020, competencias en materia medioambiental, entre as que destacan, desenvolver programas e campañas de información, educación, sensibilización e

concienciación social en relación coa protección do medio ambiente, tamén, o fomento de hábitos de vida saudables.

A protección do medio ambiente exércese non so a través dos procedementos de disciplina medioambiental, senón tamén a través de políticas de sensibilización, educación e concienciación da cidadanía en materia medioambiental.

As distintas leis sectorias, tanto estatais como da C.A. de Galicia, recollen dentro dos seus principios inspiradores a educación ambiental, a sensibilidade e concienciación da cidadanía polo respeto e protección do medio ambiente.

A Lei 1/1995, de 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia establece no seu artigo 2.e, como un dos principios inspiradores da Lei, o da promoción da educación ambiental e da concienciación cidadá, en tódolos sectores sociais, para una eficaz defensa dos valores ambientais, a fin de que, de acordo coa información obxectiva, completa e actual, poida participar a totalidade da poboación na defensa do seu medio ambiente.

Neste sentido, a Concellería de Medio Ambiente ben realizando actividades de sensibilización e educación medioambiental, fundamentalmente no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos sobre o medio ambiente, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente, coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de flora e fauna como de conformación do ecosistema e das dinámicas humanas de adaptación a este. Para isto, desenvolveranse percorridos por espazos cunha riqueza natural particular tanto no termo municipal de Vigo como nos concellos limítrofes.

O proxecto proposto configúrase, por tanto, como unha actividade conforme co interese público municipal e axustada ao ordenamento xurídico.

O artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ó mecenazgo, establece que se entenderá por convenio de colaboración empresarial en actividades de interese xeral para os efectos previstos nesta Lei, aquel polo que as entidades a que se refire o artigo 16 (entre as que están as entidades locais) a cambio dunha axuda económica (pode ser en especie) para a realización das actividades que efectúen en cumprimento do obxecto ou finalidade específica da entidade, se comprometen por escrito a difundir, por calquera medio, a participación do colaborador nas citadas actividades, polo que sería posible subscribir estes convenios para a execución das actividades.

A cofinanciación dos custes do transporte discrecional fora do termo municipal polos participantes, considérase, tamén, axustada a dereito nos termos do proxecto e das ordenanzas fiscais municipais ao non sobrepasar o custe do servizo.

En virtude do apartado Primeiro, 4 da resolución de delegacións de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 18 de xuño de 2019, correspóndelle a esta a "aprobación de calquera programa, plan, proxecto, campaña ou promoción de actividade e ou servizos de competencia municipal".

En mérito dos antecedentes e fundamentos expostos, formúlase á Xunta de Goberno Local a seguinte

**PROPOSTA:**

**Primeiro.-** Aprobar o proxecto de actividades de sensibilización medioambiental: "Percorridos Medioambientais de outono" dentro do programa Camiño a Camiño 2022, redactado polo Servizo de Medio Ambiente en data do 18 de agosto de 2022, que recolle sete rutas medioambientais por Vigo e a súa área de influencia para un total de 1.050 participantes que se desenvolveran nos meses de outubro e novembro de 2022.

**Segundo.-** Aprobar o prezo que debe achegar cada participante polo transporte discrecional en desprazamentos fora do termo municipal de Vigo, de 4 euros adulto e 2 euros menores de doce anos en desprazamentos fora do termo municipal de Vigo de conformidade co establecido no proxecto das actividades.

**Terceiro.-** A recadación do prezo efectuarase na forma que determine a Tesourería municipal.

**Cuarto.-** Unha vez aprobado o programa, tramitar os procedementos administrativos necesarios para a execución deste.

**Quinto.-** Publicar no Portal de Transparencia municipal o presente acordo e o proxecto de actividades aos efectos de que as entidades empresarias interesadas no prazo de cinco días hábiles acheguen solicitude de colaboración nos termos previstos no artigo 25 da Lei 49/2002 de, 23 de decembro, conforme o modelo que se inclúe como anexo.

## <u>ACORDO</u>

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

| |
|---|
| INSTANCIA-FORMULARIO DE<br>SOLICITUDE DE COLABORACIÓN EMPRESARIAL PARA PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL: "PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO" DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2022. |

NOME DA ENTIDADE:
…...........................................................................................................................
CIF....................................ENDEREZO...........................................................................................
.....

Concello de Vigo

LOCALIDADE...................................................CÓDIGO POSTAL...............................................................

NOME DO REPRESENTANTE LEGAL DA ENTIDADE:........................................................................ NIF...................................TELÉFONO DE CONTACTO......................................................................... CORREO ELECTRÓNICO …......... …....…...........................................................................................

ACTIVIDADE/S OU PROGRAMA/S OBXECTO DE COLABORACIÓN:

- PROXECTO DE ACTIVIDADES DE SENSIBILIZACIÓN MEDIOAMBIENTAL: “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO” DENTRO DO PROGRAMA CAMIÑO A CAMIÑO 2022.

FORMA DE COLABORACIÓN:

- EN ESPECIE EXECUTANDO DIRECTAMENTE AS ACTIVIDADES: VALORACIÓN ECONÓMICA DA ACHEGA ........................................

En …......., a …...........de...............de 20....

Asdo.:

<u>PROPOSTA DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DE ACTIVIDADE “PERCORRIDOS MEDIOAMBIENTAIS DE OUTONO EN VIGO”</u>

<u>OUTUBRO-NOVEMBRO 2022</u>

## 1. DESCRICIÓN DO SERVIZO

Dende a Concellería de Medio Ambiente lévanse facendo actividades de sensibilización e educación medioambiental nos últimos anos no entorno de Vigo e bisbarra.

As actuacións realizadas sempre buscan, ademais de trasladar coñecementos básicos, percibir directamente estes coñecementos coa experiencia de camiñar e de realizar accións interpretativas sobre o terreo.

Nesta liña, esta concellería pretende continuar con rutas medioambientais o vindeiro outono de 2022 que fomenten a sensibilización da cidadanía polo medio ambiente.

O proxecto de actividades integrarase dentro da colaboración Concello de Vigo con entidades privadas no marco de convenios de colaboración que se tramitarán no servizo de Medio Ambiente.

## 2. ACTIVIDADES: DESCRIPCIÓN

Preséntase o seguinte cronograma de actividades:

| Data | Dia semana | Horario | Actividade: Paseo interpretativo | Usuarios | Autobus |
|---|---|---|---|---|---|
| 2 Out | Domingo | 8:30-13:30 | Senda das Greas I: Vigozoo – San Esteban de Negros (Redondela) | 150 | |
| 9 Out | Domingo | 8:30-13:30 | Senda das Greas III: Moscoso-Sequeiros (Pazos de Borbén) | 150 | |
| 16 Out | Domingo | 8:30-13:30 | Senda das Greas IV: Galleiro – As Regadas (Mos) | 150 | |
| 23 Out | Domingo | 8:30-13:30 | Senda das Greas V: O Confurco – O Pombal (O Porriño) | 150 | |
| 30 Out | Domingo | 8:30-13:30 | Senda das Greas VI: Pradp – San Antoniño (Gondomar) | 150 | |
| 6 Nov | Domingo | 8:30-13:30 | Senda das Greas VII: A Fraga (Gondomar) – Alto da Groba (Baiona) | 150 | |
| 13 Nov | Domingo | 8:30-13:30 | Senda das Greas VIII: Chan da Lagoa – Baiona | 150 | |

–**Programa dos percorridos interpretativos:**

–As actividades realizadas van dirixidas ao coñecemento do hábitat da área de influencia de Vigo, tanto nas súas dimensións de patrimonio natural como patrimonio cultural. O nome proposto para o programa é “**En outono, percorridos medioambientais pola Área Metropolitana de Vigo**”.

–Os contidos abordados durante os percorridos serán as temáticas propias do Sendeiro das Greas (GR-58) que se desenvolve polos concellos da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo. O trazado do GR-58 (Senda das Greas) comunica os concellos de Vigo, Redondela, Soutomaior, Fornelos de Montes, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Salceda de Caselas, Gondomar, Baiona e Nigrán, cun trazado de máis de 200 quilómetros:

SENDA DAS GREAS (GR-58): MAPA OFICIAL

Concello de Vigo




Trátase dunha mestura xeográfica única que combina as impresionantes atalaias das serras da Groba, O Galiñeiro e o Suído, ámbitos montesíos que configuran o reino do cabalo bravo. Tamén neste percorrido atópanse enclaves de especial interese como foxos de lobo, restos megalíticos, penedos graníticos como a base do castelo de Cans, paisaxes húmidas con bosques de ribeira a carón do río Oitavén, cantís na costa de Baiona, etc.

–**Público obxectivo:**

–Na actividade poderán participar persoas de todas as idades, particularmente adultos.

–O número previsto de participantes está en 150 persoas por percorrido.

–**Cronograma da actividade:**

–8:00 – 8:30 Convocatoria e saída dende a Praza do Rei

–8:30 – 9:30 Desprazamento ata o lugar de inicio do percorrido

–9:30 - 12:30/13:00 Percorrido programado

–12:30/13:00 -13:30/14:30 Retorno ata a Praza do Rei

–**Perfil do persoal** preciso para o desenvolvemento do proxecto:

- –Un Coordinador de Actividade, que proporcionan o detalle da execución das actividades e os contidos a presentar ao monitoraxe, así como a distribución de funcións e tarefas a realizar durante as actividades dirixidas a gran grupo e a xestión administrativa correspondente.
- –Percorridos: Cinco monitores de actividade medioambientais, socioculturais ou de tempo libre segundo a previsión descrita anteriormente nos percorridos.
- –Persoal de apoio para os percorridos con furgoneta en circulación.

–A organización da actividade, dinamización e comunicación desenvolverase a través dunha empresa especializada neste tipo de actividades.

–Para o desprazamento está previsto empregar o autobús urbano no termo municipal de Vigo e un autobús discrecional fóra do termo municipal.

–**A empresa de servizos que desenvolva as actividades proxectadas deberá realizar:**

- –Os seguros de responsabilidade civil.
- –A relación que haxa cos usuarios previa e posterior ás actividades, en coordinación con persoal do Concello de Vigo. Derivada destas actuacións recibirase información persoal para a súa tramitación e, asemade entregarase aos monitores a información que estes precisen para desenvolver as súas funcións.
- –A posta a disposición do material necesario para o desenvolvemento das actividades.
- –Aquelas outras obrigas de índole legal e organizativas que se deriven da organización da Campaña.

–**Tarefas xerais previstas**
–Organización e execución das actividades, incluído os recursos oportunos
–Xestión dos participantes sobre a base dos listados proporcionados pola Concellería de Medio Ambiente.
–Programación de cada actividade e elaboración dos guións de traballo e a documentación pertinente para a súa distribución entre o equipo e a correspondente preparación por parte do mesmo.

–Organización do equipo de traballo para cada actividade a partir da indicación do número de usuarios inscritos o venres previo a cada unha.
–Organización da saída dos usuarios dende o punto de encontro tanto de inicio de actividade como de retorno definido pola Concellería de Medio Ambiente.
–Información xeral aos usuarios durante o desenvolvemento da actividade, así como atención a necesidades que se produzan ao longo da mesma.
–Apoio telemático á Concellería de Medio Ambiente no proceso de inscrición e participación nas actividades.
–Acompañamento ao grupo de usuarios nos desprazamentos polos paseos, con especial atención aos tramos de circulación rodada ou de especial dificultade.

## 3. ACTIVIDADES: ORZAMENTO ESTIMADO

O orzamento estimado das actividades determínase en función dos prezos de mercado de empresas do sector, con referencia ás táboas salariais do Convenio de Ocio educativo e Animación sociocultural, tendo en consideración que as actividades se realizan en sábado e domingo, e en consideración ás tarefas que se deben desenvolver antes citadas:

Ademais das horas de realización efectiva da actividade polos monitores, estes deben percorrer a ruta nos días anteriores cun tempo estimado igual ao da actividade.

En consideración ao exposto, estímase o seguinte orzamento:

| Concepto e custes unitarios | Total Base | % IVE | Total IVE | TOTAL |
|---|---|---|---|---|
| **Monitorado e organización percorridos e actuacións** | **14.990,00** | **21%** | **3.147,90** | **18.137,90** |
| 7 programas de actuación, con preparación previa e atención público x 1.900 €/actuación | 13.300,00 | 21% | 2.793,00 | 16.093,00 |
| Organización do programa, incluída loxística de apoio necesaria | 1.690,00 | 21% | 354,90 | 2.044,90 |
| **Transporte discrecional**<br>**7 desprazamentos X 2 autobuses x 425 €/autobus** | **5.950,00** | **10%** | **595,00** | **6.545,00** |
| **CUSTE TOTAL** | **20.940,00** | | **3.742,90** | **24682,9** |

O presente orzamento, de máximos, é unha mera estimación e a posibilidade da súa execución virá determinada pola dispoñibilidade orzamentaria axeitada e suficiente cuxa

fiscalización, cando proceda, se levará a cabo nos correspondentes expedientes administrativos precisos para súa efectiva execución.

A estes efectos a Concellería de Medio Ambiente tramitará determinados procedementos administrativos: convenio de colaboración con entidades privadas que desenvolverá as actividades previstas, a excepción do transporte discrecional que será por conta da Administración municipal, co obxecto da execución deste proxecto de actividades.

A organización municipal non impide o seu financiamento de forma conxunta entre o Concello de Vigo e os participantes dos percorridos que se desenvolvan fóra do termo municipal, o que se xustifica nunha maior eficiencia e racionalidade dos recursos económicos, no fomento do interese e participación máis activa do desenvolvemento da actividade cara a protección do medio ambiente, habida conta do incremento do custe que supón o desprazamento fóra do termo municipal.

Neste sentido, para o desenvolvemento desta programación estase a contemplar os seguintes supostos:

O transporte discrecional é asumido de xeito parcial polos usuarios nas rutas que se desenvolvan fora de Vigo, de xeito que achegarán 4 euros, os menores de 12 anos achegará a metade, 2 euros. O resto do custe do transporte será por conta do Concello. Considérase axeitado atendendo á diversidade de idade dos participantes e asumible por rendas medias nas que se sitúan habitualmente os participantes.

| **Concepto e ingresos unitarios estimados** | **Número usuarios** | **Prezo por usuario/ruta** | **TOTAL** |
|---|---|---|---|
| Ingreso de sete percorridos ó carón de Vigo: senda das Greas | 140 adultos e 10 nenos por cada percorrido. | 4 euros adulto e 2 euros neno por percorrido | 4.060 |
| **INGRESO TOTAL** | | | **4.060,00€** |

## 4. DESTINATARIOS E PROCESO DE INSCRICIÓN

Cara determinar os destinatarios da actividade establécense os seguintes criterios:

- Persoas maiores de idade veciños de Vigo (autorízase á organización a comprobar tal condición e a solicitar o DNI previamente á realización da actividade).

- No caso de residir en Vigo e non ser veciños incluirase na lista de agarda, confirmándose a praza no caso de vacantes ao final do proceso de inscrición.

- Menores de idade. Deberán ir acompañados polos seus pais ou titores legais. No caso de ir a cargo doutro adulto distinto deberá presentar un documento de autorización.

- Inscrición no Servizo 010 (986 810 260) de luns a mércores de 8 a 20 horas,  os xoves de 8 a 14 horas e WEB municipal no caso de actividades con prezo. Unha vez confirmada a praza, o prezo aboarase por autoliquidación a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Tamén, poderá obter o impreso de autoliquidación no Servizo de Medio Ambiente para o posterior pago na entidade bancaria. A data límite de pago e ata a finalización do proceso de inscripción.

- Datos mínimos de inscrición: nome completo, DNI (no caso de menores, DNI do titor), teléfono de contacto, data de nacemento.

- Opcionais: e-mail.

- Cada persoa só poderá inscribir a un total de 3 persoas, sendo necesario dispor de todos os datos esixidos.

- A inscrición faise por estrito orde de entrada da chamada, que quedará debidamente rexistrada no sistema informático do Servizo 010 ou na Web.

- No caso de cubrirse o cupo da ruta ou de non ser veciño de Vigo, pasarase á lista de agarda.

- As renuncias cubriranse coa lista de agarda, tendo preferencia os veciños de Vigo.

## 5. PUBLICIDADE

O programa da actividade publicarase na Web municipal, sen prexuízo doutros canles de difusión.

## 6.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos das solicitantes e os dos seus representantes serán incorporados aos ficheiros municipais. A finalidade da súa recollida é co obxecto da realización da actividade na que se inscribe o/a participante.

Estes datos incorporaranse ás correspondentes actividades de tratamento do Concello de Vigo e serán tratados coa finalidade específica de cada tratamento de conformidade coa regulación establecida polo Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo, L.O. 3/2018, de 5 do decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais disposición de aplicación. As persoas cuxos datos persoais sexan tratados polo Concello de Vigo poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como a opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na lexislación vixente sobre a materia, perante o órgano responsable do ficheiro. No caso de descoñecer este órgano, dirixirase ao correo dpd.vigo@vigo.org

**7(704).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA "MONTE DA MINA" DE CASTRELOS, PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE E PARA A COORDINACIÓN DA XESTIÓN DUN VIVEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS. EXPTE. 10664/320.**

Visto o informe de fiscalización do 08/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (Resolución 11/04/2022), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 01/04/2022, D. Juan Freiría Barros (DNI: 3596*****), en calidade de presidente da A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos (CIF: G-36623593), achegou escrito doc.220066536, que xunto coas achegas posteriores de datas 01/04/2022 doc. 220066539, 01/04/2022 doc. 220066541 e 12/07/2022 doc. 220174650, solicitando a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2021-2022, a realizar entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Juan Freiría Barros, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. A A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

  - Certificado da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 31/03/2022
  - Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 04/07/2022.
  - Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 06/07/2022.
  - Certificado do Concello de Vigo, de data 07/07/2022.

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).

2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos. Non achega oposición expresa á consulta por parte do Concello de Vigo (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2021 a 30 de Setembro 2022)** | |
|---|---|
| Imposto Bens Inmobles | 12.550,00 € |
| Parte proporcional de luz | 2.350,00 € |
| Parte proporcional de auga | 150,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 350,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 1.600,00 € |
| **TOTAL** | **17.000,00 €** |

| **ORZAMENTO DE INGRESOS (01/10/2021 - 30/09/2022)** | |
|---|---|
| Axuda Concello Viveiro de Asociacións | 17.000,00 € |
| **TOTAL** | **17.000,00 €** |

8. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

9. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

a) Fundamentación, obxectivos e metas
b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
c) Lugar de realización
d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
e) Recursos humanos e materiais
f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, está inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 6/87, segundo resolución da Alcaldía de data 09/03/1987.

V. O vixente exercicio presupostario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

VI. En data 20/06/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 07/07/2022 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. Por ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (instrución do concelleiro de Participación Cidadá de data 14/06/2022), a Técnica de Xestión, asina a memoria xustificativa e a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina o texto do convenio que se propón para aprobación

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos para o fomento das actividades programadas a realizar pola entidade entre o 1 de outubro 2021 e o 30 de setembro de 2022, mediante a contribución nos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento daquelas, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos.

Segundo recolle o art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir*.
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*

- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

***II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES***

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593), en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10664/320.

***III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA***

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, dacordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coa demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

## *IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA*

No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

Dacordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e frónte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

## *V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO*

O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4890009 "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", cunha dotación orzamentaria de 17.000,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á *A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos* son gastos destinados ao mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programadas para o ano 2021-2022, a realizar entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

***VI. ANTICIPO***

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos

anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados
insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

***VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA***

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2022.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicítase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electrónicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

***VIII. PUBLICIDADE***

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

***IX. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con carácter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

***X. RÉXIME DE RECURSOS***

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) da Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art.

46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.** - **AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 17.000,00 € (dezasete mil euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4890009 denominada "*Convenio A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*", incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "*A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos*" (CIF.- G36623593), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas e a realizar pola entidade entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento e para a coordinación e xestión pola entidade do viveiro de asociacións nas súas instalacións, e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 17.000 € (dezasete mil euros).

**TERCEIRO.-** E competente para a sinatura do convenio o concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luís Estévez Rodríguez por delegación expresa do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**<u>ACORDO</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

<u>CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A *ASOCIACIÓN VECIÑAL CULTURAL E DEPORTIVA “MONTE DA MINA” DE CASTRELOS* PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE MANTEMENTO DA ENTIDADE NECESARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS SÚAS ACTIVIDADES ENTRE OS MESES DE OUTUBRO 2021 A SETEMBRO DE 2022, ASÍ COMO, PARA A COORDINACIÓN E XESTIÓN DUN VIVIEIRO DE ASOCIACIÓNS NAS SÚAS INSTALACIÓNS</u>

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Juan Freiría Barros, con DNI 3596*****, en calidade de Presidente da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos (CIF.- G-36623593) con domicilio social en Monte da Mina, 16 Castrelos-Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expediente núm. 10664/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, Texto refundido en materia de Réxime Local, RD 2568/1986 de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades

reivindicativas, veciñais, festivas, culturais, educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis
do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e

cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario que redundan no beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, a través da área de Participación Cidadá, recibe múltiples solicitudes de diversas asociacións municipais inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións para ser dotadas dun espazo físico onde desenvolver as súas xuntanzas, reunións e actividades.

Para levar adiante o compromiso de apoio ao tecido asociativo, o Concello de Vigo, ten necesidade de infraestruturas básicas que fagan posible a instalación de Viveiros de Asociacións, polo que se avalía moi positivamente a colaboración que presta a A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos ao ceder parte das instalacións do seu local social para o uso de outras asociacións.

Na vontade de afondar nas súas relacións o Concello de Vigo e a A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos, mediante este convenio, establecen as canles de colaboración para coordinar e xestionar o Viveiro de Asociacións creado nas instalacións da A.V.C.D. “Monte da Mina”, así como, as accións encamiñadas ao fomento das actividades da propia asociación que redundan en beneficio de toda a veciñanza.

III.- Que a entidade A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos, de conformidade co art. 3 dos seus Estatutos, asume entre os seus obxectivos, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- *A consecución dos medios materiais, sociais, culturais e deportivos que fagan da nosa parroquia un lugar digno onde vivir e convivir*.
- *A reivindicación constante dunha maior participación cidadá nas cuestións públicas.*
- *A mellora da calidade de vida e a existencia dunha mellor participación da veciñanza en tódalas decisións que lle atinxa.*
- *A desaparición dos desequilibrios entre barrios.*
- *A defensa permanente dos dereitos da terceira idade, dos nenos/as e de todas aquelas persoas especialmente marxinadas e asoballadas, na procura de que na nosa parroquia haxa lugares onde se poida xogar, educar, xuntar e convivir.*
- *A defensa dos dereitos das mulleres e dos homes, dentro e fora da asociación, e a denuncia dos malos tratos.*
- *A defensa do idioma galego, que será utilizado a nivel oficial pola asociación.*
- *A defensa da calidade da veciñanza en todos os seus eidos (alimentos, auga, aire libre, colexios, vivendas, sanidade pública, cultura, deporte, etc...)*

IV.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 09/03/87, a Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 6/87.

V.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* leve a cabo as actividades sociocomunitarias e socioculturais planificadas e a realizar entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, segundo memoria achegada, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións, creado no ano 2005 mediante convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a referida entidade, nas súas instalacións, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos de mantemento necesarios para o seu desenvolvemento.

VI.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nº 9240.4890009, denominada "*Convenio Asociación Monte da Mina*", nominativa a favor da entidade, cunha consignación orzamentaria de 17.000 €.

VII.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é contribuír aos gastos de mantemento da asociación necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidades entre o 1 de outubro de 2021 a 30 de setembro de 2022, así como, a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas súas instalacións, cuxa contía total, na parte proporcional, segundo orzamento de gastos achegado, é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTOS DE MANTEMENTO (1 de Outubro 2021 a 30 de Setembro 2022)** | |
|---|---|
| Imposto Bens Inmobles | 12.550,00 € |
| Parte proporcional de luz | 2.350,00 € |
| Parte proporcional de auga | 150,00 € |
| Parte proporcional de teléfono | 350,00 € |
| Parte proporcional de seguro | 1.600,00 € |
| **TOTAL** | **17.000,00 €** |

VIII.- Que a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos* non incorre en ningunha circunstancia e prohibición recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local,
e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

IX.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, público e económico que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos*, o Concello de Vigo e

a devandita asociación conveñen a súa colaboración, nos ámbitos sociocomunitario e sociocultural, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

**PACTOS**

**Primeiro**.- A entidade A.V.C.D. "Monte da Mina" de Castrelos comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo para garantir a continuidade do Viveiro de Asociacións instalado nas dependencias do seu local social, e concretamente:

1. A por a disposición do Concello de Vigo os espazos que deseguido se relacionan:

**Planta 1ª**

| Local | Medidas | Superficie |
|---|---|---|
| Sala de lecturas | 14, 60 x 7,40 | 108,04 $m^2$ |
| Sala de xuntas | 5,45 x 5,80 | 31,61 $m^2$ |

**Primeiro soto**

| Local | Medidas | Superficie |
|---|---|---|
| Núm. 1 | 9,60 x 5,60 | 53,76 $m^2$ |
| Núm. 2 | 2,20 x 5,60 | 12,32 $m^2$ |
| Núm. 3 | 6,00 x 8,10 | 48,60 $m^2$ |
| Núm. 4 | 2,90 x 6,38 | 18,49 $m^2$ |
| Núm. 5 | 6,00 x 6,65 | 39,90 $m^2$ |
| Núm. 6 | 9,00 x 3,60 | 32,40 $m^2$ |
| Núm. 7 | 6,10 x 5,40 | 32,94 $m^2$ |
| Núm. 11 | 5,35 x 4,30 | 22,90 $m^2$ |

A utilización dos locais do primeiro soto, farase en réxime de exclusividade por aquelas asociacións beneficiarias da súa cesión en uso conforme aos criterios de selección establecidos polo Concello de Vigo, mentres que a utilización da Sala de Lectura e Xuntas da primeira planta estará en réxime compartido, previa solicitude das asociacións integradas no Viveiro de Asociacións.

2. Xestionar as autorizacións necesarias para a cesión en uso dos espazos comúns.

3. Xestionar o cobro da cota de participación nos gastos de mantemento das instalacións, xa que, os gastos ocasionados polo seu uso serán asumidos polas asociacións integradas no Viveiro de Asociacións. A porcentaxe de participación de cada unha delas será establecida pola Comisión de Seguimento.

4. Desenvolver as actividades programadas pola entidade para os meses de outubro 2021 a setembro de 2022, conforme ao proxecto achegado.

5. Participará de forma activa na Comisión de Seguimento prevista neste Convenio.

6. Asumir a programación, organización e xestión das diferentes actividades que desenvolven cun carácter estable ao longo do ano.

7. Dispor dos permisos e autorizacións necesarias para o desenvolvemento das actividades.

8. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades programadas.

9. Comunicarlle ao Concello a obtención doutro financiamento que para a mesma finalidade proceda doutra entidade pública ou privada.

10. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade posible, respectando en todo momento a imaxe corporativa do Concello de Vigo.

11. Contratar un seguro de responsabilidade civil xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

12. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa e económica, nos termos sinalados no pacto noveno deste convenio.

13. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a sua lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

***Segundo***.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Establecer os mecanismos de selección das entidades beneficiarias da cesión en uso dos locais postos a disposición do Concello de Vigo por parte da A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos.

2. Conceder directamente á entidade Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos unha subvención por importe de 17.000 € (dezasete mil euros), con cargo a partida orzamentaria nominativa nº 9240. 4890009, denominada “*Convenio Asociación Monte da Mina*”, do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar ao financiamento gastos de mantemento da asociación, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade programados e a realizar entre o 1 de outubro 2021 e o 30 de setembro de 2022, así como, para a coordinación e xestión do viveiro de asociacións nas

súas instalacións, en definitiva, para o fomento das súas actividades, do asociacionismo e da participación cidadá.

Considéranse gastos correntes de funcionamento e mantemento da entidade aqueles que permitan o seu normal desenvolvemento, tales como: gastos de administración, mantemento das instalacións, subministros (teléfono, auga, luz,...), tributos aboados efectivamente polo beneficiario da subvención, etc...

3. Respectar a estrutura organizativa da Asociación Veciñal, Cultural e Deportiva "Monte da Mina" de Castrelos.

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto noveno, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

***Terceiro***.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

***Cuarto***.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse

no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

***Quinto***.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

***Sexto***.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvenció pública, sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

***Sétimo***.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade, un cartel publicitario, anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2021 ao 30/09/2022.

***Oitavo***.- Para o seguimento do convenio, aplicación do mesmo e resolución das dificultades que poidan xurdir no desenvolvemento do mesmo, constitúese unha Comisión de seguimento integrada por:

1. Representantes do Concello de Vigo:
    - O concelleiro de Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, que ostentará a Presidencia.
    - O/A xefe/a do servizo de Participación Cidadá.

2. Representantes do A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos:
    - Presidente da asociación.
    - Secretario da asociación que actuará como secretario da comisión.

3. Viveiro de Asociacións:
    - Un representante de cada unha das asociacións participantes.

***Noveno*.-** O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola *A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2022 .**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego **do trámite en liña** para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención outorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require **identificación e sinatura electrónica,** por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A Conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinadas electrónicamente, xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1. Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2. Datas e lugar de celebración.

3. Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4. Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso, horas de formación.
5. Actuacións realizadas.
6. Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.

7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública da colaboración municipal no financiamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun "x" diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dun balance que abarque a totalidade do gasto **ou** por unha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade, indicando a contía do seu custe total.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente,** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria. Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:**

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención

- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento
- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando a correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presenten se aplicaron á actividade subvencionada.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente
retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente (artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) No caso de solicitude de anticipo, declaración responsable de non estar incursa en ningunha das prohibicións o situacións do art. 31.6 LSG.

i) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente

subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

***Décimo.-*** A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES40 2080 5073 0930 4000 2195 (ABANCA).

***Décimo primeiro***.- Para facilitar a administración do convenio poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e a necesidades financeira dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado, tal e como se establece na cláusula novena deste convenio.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

De conformidade co art. 42 e ss. Do RD 887/06, neste caso, óptase por non esixir ningún tipo de garantía á entidade beneficiaria, xa que se ten en conta tanto o carácter social da actividade subvencionada, como a traxectoria das anteriores colaboracións coa A.V.C.D. “Monte da Mina” de Castrelos.

***Décimo segundo***- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 01/10/2021 e o 30/09/2022.

***Décimo terceiro***.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos de Participación Cidadá e Festas. A xefa do servizo de Participación Cidadá emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

***Décimo cuarto***.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

***Décimo quinto***.- Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

***Décimo sexto***.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas  para o exercicio da potestade sancionadora.

***Décimo sétimo***.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

***Décimo oitavo***.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño,

polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***Décimo noveno***.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

***Vixésimo***.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**8(705).- PROXECTO DE CONVENIO COA ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD" PARA AXUDAR AO FINANACIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE. EXPRTE. 10702/320.**

Visto o informe de fiscalización do 08/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 29/07/2022, asinado pola xefa do Servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento local (Resolución 11/04/2022), o concelleiro-delegado de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

I. Con data de entrada no Rexistro Xeral do Concello de Vigo o 17/03/2022, Don Iván Suárez Fernández (DNI: 5317*****), en calidade de presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), achegou escritos documentos nº 220056249 e nº 220056260, que xunto coas achegas posteriores de data 06/07/2022 doc. 220168943, solicita a celebración dun convenio de colaboración co Concello de Vigo, para darlle continuidade a oferta de actividades programadas pola entidade para o 2022, entre os meses de outubro de 2021 a setembro 2022, mediante unha axuda económica no financiamento dos gastos de aluguer do local social.

II. Segundo a documentación presentada, será o presidente, Don Iván Suárez Fernández, a persoa responsable de representar á asociación perante calquera organismo público ou privado, polo tanto para a sinatura do convenio.

III. "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", seguindo o disposto no art. 14 da LXS e Base 38ª.9 das Bases de Execución do Orzamento, acredita, documentalmente, o cumprimento dos requisitos necesarios para acadar a condición de beneficiaria, a saber:

- Documentación acreditativa de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, vixentes de conformidade co art. 23.3 do RLXS:

  • Xustificante de obtención telemática de datos da Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT), de data 06/07/2022
  • Certificado da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de data 04/07/2022
  • Xustificante de obtención telemática de datos da Seguridade Social, de data 06/07/2022
  • Certificado do Concello de Vigo, de data 07/07/22

Así mesmo, a entidade interesada achega, a seguinte documentación:

1. Solicitude convenio de colaboración (anexo I).

2. Datos do representante legal (anexo II).

3. Declaración responsable do presidente da entidade, de non incorrer en ningunha das prohibicións e circunstancias dos artigos 13 e 34 da LXS e artigos 10 e 31.6 da Lei de Subvencións de Galicia (anexo III).

4. Declaración de outras axudas solicitadas ou concedidas para o mesmo proxecto (anexo IV).

5. Consulta de verificación de datos (anexo V).

6. Datos da entidade bancaria (anexo VI).

7. Orzamento equilibrado (anexo VII) que serve de base para o outorgamento da subvención é o que se reflicte a seguir:

| **ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2021 a setembro 2022)** | |
|---|---|
| Aluguer local | 3.600,00 € |
| **TOTAL** | **3.600,00 €** |

| **INGRESOS DA ENTIDADE (outubro 2021 a setembro 2022)** | |
|---|---|
| Subvención Concello | 3.600,00 € |
| **TOTAL** | **3.600,00 €** |

8. Contrato de aluguer.

9. Copia da póliza do seguro de responsabilidade civil e xustificante bancario acreditativo da súa vixencia.

10. Información explicativa do desenvolvemento do programa de actividades propostas para a súa inclusión nas cláusulas do convenio, que inclúa entre outros:

a) Fundamentación, obxectivos e metas
b) Descrición da actividade, datas de inicio e finalización
c) Lugar de realización
d) Medios de difusión, información e publicidade (incluído o patrocinio da Concellaría)
e) Recursos humanos e materiais
f) Sistemas de avaliación, etc.

Coa achega desta documentación, a asociación cumpre, así mesmo, co disposto no art. 8 do Regulamento de Participación Cidadá, aprobado por acordo plenario de 26/03/92, modificado por acordo de data 31/03/93.

IV. Polo que se refire á beneficiaria, consultado o arquivo do servizo de Participación Cidadá, a "Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", figura inscrita no Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) co nº 1216/14, segundo resolución da Alcaldía de data 16/05/2014.

V. O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 "*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*", cunha dotación de 3.600,00 €.

VI. En data 04/07/2022 o concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, asinou a orde de inicio de expediente para tramitar o presente convenio.

VII. A petición do servizo de Participación Cidadá, expídese certificación de data 07/07/2022 do tesoureiro municipal , acreditativa de que a beneficiaria non ten débedas de dereito público, na vía de constrinximento, pendente de pagamento, no Concello de Vigo.

VIII. Por ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, (instrución do concelleiro de Participación Cidadá de data 14/06/2022), a Técnica de Xestión, asina a memoria xustificativa e a xefa de Participación Cidadá e Desenvolvemento Local asina o texto do convenio que se propón para aprobación.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO**

***I. OBXECTO***

O obxecto do presente expediente é a concesión dunha subvención nominativa á ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD (G36801876), que se instrumentaliza a través dun convenio cuxo texto consta no expediente e que se propón para aprobación, para subvencionar os gastos de aluguer do local social, necesarios para levar a cabo a organización e desenvolvemento das actividades programadas pola asociación dende outubro de 2021 ata setembro de 2022.

O Concello de Vigo, coa finalidade de afondar na colaboración co tecido asociativo da cidade, establece esta canle de cooperación coa "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad".

Segundo recolle o art. 10 dos Estatutos da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenvolver proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión ou partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.
- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

Atendendo aos principios básicos, o Concello de Vigo comprométese, non só a garantir a participación, senón tamén a promovela activamente.

Desta vontade común entre o Concello e a Asociación nace o acordo que se plasma no convenio obxecto do presente expediente, no que se reflictan as condicións, pactos, obrigacións e compromisos asumidos polas partes.

### *II. SUXEITOS QUE ASINAN O CONVENIO E CAPACIDADE XURÍDICA CON QUE ACTÚA CADA UNHA DAS PARTES*

Dunha parte, asinará o presente convenio a Alcaldía-Presidencia, ao abeiro do art. 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), que lle atribúe a máxima representación do municipio, correspondéndolle, en caso de ser necesaria a súa substitución, ao concelleiro delegado de Participación Cidadá e Festas, Pablo Luis Estévez Rodríguez (segundo Decreto da Alcaldía de delegación de competencias do 17/08/2020).

Doutra parte, asinará o convenio Don Iván Suárez Fernández, con DNI 5317*****, en calidade de Presidente da “Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad” (CIF: G36801876), con domicilio social na Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta da certificación incorporada ao expte. 10702/320.

### *III. COMPETENCIA ADMINISTRATIVA NA QUE SE FUNDAMENTA A ACTUACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA*

Os artigos 23 do Decreto do 17 de xuño de 1955 polo que se aproba o Regulamento de servizos das Corporacións Locais (RSCL) e 294 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, dispoñen que as Corporacións Locais poderán conceder

subvencións e axudas de contido económico a entidades, organismos ou particulares cuxos servizos ou actividades complementen ou substitúan á competencia local.

Un dos principais obxectivos da Lei 27/2013 é clarificar as competencias municipais para evitar duplicidades coas competencias de outras Administracións, de forma que se faga efectivo o principio “unha Administración unha competencia”. Polo que as Entidades Locais non deben volver asumir competencias que non lles atribúe a Lei e para as que non conten co financiamento adecuado.

Con fundamento na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, xustifícase a competencia administrativa para a tramitación do presente expediente segundo o disposto no seu artigo 3.3.b), que non considera, entre outras, como exercicio de novas competencias, a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, tal
e como se veñen desenvolvendo no servizo.

En cumprimento do esquema formal contemplado no apartado cuarto da base 40 das de execución do orzamento, de acordo co previsto no artigo 199 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia e artigo 50 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do

sector público, o convenio vai acompañado dunha memoria xustificativa na que figuran os antecedentes, razóns de oportunidade e obxectivos perseguidos coa súa formalización.

O interese xeral, a competencia administrativa e a conveniencia na concertación do convenio, recóllense na Memoria xustificativa do convenio, documento obrigado segundo sinala o art. 50 da Lei 40/2015 e o art. 199 LALG, na que consta xustificada a necesidade e oportunidade da subscrición do convenio, o seu impacto económico, o carácter non contractual da actividade en cuestión, e o cumprimento do previsto na lei.

Os pactos que o convenio incorpora estímanse conformes ao interese público que este persegue e ao ordenamento xurídico e suficientes, coas demais documentación do expediente, ao fin pretendido así coma ao esquema formal referido.

***IV. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DIRECTA***

o No caso excepcional de concesión directa segundo o previsto no artigo 22.2.a) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), no art. 19.4.a) da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia (LSG) e na Base 38.4.2 das de Execución dos vixentes Orzamentos xerais do Concello de Vigo, o acto de concesión ou o convenio terá o carácter de bases reguladoras da concesión.

De acordo co disposto nos artigos 28.1 da LXS e 26.1 da LSG, o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente.

Segundo resultou acreditado mediante as declaracións responsables e os anexos achegados ao expediente, a entidade non está incursa en prohibición para ser beneficiaria

das subvencións, áchase ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á AEAT, a Axencia Tributaria de Galicia e a Seguridade Social e non ten débedas pendentes con este Concello de Vigo.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 1 de outubro de 2021 e o 30 de setembro de 2022, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

***V. CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO***

O vixente exercicio orzamentario (2022) que foi aprobado polo Pleno xeral, en sesión ordinaria do 22/12/2021, inclúe expresamente a partida 9240 4800003 "*Convenio Asociación* de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad", cunha dotación orzamentaria de 3.600,00 €.

Non procede incorporar cláusula expresa no convenio referida a inexistencia de relación laboral porque os gastos subvencionables obxecto da subvención que se pretende conceder á "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" son gastos de aluguer e mantemento do local social.

Esta subvención será compatible con calquera outra subvención ou axuda para a mesma finalidade procedente de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada ós fondos recibidos.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións non poderá superar o da actividade subvencionada; caso no que se procederá na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións.

Xa que logo, con carácter previo á aprobación do presente acordo pola Xunta de Goberno Local, deberá emitir informe a Intervención Xeral do Concello sobre a existencia de crédito axeitado e suficiente, para atender ás obrigas de contido económico que derivan da concesión do mesmo.

Se o custo total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reducisen na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

A beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a actividade subvencionada.

*VI. ANTICIPO*

Atendendo ao disposto nas Bases de execución do presuposto, poderase tramitar un pago anticipado de ata o 50% da axuda outorgada polo Concello, que suporá a entrega de fondos con carácter previo á xustificación, como financiamento necesario para levar a cabo as actividades obxecto do presente convenio, previa petición da entidade, na que xustifique o destino dos fondos solicitados e as necesidades financeiras dos mesmos. O 50% restante aboarase logo da xustificación da totalidade do programa conveniado.

O citado precepto, na redacción dada ao mesmo pola Lei 12/2014, de 22 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, dispón que, en ningún caso poderán realizarse pagos anticipados a beneficiarios cando tivesen solicitado a declaración de concurso, fosen declarados insolventes en calquera procedemento ou se encontren declarados en concurso, estean suxeitos a intervención xudicial, ou sexan inhabilitados conforme a Lei 22/2003, de 9 de xullo, concursal, sen que concluíse o período de inhabilitación previsto na sentenza de cualificación do concurso.

A tal efecto e coa finalidade de cumprir co establecido no artigo 34.4 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, a entidade presentará declaración xurada de non atoparse en ningunha das situacións establecidas nos artigos anteriormente referendados e, conforme ao artigo 31.6 da Lei 9/2007 de Subvencións de Galicia de 13 de xuño.

*VII. PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN MEDIANTE TRAMITACIÓN ELECTRÓNICA*

En cumprimento do disposto no artigo 65.3.e) da LXS, e de conformidade coas Bases de execución do Orzamento, no apartado 38ª.4.2, o convenio inclúe a regulación do prazo e forma de xustificación polo beneficiario.

O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022), sendo gastos subvencionables aqueles que se realicen entre o 01/10/21 e o 30/09/22, sempre e cando, segundo o art. 31 da LXS, de maneira indubidable respondan á natureza do proxecto subvencionado.

A súa sinatura levará consigo a aprobación do compromiso do gasto correspondente, de acordo có art. 31.3 da LSG.

Conforme ao establecido nos artigos 34.2 da LXS e 31.5 da LSG o pagamento da subvención realizarase previa a xustificación polo beneficiario da realización da actividade, proxecto, obxectivo ou adopción do comportamento para o que se concedeu.

O prazo máximo para achegar esta xustificación remata o **30 de setembro de 2022.**

A xustificación revestirá a forma de conta xustificativa final que, segundo o art. 30 da LXS, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se debe incluír, baixo responsabilidade

do declarante, os xustificantes de gasto ou documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxecto da subvención.

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego, do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral (Tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/s solicitude/s para concorrer ao procedemento.

Explicitase no convenio a documentación esixida e a necesidade de asinar electronicamente a documentación indicada, antes da súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

### *VIII. PUBLICIDADE*

O presente convenio quedará sometido ás normas de transparencia que regula a Lei 19/2013, do 9 de decembro, tendo que ser incorporadas ao Portal de transparencia e deberá rexistrarse na BDNS no momento da concesión do convenio, que opera como sistema nacional de publicidade das subvencións conforme establece a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Por outra banda, de conformidade co artigo 18.3.a) da LXS, non será necesaria a publicación da concesión desta subvención no diario oficial da administración competente, por tratarse dunha

subvención pública con asignación nominativa no orzamento.

### *IX. ÓRGANO COMPETENTE*

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar o convenio e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con cáracter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

### X. RÉXIME DE RECURSOS

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, de Procedemento Administrativo Común das Administración Públicas, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fose expreso ou, se non o fose, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Por todo o anteriormente exposto, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 18/06/2019, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**

**PRIMEIRO.- AUTORIZAR** e **DISPOR** o gasto por importe de 3.600,00 € (tres mil seiscentos euros), con cargo á partida orzamentaria nº 9240.4800003 denominada "*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad* ", incluída no vixente orzamento municipal de 2022.

**SEGUNDO.** - **APROBAR** o texto do Convenio de colaboración entre o Concello de Vigo e a "Asociación de de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), cuxo obxecto é o fomento das actividades programadas pola entidade a realizar entre os meses de outubro de 2021 e setembro de 2022, mediante a colaboración do Concello no financiamento dos gastos de aluguer necesario para o seu desenvolvemento e, en consecuencia, coa sinatura do mesmo, **CONCEDER** á referida entidade, unha subvención de 3.600,00 € (tres mil seiscentos euros).

**TERCEIRO.-** Facultar ao concelleiro de Participación Cidadá e Festas D. Pablo Luis Estévez Rodríguez para asinar o citado convenio, de ser precisa a substitución do Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vigo.

**CUARTO.-** Rexistrar os datos estruturados do convenio aprobado, para a súa publicación na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), e publicar o mesmo no portal de transparencia do Concello de Vigo, conforme o artigo 20 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e artigo 15 da Lei de Lei 9/2007, do 13 de xuño, subvencións de Galicia.

Contra o presente acordo poderán interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte á recepción da notificación do acordo, de conformidade cos art. 123 e 124 da Lei 39/2015, de LPAC e 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o primeiro ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo máximo dun mes establecido para ditar e notificar a resolución.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE VIGO E A "ASOCIACIÓN DE JÓVENES EMPRESARIOS DE VIGO Y MANCOMUNIDAD" PARA AXUDAR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DE ALUGUER DO SEU LOCAL SOCIAL NECESARIO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTIVIDADES DA ENTIDADE

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Pablo Luis Estévez Rodríguez na súa calidade de Concelleiro Delegado da Área de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo (CIF : P-3605700-H), con enderezo en Praza do Rei s/n de Vigo.

Doutra parte, D. Iván Suárez Fernández, con DNI 5317*****, en calidade de Presidente da "Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad" (CIF: G36801876), con domicilio social Rúa Marqués de Valladares 21 oficina 5-6, de Vigo, en nome e representación da mesma, segundo resulta dos datos incorporados ao expte. 10702/320.

E, actuando dona Susana Gallardo Fariña, en calidade de secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo, dando fe do acto.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e tendo os comparecentes a capacidade legal necesaria para o outorgamento do presente convenio,

**MANIFESTAN**

I.- Conforme ao previsto pola lexislación vixente, Lei 7/1985, de 2 abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, RD 2568/1986, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o Concello de Vigo recoñécelle á cidadanía os dereitos fundamentais a participar directamente na actividade da

administración municipal e a autoorganizarse a través de asociacións e ser apoiada nos devanditos procesos.

Atendendo a estes principios básicos, o Concello de Vigo comprométese non só a garantir a participación senón tamén a promovela activamente.

A tal fin, o Concello de Vigo recoñece a existencia na cidade de agrupacións, federacións, asociacións, fundacións, colectivos e outras entidades representativas tanto no ámbito territorial como sectorial. Todas elas, pola súa implantación e participación en múltiples actividades reivindicativas, veciñais, sociais, culturais, artísticas educativas, sanitarias, etc. inflúen entre a poboación, detectando, propoñendo e colaborando na solución da problemática social e urbana, e na dinamización da vida cidadá e mellora da calidade de vida. Constitúen, daquela, un elemento máis do proxecto de vertebración da sociedade civil, no real achegamento da xestión dos intereses públicos a aqueles ós que van dirixidos, que non son outros que os cidadáns e cidadás desta cidade de Vigo. Dentro das medidas de fomento e apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de colaborar coas entidades máis significativas no desenvolvemento dunha serie de accións de carácter sociocomunitario e socioeducativas que redundan en beneficio da cidadanía.

II.- Que o Concello de Vigo, recoñécelle á cidadanía o dereito constitucional a fundar asociacións destinadas a apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, atendendo as súas consultas e canalizar as súas inquietudes mediante asesoramento e información para constituír unha empresa, orientación, oferta..., en definitiva, representar e defender os intereses dos empresarios de Vigo e Mancomunidade.

III.- Que o Concello de Vigo, dentro das medidas de fomento de emprego, integración e orientación laboral e de defensa do dereito fundamental ao traballo, no marco do Estado social e Democrático de Dereito, medidas que se complementan co apoio ao asociacionismo, asume a tarefa de proporcionar colaboración as organizacións sen ánimo de lucro orientadas a organización de actividades e servizos, informativos e formativos ou de integración, así como, a promoción e organización de accións encamiñadas á representación e defensa dos dereitos dos mozos e mozas emprendedores e empresarios vigueses.

IV.- Que a entidade *"Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad"*, de conformidade co art. 10 dos Estatutos, asume, entre os seus fins e tarefas, todos eles de interese para a cidadanía viguesa, os seguintes:

- Promover vocacións empresariais.
- Representar, xestionar e defender os intereses profesionais dos seus membros.
- Estudar, apoiar e desenrolar proxectos concretos presentados polos seus socios.
- Servir de órgano de unión e coordinación entre os seus membros, fomentando o espírito de solidariedade entre os mesmos.
- Atender as necesidades de información, formación, asesoramento, investigación e perfeccionamento dos seus membros, estudando e divulgando cantos temas poidan afectar a este colectivo social e a os seus afiliados.
- Actuar en apoio a defensa da empresa galega, con independencia da Administración Pública e calquera grupo de presión o partido político.
- Fomentar e apoiar o sistema de libre iniciativa e a economía de mercado.

- Cooperar coas diferentes organizacións sociais en orden a conseguir un crecemento estable e un adecuado nivel de calidade de vida dentro do entorno de paz social necesaria.
- Promover a creación de emprego.

V.- De conformidade co Regulamento de Participación Cidadá (acordo plenario do 26/03/92, modificado por acordo do 31/03/93), segundo Decreto de Alcaldía de data 16/05/97, a "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" atópase inscrita no Rexistro Municipal de entidades sen ánimo de lucro do Concello de Vigo co número 1216/14 no epígrafe 5.2.

VI.- Na vontade de afondar nas súas relacións, o Concello de Vigo establece as canles de participación necesarias para que a entidade "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" leve a cabo os proxectos e actividades planificadas para o 2022, segundo memoria achegada, que constitúen o obxecto do presente convenio e o seu fin social, axudando economicamente ao financiamento dos gastos aluguer do seu local social, necesarios para o seu desenvolvemento.

VII.- Que o Concello de Vigo prevé, no seu vixente orzamento municipal, a partida orzamentaria nominativa nº 9240.4800003, denominada "*Convenio Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" nominativa a favor da entidade, cunha asignación presupostaria de 3.600,00 €.

VIII.- As actividades programadas pola *"Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad"* para o 2022, que fundamentan a concesión da subvención para o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, o son, con carácter xeral, segundo proxecto incorporado ao expediente:

1. Vitaminas formativas
2. Aula de emprendedores
3. Desayunos de Ideas

IX.- Tendo en conta que, de acordo co disposto no artigo 26.1 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG), o convenio será o instrumento habitual para canalizar as subvencións previstas nominativamente nos orzamentos da Administración concedente, os intervenientes, conclúen o presente convenio ao fin de regular os termos da concesión, cuxo obxecto é o financiamento dos gastos de aluguer do seu local social, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, entre os meses de outubro 2021 a setembro de 2022, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, cuxa contía, segundo orzamento de gastos achegado, é:

| **ORZAMENTO DE GASTO DA ENTIDADE (outubro 2021 a setembro 2022)** | |
|---|---|
| Aluguer local | 3.600,00 € |
| **TOTAL** | **3.600,00 €** |

X.- Que a entidade *“Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”* non incorra en ningunha das circunstancias e prohibicións recollidas no artigo 13 da Lei 38/03, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), para obter a condición de beneficiaria da subvención, atópase ao corrente das súas obrigas tributarias coas administracións estatal, autonómica e local, e fronte a Seguridade Social, segundo resulta das certificacións e declaracións responsables incorporadas ao expediente.

XI.- Que, en base as precedentes consideracións e ao interese social, cultural, educativo, ... que para a cidade de Vigo representan as actividades que desenvolve a entidade *“Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”*, o Concello de Vigo e a beneficiaria conveñen a súa colaboración, no ámbito de apoiar e promover empresas, apoiar o espírito emprendedor e as súas iniciativas, e a celebración deste convenio, de conformidade cos seguintes

**PACTOS**

***Primeiro***.- A entidade *“Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”* comprométese a colaborar coa concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, para o fomento das actividades previstas e, en concreto, a:

1. Levar a cabo actividades que fundamentan a concesión da subvención, co contido e nos termos do proxecto achegado ao expediente.

2. Darlles ás actividades o maior grao de publicidade, facendo constar expresamente, a través da presenza destacada do logotipo oficial, cuxo modelo estará a disposición da entidade no servizo de Participación Cidadá, que son actividades subvencionadas polo Concello de Vigo, respectando, en todo momento, a súa imaxe corporativa.

3. Dispor dos permisos e autorizacións necesarios para o desenvolvemento das actividades.

4. Aboar as taxas, impostos, dereitos de autor e demais gastos derivados da execución das actividades previstas.

5. Presentará ao Concello de Vigo, a través da Concellería de Participación Cidadá e nos prazos que establece o convenio, a memoria xustificativa final xunto a correspondente memoria económica, nos termos sinalados no pacto oitavo deste convenio, así como, o balance económico anual.

6. Comunicarlle ao Concello de Vigo a obtención doutras axudas que, para a mesma finalidade, reciba doutras entidades públicas ou privadas.

7. Facilitar as actuacións de supervisión e control que, en calquera momento, realicen os técnicos do Concello, polo que estará obrigada a proporcionar canta información e documentación se lle solicite ao efecto.

8. Cumprir con todas as obrigas establecidas no art. 14.1 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

9. Contratar un Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, no que se inclúa a responsabilidade por danos que poida causar a entidade a terceiros.

***Segundo***.- O Concello de Vigo, pola súa parte, comprométese a:

1. Conceder directamente á entidade "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*" unha subvención por importe de 3.600 € (tres mil seiscentos euros), con cargo a partida orzamentaria nº 9240.4800003, denominada "*Convenio Asociación Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*", do vixente orzamento municipal, co obxecto de colaborar co financiamento dos gastos aluguer do seu local social entre os meses de outubro de 2021 a setembro de 2022, situado na Rúa Marqués de Valladares número 21, oficina 5-6, necesarios para o desenvolvemento das actividades da entidade, en definitiva, para o fomento das mesmas.

2. Respectar a estrutura organizativa da "*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad*".

Pola súa parte, o Concello está facultado para:

1. Obter a información e documentación que considere necesaria co fin de determinar o cumprimento por parte da entidade, das actividades conveniadas, así como, a adecuación do gasto ao valor de mercado.

2. Comprobar a adecuada xustificación, segundo o disposto no pacto oitavo, a correcta execución e o cumprimento dos obxectivos marcados e da finalidade que determinou a concesión ou goce da subvención e, no seu caso, liquidar as contías correspondentes en concepto de axuda económica derivada da súa execución.

3. Esixir o reintegro das cantidades percibidas, así como, os intereses de demora, cando proceda conforme ao art. 37 da LXS.

4. Acordar a imposición de sancións pola comisión de infraccións administrativas en materia de subvencións tipificadas na normativa reguladora.

***Terceiro***.- En virtude do art. 19.2 LXS, esta subvención será compatible con calquera outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente público ou privado, nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais.

A entidade beneficiaria deberá comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar, illadamente ou en concorrencia con outras, o da actividade subvencionada, suposto no que se procederá na forma prevista nos artigos art. 37.3 da Lei Xeral de Subvencións e 34 do RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

***Cuarto***.- Se o custe total da actividade subvencionada resultase ser menor que o contemplado para a concesión da subvención ou se reduciran na execución da actividade subvencionada as actuacións ou elementos previstos, procederá a redución da subvención na mesma proporción. A comunicación destas circunstancias ao Concello deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos recibidos.

**Quinto**.- A entidade beneficiaria non poderá subcontratar con terceiros a execución total ou parcial das actividades obxecto do convenio. Queda fora deste concepto a contratación daqueles gastos nos que teña que incorrer para a realización por si mesma da actividade subvencionada.

***Sexto***.- A presente subvención está suxeita aos requisitos de publicidade esixidos por mor do artigo 3 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, resultando suxeitos obrigados  polas disposicións do capítulo II do título I: os partidos

políticos, organizacións sindicais e organizacións empresariais e as entidades privadas que perciban durante o período dun ano  axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros ou cando alomenos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvenció pública, sempre que alcancen como mínimo  a cantidade de 5.000 euros.

***Sétimo***.- A entidade beneficiaria debe dar a adecuada publicidade ao financiamento municipal nas actividades subvencionadas, mediante a inserción do logotipo oficial do Concello de Vigo en todo o material divulgativo que se edite ou publique ao respecto, con posterioridade a sinatura do presente convenio. Así mesmo, colocarase, en lugar preferente da sede social da entidade e locais onde se desenvolvan as actividades, un cartel publicitario anunciando a colaboración pública do Concello de Vigo no financiamento das actividades da asociación entre o 01/10/2021 ata o 30/09/2022.

***Oitavo***.- O pagamento da subvención realizarase logo de que o beneficiario xustifique a realización do proxecto. A xustificación da subvención realizarase pola “*Asociación de Jóvenes Empresarios de Vigo y Mancomunidad”* mediante a presentación dunha memoria final, coa súa correspondente conta xustificativa que acredite o cumprimento total do obxecto e condicións do convenio. O prazo máximo para achegar esta xustificación será o **30 de setembro de 2022.**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 1 de outubro de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC), establécese o emprego do trámite en liña para presentar e tramitar a conta xustificativa da subvención otorgada a través de sede electrónica do Concello de Vigo , mediante o Rexistro Xeral (tramitación por internet). Require identificación e sinatura electrónica, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=gal, do mesmo xeito que a/as solicitude/s para concorrer ao procedemento.

A tenor do disposto no art. 81 do Regulamento da LXS establécese o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos para o procedemento de xustificación das subvencións, con indicación dos trámites que deberán ser cumprimentados por vía electrónica, informática ou telemática e os medios electrónicos e sistemas de comunicación utilizables, que deberán axustarse ás especificacións que se establezan por Orde do Ministerio de Economía e Facenda (Orde EHA/2261/2007, do 17 de xullo, pola que se regula o emprego de medios electrónicos, informáticos e telemáticos na xustificación de subvencións). A tal efecto, a entidade beneficiaria achegará a documentacion xustificativa por medios electrónicos, informáticos e telemáticos (EIT), resultando esixible a aportación de facturas electrónicas e/ou copias das facturas orixinais en papel dixitalizadas e asinadas electrónicamente.

Xa que logo, para proceder á xustificación do cumprimento da finalidade para a que se concedeu a subvención e, no seu caso, da aplicación dos fondos recibidos, deberá achegar a **conta xustificativa** (integrada pola memoria de actividades e a memoria económica dos gastos incorridos) a través da sede electrónica do Concello de Vigo, por calquera dos mecanismos de identificación e sinatura electrónica admitidos na sede electrónica, que se poden consultar no enlace https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.

Os documentos que requiran sinatura, **deberán asinarse electrónicamente antes do seu envío a través da sede electrónica.**

A conta xustificativa da subvención outorgada conterá a seguinte documentación e información:

a) Solicitude de abono da subvención asinada electrónicamente.

b) Memoria descritiva das actuacións realizadas asinada electrónicamente xustificativas do cumprimento das condicións impostas na concesión da subvención, con indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos, e nos que figurará, como mínimo e para cada unha delas, a seguinte información:

1.Denominación do programa, proxecto ou gasto subvencionado.
2.Datas e lugar de celebración.
3.Colectivo destinatario, número de beneficiarios e programación desenvolvida.
4.Nos cursos de formación, engadirase ao anterior e en folla aparte, o programa do curso e horas de formación.
5.Actuacións realizadas.
6.Dous exemplares do material de información, boletíns ou libros editados e publicidade relacionada coa actividade subvencionada.
7. No seu caso, memoria de prensa e comunicación.
8. No seu caso, rexistro fotográfico e/ou audiovisual.
9. Acreditar, mediante inserción, en lugar destacado, do logotipo oficial do Concello de Vigo a difusión pública do cofinanciamento.

c) Unha memoria económica asinada electrónicamente, na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación, no seu caso, do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento

xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención. Así mesmo, riscarase cun “X” diante do documento cuxo orixinal se achega, e reflectirase a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos orixinais achegados, tendo presente que deben xustificarse gastos por importe igual ou superior ao proxecto que serviu de base para a concesión da subvención, e orixinais pola parte subvencionada, na forma prevista na Base 38.4 das Bases de Execución do Orzamento.

A parte do gasto do proxecto ou actividade **non subvencionada** xustificarase **con copias de facturas dixitalizadas asinadas electrónicamente**, podendo substituírse pola presentación dunha **certificación** na que se acredite que o programa ou actividade que foi obxecto de subvención foi executada na súa totalidade.

d) Dos documentos xustificativos relacionados, achegaranse **facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas das facturas orixinais, asinadas electrónicamente,** que deben cubrir, como mínimo, o importe da subvención concedida, e ordenados correlativamente segundo o número de orde asignado na relación numerada. **Para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.** Deberá terse en conta, con carácter xeral e, no seu caso, que:

- daráselle preferencia á presentación de facturas sobre os recibos de impostos
- en ningún caso se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
- no caso de facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, deben estar garantida por algún dos medios previstos legalmente (firma electrónica, código de verificación...)
- de conformidade co carácter finalista da subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria
- as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención
- cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente
- as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
- non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse os gastos acreditados deducido o IVE e o IRPF
- xustificaranse as retencións e ingresos a conta do IRPF, así como, o abono das cotas da Seguridade Social, aínda que estas cantidades non sexan imputables á subvención
- cando se xustifiquen gastos de aluguer, Modelo 115 de autoliquidación de retencións e ingresos a conta sobre determinadas rendas procedentes do arrendamento, así como, fotocopia do contrato de arrendamento

- cando se inclúan gastos de seguros, achegarase fotocopia do correspondente contrato vixente durante o período subvencionado e o recibo de pagamento

e) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financien a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia, acompañando as correspondentes resolucións de concesión ou, no seu caso, declaración responsable de non percepción doutras axudas para a mesma finalidade procedentes doutras administracións ou entidades públicas ou privadas, nacionais, da Unión Europea ou de Organismo Internacionais.

f) A beneficiaria deberá estar ao corrente no seu cumprimento coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

g) Declaración responsable asinada electrónicamente do representante legal da entidade receptora, acreditativa dos seguintes extremos:

- Da veracidade da información e da autenticidade da documentación achegadas.
- Que os xustificantes acreditativos dos gastos que se presentan se aplicaron á actividade ou proxecto subvencionado.
- Que foron abonados aos seus expedicionarios ou, no seu caso, aos titulares do dereito que incorporan.
- Cando se xustifiquen gastos que constitúan rendementos incluídos no ámbito de aplicación do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas e suxeitos á retención, que foi practicada a pertinente retención, así como que a mesma foi declarada, liquidada e ingresada na Axencia Estatal da Administración Tributaria.
- Carta de pago do reintegro que proceda en supostos de remanentes non aplicados, excesos obtidos sobre o custe de actividade subvencionada e o interese de demora correspondente

(artigos 19.3 e 37.3 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, e art. 17.3 e 33.3 da Lei 9/2007, de 13 xuño de subvencións de Galicia).
- No seu caso, de non dedución do IVE, cuxo importe, derivado dos gastos da axuda a xustificar é asumido pola entidade beneficiaria ao non poder deducilo.
- Que o programa ou actividade subvencionada que se indica a continuación foi executada na súa totalidade.

h) Acreditarase a difusión pública do financiamento da Concellería de Participación Cidadá e Festas, de cada unha das actividades para cuxa realización se concede a presente subvención, segundo memoria de actividades achegada, mediante a presenza destacada do logotipo oficial do Concello de Vigo, respectando en todo momento a imaxe corporativa.

***Noveno***.- A subvención aboaráselle a entidade, mediante transferencia bancaria á conta corrente número ES68 2080 5000 6230 4033 4096 (ABANCA).

***Décimo***.- Antes de proceder ao pago da subvención a entidade beneficiaria deberá estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social.

Concello de Vigo

***Décimo primeiro***.- Serán gastos subvencionables os que de xeito indubidable respondan a natureza das actividades subvencionadas e se realicen no período comprendido entre o 1/10/2021 e o 30/09/2022.

***Décimo segundo***.- A realización da actividade subvencionada, a súa axeitada xustificación e o cumprimento da finalidade que determinou a concesión da subvención será comprobada polos servizos da Concellería de Participación Cidadá e Festas. A técnica de xestión, por ausencia da xefa do servizo de Participación Cidadá, emitirá informe ao respecto facendo constar, no seu caso, todas aquelas circunstancias que poidan resultar relevantes en orden a considerar incumprida ou defectuosamente cumprida a actividade subvencionada.

***Décimo terceiro***.- A entidade beneficiaria deberá facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Concellería de Participación Cidadá e Festas e pola Intervención Xeral Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións.

***Décimo cuarto***.- Procederá ao reintegro das cantidades percibidas e a esixencia de xuros de demora desde o pagamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro nos casos do artigo 37 Lei Xeral de Subvencións.

Cando o incumprimento da actividade se traduza nunha diminución significativa do proxecto subvencionado, traducible a termos económicos en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo da subvención, procederá o reintegro da subvención na mesma proporción. En todo caso procederá o reintegro do exceso da subvención sobre o custo da actividade subvencionada.

***Décimo quinto***.- En canto ás infraccións e sancións en que poida incorrer a beneficiaria da subvención a que se refire este convenio e procedemento para a súa apreciación e imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei Xeral de Subvencións e, no seu caso, Título IV da Lei de Subvencións de Galicia e na Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas para o exercicio da potestade sancionadora.

***Décimo sexto***.- A entidade beneficiaria está informada de que os datos persoais facilitados nos anexos, son indispensables para a xestión da subvención e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedemento para a concesión obxecto do presente convenio, a práctica da publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas da Lei 3/2018, de 5 de decembro, de Protección de Datos e Garantía dos Dereitos Dixitais e do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concelllo de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter máis información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org

***Décimo sétimo***.- A concesión da subvención obxecto do presente convenio rexerase pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***Décimo oitavo***.- A presente subvención se rexistrará na BDNS no momento da concesión do convenio, conforme establece a Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no portal de transparencia do Concello de Vigo.

***Décimo noveno***.- O convenio entrará en vigor no momento da súa sinatura e despregará os seus efectos ata o completo desenvolvemento do proxecto subvencionado (2022).

E, en proba da súa conformidade, firman o presente convenio, en Vigo, data sinatura electrónica,

**9(706).- INCOACCIÓN DE PROCEDEMENTO DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DA CAFETERÍA CASA DO CONCELLO E INSTALACIÓNS DE MÁQUINAS EXPENDEDORAS. EXPTE. 19840/240.**

Dáse conta do informe-proposta de data 12/08/2022, asinado polo xefe do Servizo de Patrimonio, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial e pola concelleira-delegada de Patrimonio, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN:**

- Lei 7 /1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local (LRBRL).
- Lei 33/2003 de 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas (LPAAPP).
- RDL 3/2011 de 14 novembro, Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).
- Lei 9/2017 de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público. (LCSP)
- Lei 39/2015 de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Publicas. (LPACAP).
- Lei 40/2015 de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público. (LRXSP)
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que aprobase o Regulamento xeneral da Ley de Contratos das Administracions Públicas.

**INFORME-PROPOSTA:**

**ANTECEDENTES DE FEITO:**

**PRIMEIRO.-** O Concello de Vigo, por acordo da Xunta de Goberno Local en sesión do 7 de xuño do 2018, adxudicou a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L. o procedemento aberto para a explotación da cafetería e instalación de maquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vendins) na Casa do Concello, consonte co prego de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados pola Xunta de Goberno local, o 27 de xaneiro do 2017, e a oferta presentada.

Dito contrato formalizouse en documento administrativo en data 12 de xuño do 2020, sinalando que o prazo do contrato será de 5 meses para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; e de 14 anos para a prestación do servizo, contado a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do contrato.

**SEGUNDO.-** Durante o periodo que levase de vixencia do contrato, podense reseñar os seguintes feitos:

- D. Juan José Rodríguez Baranda, en nome de RESTAURACIÓN A-52 S.L., presentou escrito o 3/11/2020, solicitando a ampliación do prazo para a presentación do proxecto,

execución das obras e posta en funcionamento da cafetería e instalación das maquinas de vending, en cento trinta (130) días, contados a partir da finalización do prazo inicial (12 de novembro do 2020).

- En data 30-11-201-20 emitiuse pola xefaruta de servizo de informe proposta denegatorio da ampliación de prazo formulada.
- O 4-12-202020 requeriuse a contratista para a presentación de diversa documentacion exisida no prego de prescripcions tecnicas e clausulas adminitrativas particulares que rixe o contrato.
- O 19/12/2020 respostase pola contratista que non é posible a presentación da documentacion requerida ata non se inicie a actividade.
- En data 11/01/2021 a contratista presenta anteproxecto para a reforma da cafeteria e sala de lecer na Casa do Concello.
- A Xunta de Goberno Local o 11/11/2021 acorda: *1º Modificar o contrato do servizo de cafetería na casa do concello, complexo deportivo de Samil e instalación de maquinas de "vending" en dependencias municipais por mor das circunstancias recollidas no fundamento xurídico II deste informe. A modificación consistirá en introducir as variacións de obra sinaladas no informe dos arquitectos municipais da oficina de obras e proxectos da Xerencia Municipal de Urbanismo de data 8/4/2021 á "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello" recollida como Anexo IV do prego de prescricións técnicas particulares, que afectan as unidades de obra citadas no fundamento xurídico II deste informe. 2º.- A modificación non implica custe económico, polo que non procede o reaxuste das garantías definitivas depositadas polos contratistas".*(Modificación formalizada en documentoa administrativo en data 29/11/2021). (Exp. 6645-241)
- O 26/01/2022 requeriuselle a contratista do cumprimeto de contrato, debendo remitir nun prazo de 15 dias o Proxecto Básico e de Execución para a realización das obras de investimento referidas, coas modificacións de unidades de obra acordadas
- A contratista, o 3/3/2022, solicita unha *ampliación do prazo da data límite para a presentación do proxecto básico, execución das obras e posta en funcionamiento da cafetería e a instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) ns dependencias municipais, ata o día 30 de xunio deste ano 2022* .
- A Xunta de Goberno Local acorda o 28/04/2022: *"PRIMEIRO.- Denegar a ampliacion do prazo da data limite para la presentación do proxecto básico, execución dAs obras de posta en funcionamiento da cafetería e instalación de máquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vending) nas dependencias municipales, ata o 30 de xuño do 2022,*

*solicitado pola contratista RESTAURACIÓN A-52, S.L .SEGUNDO.- Requerir á RESTAURACIÓN A-52, S.L o cumprimento do contrato asinado o 12/6/2020 (modificado o 29/11/2021), debendo presentar nun prazo de 15 días, o proxecto básico e de execución das obras de investimento recollidas na "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello", de acordo co sinalado na Cláusula 31 do PCAP.TERCEIRO.- Iniciar actuacións previas para determinar o grado de cumprimento do contrato pola contratista - RESTAURACIÓN A-52, S.L. e, no seu caso, da incoación dun procedemento sancionador.*

- O 20/05/2022 concedeuselle a contratista un prazo de 15 dias, para a remisión de informe detallado sobre o estado de execución do contrato e das actuacions efectuadas ó efecto, xunto coa documentación acreditativa das mesmas, e formulación no seu caso de alegacions, ó non constar que no tempo trascurrido dende a data de inicio do contrato tivera dado cumprimento as suas obrigas previstas no Prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rixe o contrato. (Exp. 21008-240 Dilixencias previas)
- A contratista, en data 14/06/2022, formula alegacions o requerimento efectuado, sinalando que non pode afrontar a apertura do local obxeto do contrato asinado co Concello, debido a razons económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e o aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e productos alimenticios.
- En data 22/07/2022 emitese informe pola Tesouraria municipal sinalando o non ingreso do canon mesual pola contratista en relacion a dito contrato.

**FUNDAMENTOS DE DEREITO:**

**PRIMEIRO.-** O contrato asinado ó 12 de xuño do 2020 entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52 ten por obxeto a instalación e prestación do servizo de cafetería no edificio administrativo do Concello, sito na Praza do Rei, así como a instalación e explotación dun mínimo de 15 maquinas automáticas expendedoras de bebidas (quentes e frías), 5 de snacks e similares, e 7 fontes de auga, na área de lecer sita no segundo andar do citado edificio e noutras dependencias municipais relacionadas no ANEXO III do PPT.
O prazo de execución do contrato e de catorce anos e cinco meses, fixandose os seguintes prazos parciais:
➢ 5 meses: para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería.
➢ 14 anos: para a prestación do servizo

O prazo computase a partir do día seguinte ao da última sinatura dixital do contrato, resultando como data de inicio o 13/6/2020, na que xorde a obriga do contratista de dar cumprimento ao mesmo.

**SEGUNDO.-** O Prego de cláusulas administrativas particulares(PCAP) e de prescricións técnicas (PPT), como documentos que fixan os pactos e condicións definidoras dos dereitos e obrigas que asumen as partes no contrato establece, como obrigas do contratista, as seguintes:

- O abono do canon anual, establecido en 8.520,00 na clausula terceira do contrato, pola explotación da cafetería, prorrateado en doce mensualidades, debendo o adxudicatario efectuar o ingreso de cada mensualidade na Tesourería Municipal no último día de cada mes ou no inmediato hábil seguinte se aquel fose inhábil, mediante procedemento de autoliquidación, e sen necesidade de que medie notificación ou requirimento previo da Administración de Tributos.(Clausula 6 do PCAP)
- Previamente o inico da sua execución, comunicar o concello de Vigo a relación do persoal que adscriba ó servizo, con indicación do nome, categoria, antiguedade e demais datos. (Clausula 27.7 do PCAP).
- Comunicar o delegado designado pola empresa como único interlocutor entre esta e o Concello na execución das prestacións obxeto do contrato . (Clausula 27.11 do PCAP)
- Contratar e manter durante todo o periodo contractual os seguintes seguros (Clausula 29 do PCAP):

  Poliza de Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, de Explotación, de Produtos, e Patronal, dunha cobertura mínima de indemnización por anualidad e sinistro de 600.000 euros, salvo na responsabilidade patronal que deber ser dun minimo de 150.000 euros.

  Poliza de Danos Materiais, que cubra unha suma asegurada pola cantidade de 300.000 euros.

  Poliza de accidentes para os traballadores axustada ao convenio ao que pertenzan.
- Relativas a execución das obras de acondiconamento e instalacions (Clausula 31 PCAP):

  1.- Realizar as obras de investimento recollidas na "Memoria Valorada para a reforma e acondicionamento da Cafetería e Área de descanso do Edificio do Concello", redactada en abril de 2016 polos arquitectos da oficina de obras e proxectos municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo, e que figura como Anexo IV do prego de prescricións técnicas. Para executar as obras, o adxudicatario remitirá nun prazo de 15 días a

contar dende a adxudicación do contrato, o proxecto básico e de execución que deberá ser aprobado pola Xunta de Goberno Local.

2.- Efectuar as obras de adaptación, reparación e mellora, así como as instalacións, equipamento e menaxe que precise para a posta en funcionamento e desenvolvemento da actividade.

3.-A instalación e posta en funcionamento, ao seu cargo, das máquinas de vending e fontes de auga nas dependencias municipais, nos lugares sinalados no Anexo III e nos que sinale o responsable do contrato para os ofertados a maiores.

**TERCEIRO.-** A teor do exposto, resulta evidente no presente caso, que existe unha falta de execucion do contrato, dende seu inicio, por parte da contratista, quen non racometeu durante todo este tempo prestación algunha, incumprindose os prazos parcias de execución, tanto os dos 5 meses fixados para a execución das obras e posta en funcionamento da cafetería (sen que sequera teña presentadso o proxecto básico e de execución das obras requerido), como conseguintemente o prazo dos 14 anos fixado para a prestación do servizo, que deberia terse iniciado os 5 meses do comenzo do contrato.

O incumplimento contractual alcanza, igualmente, a outras obrigas da contratista, comunicadas e requeridas ó efecto, e que nalgun caso recaen en prestacións esenciais do contrato, como o abono do canon , cuio pago non consta realizado durante todo este tempo; o outras obrigas relativas a instalación e posta en funcionamento das máquinas de vending e fontes de auga nas dependencias municipais; as obras de adaptación, reparación e mellora, así como as instalacións, equipamento e menaxe para a posta en funcionamento e desenvolvemento da actividade; ou a suscripcion das requeridas polizas de Seguro de Responsabilidade Civil Xeral, de Explotación, de Produtos, e Patronal, de danos ou accidentes, previstas no prego.

**CUARTO.-** A mora do contratista ven regulada no art. 212 do TR da Lei de Contratos do Sector Publico que dispón o efecto*:(...)*

*2. O contratista está obrigado a cumprir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do mesmo, así como dos prazos parciais sinalados para a súa execución sucesiva.*

*3. A constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.*

*4. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, haber incorrido en demora respecto ao cumprimento do prazo total, a Administración poderá optar indistintamente pola resolución do contrato ou pola imposición das*

*penalidades diarias na proporción de 0,20 euros por cada 1.000 euros do prezo do contrato.*

*O órgano de contratación poderá acordar a inclusión no prego de cláusulas administrativas particulares dunhas penalidades distintas ás enumeradas no parágrafo anterior cando, atendendo ás especiais características do contrato, considérese necesario para a súa correcta execución e así se xustifique no expediente.*

*5. Cada vez que as penalidades por demora alcancen un múltiplo do 5 por 100 do prezo do contrato, o órgano de contratación estará facultado para proceder á resolución do mesmo ou acordar a continuidade da súa execución con imposición de novas penalidades.*

*6. A Administración terá a mesma facultade a que se refire o apartado anterior respecto ao incumprimento por parte do contratista dos prazos parciais, cando se previu no prego de cláusulas administrativas particulares ou cando a demora no cumprimento daqueles faga presumir razoablemente a imposibilidade de cumprir o prazo total.*

Neste senso, o Prego de cláusulas administrativas particulares que rixe o contrato, establece na súa Cláusula 35.2. b). que constitúen infraccións graves (...)4. A demora, en mais de 45 días, non prazo previsto na cláusula 31 para a posta en funcionamento dá actividade comercial. E na súa letra c), que constitúen infraccións moi graves (…) 12. A demora, en mais de tres meses, non prazo previsto na cláusula 31 para a posta en funcionamento da activade comercial. Sancionándose as infraccións graves con multa de 751 ate 1.500 euros, e as moi graves, con multa de 1.501 ate 3.000 euros.

Non obstante cabe considerar que no presente caso, tendo transcurrido xa mais de dous anos de vixencia do contrato, e constituído en moura o contratista no cumprimento do prazo parcial para a posta en funcionamento da actividade, non estamos ante un mero atraso da contratista, sinon mais ben ante unha inexecución do contrato xa que non realizou ainda prestacion algunha, atopandonos nunha fase iniciaria no cumprimento das suas obrigas contractuais, e sen que se aprecie vontade de realizalo nun futuro ṕroximo, recoñecendo no seu escrito do pasado 14 de xuño, *que non pode afrontar a apertura do local obxeto do contrato debido a razons económicas derivadas da pandemia (COVID-19) e o aumento indiscriminado dos prezos da electricidade, combustibles e productos alimenticios.* Durante todo este tempo, a contratista limitouse a interesar prorrogas do prazo parcial para presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería, alegando as dificultades que a pandemia e o estado de alarma causou ao sector da hostalería e restauración, para xustificar unha

inactividade e demora no cumprimento do contrato que en modo algún o exime de responsabilidade e que xa foi denegada.

Nestas circusntancias, de absoluta ausencia no cumprimento do contrato, podese considerar que se encuentra incurso en causa de resolución, dacordo co previsto no TRLCSP e no Prego de cláusulas administrativas particulares polo que se rixe.

**QUINTO.-** Asi o art. 212 do TRLCSP -Execución defectuosa e demora.- establece que: (...) *2. O contratista está obrigado a cumplir o contrato dentro do prazo total fixado para a realización do memso, así como dos prazos parciais sinalados para sua execución sucesiva. 3. La constitución en mora do contratista non precisará intimación previa por parte da Administración.(...) 7. Cando o contratista, por causas imputables ao mesmo, houbese incumprido a execución parcial das prestacións definidas no contrato, a Administración poderá optar, indistintamente, pola súa resolución ou pola imposición das penalidades que, para tales supostos, determínense no prego de cláusulas administrativas particulares.*

Pola sua parte, o Prego de cláusulas administrativas particulares dispoñe que, *A resolución do contrato rexerase polo establecido con carácter xeral nos artigos 223 a 225, e 308 e 309 do Texto refundido da Lei de contratos do sector público.* (Clausula 41 PCAP)

Neste senso,o Art. 223 do TRLCSP . Causas de resolución, sinala entre outras:
*d) A demora no cumplimento dos prazos por parte do contratista (...).*
*f) O incumplimento das restantes obrigacions contractuais esenciais, calificadas como tales nos pregos o no contrato*
*h) As establecidas expresamente no contrato.*

**SEXTO.-**. A resolucion do contrato adoptarase polo organo de contratación, sen outro trámite preceptivo que a audiencia do contratista, e de selo caso, ditamen do órgano consultivo da Comunidade Autónoma (art.Artículo 213 TRLCSP)
A resolución, por incumplimento da contratista, dara lugr á indemnizacion dos danos e perxuicios que poidera ter ocasionados a administración, e incautación da garantia, no seu caso. (art. 225 TRLCSP).

A teor do exposto, proponse á Xunta de Goberno, como órgano de contratación, de acordo co previsto na DA 2ª da LCAP, a adopción do seguinte acordo:

***“PRIMEIRO.- Iniciar procedemento de resolución do contrato para a explotación da cafetería e instalación de maquinas expendedoras de bebidas e sólidos (vendins) na Casa do Concello asinado, en data 12/06/2020, entre o Concello e a mercantil RESTAURACIÓN A-52, S.L, por causa imputable a contratista ó non cumprir cos prazos parciais fixados para a presentación do proxecto, execución das obras e posta en funcionamento da cafetería; prestación do servizo; e pola falta de pagamento do canon.***

***SEGUNDO.- Notificarlle a contratista o presente acordo, concedendolle audiencia polo prazo de 10 dias naturais, a contar dende o seguinte ao da notificación, co fin de que poida formular as alegacions e presentar a documentación que na defensa dos seus intereses teña por conveninte.***

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**10(707).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POLO PROCEDEMENTO ABERTO E TRAMITACIÓN ORDINARIA, DAS OBRAS “MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO”. EXPTE. 10874/307.**
Visto o informe xurídico do 19/08/2022 e o informe de fiscalización do 19/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 18/08/2022, asinado pola xefa da Unidade de Patrimonio Histórico, a xefa da Área de Xestión Patrimonial e Territorial, a concelleira-delegada de Área e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**I.- ANTECEDENTES DE FEITO:**

Con data 5 de agosto de 2022, a concelleira-delegada de Patrimonio Histórico ditou orde de inicio do expediente administrativo dirixido a CONTRATACIÓN DAS OBRAS PARA A MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO.

No expediente inclúense os seguintes documentos:

- Decreto de Alcaldía de data 10/08/22, polo que se resolve o seguinte:

“Delegar na Concelleira Delegada da Área de Patrimonio Histórico Dona Mª del Carmen Silva Rego tódalas atribucións precisas para a dirección técnica e política, xestión, seguimento, tramitación e realización da totalidade das obras e servizos necesarios para a execución do **PROXECTO DE MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO.”**

- Informe de xustificación da necesidade e idoneidade do contrato, asinado pola xefa de Patrimonio Histórico, de data 5 de agosto de 2022.
- Resolución da concelleira delegada de Patrimonio Histórico de data 5 de agosto de 2022 para o inicio do expediente de contratación.
- Proxecto de Musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo, redactado polos arquitectos Perfecto Cendón Domínguez e Francisco Javier Vázquez Fernández que é informado favorablemente pola OSPIO e aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de 4 de agosto de 2022 e que rexerá como prego de prescricións técnicas.
- Memoria económica asinada o 10 de agosto de 2022 pola xefa de Patrimonio Histórico e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico .
- Memoria xustificativa asinada o 12 de agosto de 2022 pola xefa de servizo de Patrimonio Histórico, a arquitecta técnica de Patrimonio e a concelleira delegada de Patrimonio Histórico para a contratación das obras de musealización das galerías e posta en valor da fortaleza de Vigo.
- Prego de cláusulas administrativas particulares asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 29.07.22) con data 12 de agosto de 2022.

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS:**

**Primeiro.**- A iniciación do expediente de contratación corresponde ao Órgano de Contratación (artigo 116.1 LCSP), que nos municipios de grande poboación, como é o de Vigo, é a Xunta de Goberno Local (disposición adicional 2ª. 4 LCSP) e, por delegación deste (acordo da Xunta de Goberno Local de 15 de xullo de 2013), aos concelleiros de Area.

**Segundo.**- O expediente refírese á totalidade do obxecto do contrato e nel, e no expediente que o acompaña, constan as actuacións preparatorias do contrato de obras, esixidas polos artigos 231 e seguintes da LCSP —elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do proxecto— así como o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas, reitores do contrato.

**Terceiro.**- No expediente xustificase a necesidade e idoneidade do contrato (artigo 28 e 116.4.e LCSP), a clasificación esixida aos participantes (artigo 116.4.b LCSLP), os criterios de solvencia económica (artigo 116.4.C LCSP), o valor estimado do contrato con indicación de todos os conceptos que o integran, incluíndo os costes laborais (artigo 116.4.d) a xustificación do prezo do contrato e o seu método de cálculo (artigo 112 LCSP), os criterios

de adxudicación e a súa adecuación ao obxecto do contrato (artigo 145.1 LCSP), a non división en lotes (artigo 116.4.g), así como as fórmulas de valoración (artigo 146.2 LCSP). Non é necesaria a xustificación do procedemento por tratase dun procedemento aberto.

**Cuarto**.- Consta na memoria xustificativa elaborada polo servizo xestor xustificación de non desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello (artigo 7.3 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril).

O gasto está financiado polo Ministerio de Industria, Comercio y Turismo mediante Real decreto 1119/2021, do 21 de decembro, polo que se regula a concesión directa dunha subvención ao Municipio de Vigo para a mellora da competitividade do sector turístico

En canto aos gastos correntes que se poidan derivar con posterioridade á realización das obras indícase que estas actuacións non requiren dun mantemento posterior, polo que non haberá repercusións económicas directas.

**Quinto.**- É preceptiva previa aprobación do expediente de informe da titular da asesoría xurídica (Disposición adicional 3ª.8 da LCSP), así como a fiscalización previa da Intervención (artigo 116.3 LCSP)

**Sexto**.- A aprobación do expediente de contratación correspóndelle á Xunta de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª. 4 LCSP),

Por todo o exposto, e unha vez se incorporen ao expediente o informe da titular da asesoría xuridica e o informe de fiscalización, proponse á Xunta de Goberno Local que adopte o seguinte acordo:

**III.- <u>ACORDO</u>:**

**1º.- Aprobar o expediente de contratación** polo procedemento aberto e tramitación ordinaria DAS OBRAS MUSEALIZACIÓN DAS GALERÍAS E POSTA EN VALOR DA FORTALEZA DE VIGO, segundo proxecto redactado polos arquitectos Perfecto Cendón Domínguez e Francisco Javier Vázquez Fernández.

**2º.- Aprobar o Prego de Prescricións Administrativas Particulares** que rexerá o contrato asinado pola técnica de Administración xeral (por delegación da xefa do Servizo de Contratación do 29.07.22) con data 12 de agosto de 2022.

**3º.- Autorizar o gasto por importe de** 1.119.745,10 euros con cargo á aplicación orzamentaria 3360.619.00.10 "MUSEALIZACIÓN POSTA EN VALOR FORTALEZA CASTRO" co proxecto asociado 22336010 e coa seguinte distribución de anualidades (con IVE):

- 2022: 559.872,55 euros
- 2023: 559.872,55 euros

**4º.- Abrir o procedemento licitatorio** para selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**9(708).- RECTIFICACIÓN DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES DO PROCEDEMENTO ABERTO PARA A CONTRATACIÓN DO MANTEMENTO DO SISTEMA DE CONTROL HORARIO. EXPTE. 39066/220.**

Dáse conta do informe-proposta de data 05/09/2022, asinado a técnica de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación, a concelleira-delegada de Área e conformado pola titular de Asesoría Xurídica e polo interventor xeral, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LBRL)
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)
- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público
- RD 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas

**ANTECEDENTES**

I.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 25 de agosto de 2022, adoptou o seguinte acordo:

*“**PRIMEIRO.-** Aprobar o expediente de contratación por procedemento aberto ordinario coa finalidade de realizar a contratación do subministro e servizo do mantemento do sistema de xestión de presenza Visual Time:*

*No expediente tramitado ao efecto consta entre outra a seguinte documentación:*

*- Informe xustificativo da necesidade e idoneidade asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación de data 12/01/2022 co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal da mesma data.*

*- Orde de inicio do expediente de 13/01/2022.*

*- Prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) de data 06/06/2022 asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica.*

*- Memoria xustificativa do contrato de data 19/07/2022, asinado pola Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e o Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .*

*- Memoria económica do contrato de datas 23/05/2022 e 19/07/2022, asinada polo Xefe do servizo de Administración Electrónica co conforme da Concelleira delegada de Xestión Municipal .*

*- Documento económico sobre a existencia de crédito de data 23/05/2022 asinado pola Dirección Superior Contable e Orzamentaria.*

*- Informe da Xefa do de Servizo de Contratación de data 28/07/2022, sobre a comprobación da incorporación ao expediente da documentación necesaria para a tramitación do contrato.*

*- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo polo procedemento aberto, asinado pola Xefa do Servizo de Contratación de data 28/07/2022.*

***SEGUNDO.-** Autorizar o gasto de **37.000,00 €**, que inclúe un I.V.E. de **6.421,49 €**, dende o 1 de setembro de 2022, segundo o seguinte detalle de partidas e exercicios:*

| ***Exercicio*** | ***Concepto*** | *Partida* | ***Importe*** | ***IVE*** |
|---|---|---|---|---|
| *2022* | *MANTEMENTO SOFTWARE* | *9207.2279902* | ***36.000,00 €*** | ***6.247,93 €*** |
| *2022* | *SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS* | *9207.2270603* | ***500,00 €*** | ***86,78 €*** |
| *2023* | *SERVICIOS E TRABALLOS TÉCNICOS* | *9207.2270603* | ***500,00 €*** | ***86,78 €*** |
| *TOTAL* | | | ***37.000,00 €*** | ***6.421,49 €*** |

***TERCEIRO.-** Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente prevista.”.*

II.- Aprobado o expediente detectouse un erro material no prego de cláusulas administrativas particulares ao faltar un dos dous códigos CPV necesarios para a licitación, en concreto o CPV - *48000000-8 Paquetes de software e sistemas de información*.

**FUNDAMENTOS XURÍDICOS**

**-I-**

### Da potestade de corrixir de oficio os erros materiais ou aritméticos

A lexislación de procedemento administrativo faculta ás Administracións públicas a rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos (artigo 109.2 LPAC).

Pola súa parte, a lexislación de contratos do sector público autoriza a modificación dos pregos de cláusulas administrativas particulares con posterioridade a súa aprobación polo órgano de contratación nos casos de erro material, de feito ou aritmético (artigo 122.1 LCSP).

No caso que nos ocupa detectouse un erro de carácter material no apartado 2B "CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO" do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares, concretamente o prego establece no citado apartado un único código CPV, o *72267100- Mantemento de software de Tecnoloxía da Información* cando debería figurar tamén o CPV 48000000-8 Paquetes de software e sistemas de información.

### -II-

### Da natureza do erro e non procedencia da aplicación do artigo 136.2 LCSP

No caso que nos ocupa o erro detectado no apartado 2B "CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO" do Anexo I -FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares ten a consideración de erro material por ser un erro no que concurren as seguintes circunstancias establecidas polo Tribunal Supremo en múltiples sentencias (STS 18 de xuño de 2001 (recurso de casación núm. 2947/1993); STS de 5 de novembro de 2002 (recurso de casación núm. 2225/1998); STS 15 de decembro de 2003 (recurso de casación núm. 3804/2001), entre outras), "a) que se trate de simples equivocacións elementais de nomes, datas, operacións aritméticas ou transcricións de documentos; b) que o erro se aprecie atendendo exclusivamente aos datos do expediente administrativo no que se advirte; c) que o erro sexa patente e claro, sen necesidade de acudir a interpretacións de normas xurídicas aplicables; d) que non se proceda de oficio á revisión de actos administrativos firmes e consentidos; e) que non se produza unha alteración fundamental no sentido do acto (pois non existe erro material cando a súa apreciación implique un xuízo valorativo ou esixa unha operación de cualificación xurídica); f) que non padeza a subsistencia do acto administrativo é dicir, que non xere a anulación ou revogación do mesmo, en canto creador de dereitos subxectivos, producíndose un novo sobres bases diferentes e sen as debidas garantías para o afectado, pois o acto administrativo rectificador ha de mostrar idéntico contido dispositivo, substantivo e resolutorio que o acto rectificado, sen que poida a Administración, so pretexto da súa potestade rectificatoria de oficio, encubrir unha auténtica revisión."

A cualificación do erro como "material" permite, en consecuencia, a corrección do prego en base ao disposto no artigo 122.1 LCSP.

Por outra banda, non procede a aplicación do artigo 136.2 LCSP referido establece a obriga dos órganos de contratación de ampliar o prazo inicial de presentación de ofertas en dous supostos: cando por calquera razón os servizos dependentes do

órgano de contratación non atendesen o requirimento de información que o interesado formulase coa debida antelación consonte ó previsto no artigo 138 da LCSP; e, no caso de que se introduzan modificacións significativas nos pregos da contratación.

Tendo en conta que a detección do erro produciuse con anterioridade á publicación do anuncio de licitación e, polo tanto, non se iniciou o correspondente prazo de presentación de ofertas, non procede a aplicación do devandito artigo.

**-III-**

**Competencia**

Fundamentada a natureza material do erro, a competencia para aprobar a corrección de erros correspóndelle á Xunta de Goberno Local na súa calidade de órgano de contratación, conforme ao previsto no apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP.

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

En base ao anterior, proponse á Xunta de Goberno Local, a adopción da seguinte resolución:

*"1º.- Rectificar o apartado 2B* "CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO" do Anexo I *-FEC- do prego de cláusulas administrativas particulares do procedemento aberto para a contratación do mantemento do sistema de control horario, que quedará redactada como segue:*

*- Onde di:*

*B) CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:*

*• CPV: 72267100- Mantemento de software de Tecnoloxía da Información*

*- Debe dicir:*

*B) CODIFICACIÓN DO OBXECTO DO CONTRATO:*

*• CPV: 72267100- Mantemento de software de Tecnoloxía da Información e 48000000-8 Paquetes de software e sistemas de información."*

**<u>ACORDO</u>**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**12(709).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO MODIFICADO Nº 2 DO PROXECTO "OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO". EXPTE. 561/441.**

Concello de Vigo

Visto o informe xurídico de data 03/08/2022 e o informe de fiscalización do 17/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 26/07/2022, asinado polo técnico de Admón. Xeral, a xefa do Servizo de Contratación e polo concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**1.-** Con data de 7 de maio de 2020, a Xunta de Goberno Local aprobou o Proxecto de Obras de Urbanización dos Espazos Intersticiales na Estación Intermodal de Vigo, asinado polo arquitecto D. Marcos Plazuelo López coa colaboración da Enxeñeira Industrial Elena González Muñoz, cun orzamento basee de licitación máis IVE/IVE de 1.227.651,67 €, asinado dixitalmente en abril de 2020.

**2.-** Con data de 10 de agosto de 2020, a Xunta de Goberno Local acorda adxudicar a CIVIS GLOBAL S.L.U. a contratación das obras de urbanización dos espazos intersticiales na estación intermodal de Vigo (561-441), por un prezo total do contrato de 1.172.248,00 €, sendo a cota correspondente do IVE/IVE de 203.448,00 €.

**3.-** Con data de 12 de agosto de 2020, o Concelleiro Delegado da área de Fomento e Servizos, nomea como titulares da Dirección Facultativa das citadas obras á Enxeñeira Industrial Dna Begoña Arranz González e ao Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos D. Xacobe Paz Salgado.

**4.-** Con data de 19 de agosto de 2020 formalízase o contrato de óbralas “URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”, entre o Concello de Vigo e a empresa CIVISGLOBAL, S.L.U.

**5.-** Con data 18 de setembro de 2020 asínase a acta de comprobación de reformulo, dando comezo as obras ao día seguinte.

**6.-** Con data de 12 de febreiro de 2021 en reunión da comisión de seguimento do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF_ALTA VELOCIDADE, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana da contorna da estación intermodal de Vigo acorda a suspensión temporal da obra polas dificultades para compatibilizar os traballos coas obras de Vialia.

**7.-** Con data de 6 de maio de 2021, a Dirección Facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación do proxecto de “URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”.

**8.-** Tendo en conta o anterior, o Concelleiro delegado da área de Fomento e Servizos, con data 10 de maio de 2021 resolve aprobar o inicio do expediente de modificación do proxecto das “OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”.

**9.-** Con data 11 de xuño de 2021, asínase a acta de conformidade ás modificacións no “PROXECTO CONSTRUTIVO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO” por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF_ALTA VELOCIDAD.

**10.-** Con data 11 de xuño de 2021, asínase a finalización da suspensión da paralización das obras dos espazos intersticiales, fixada para o 14 de xuño de 2021.

**11.-** Con data 15 de xuño de 2021, a Dirección Facultativa emite proposta técnica motivada solicitando a continuación provisional das obras.

**12.-** Con data de 7 de xullo de 2021 en reunión da comisión de seguimento do convenio entre a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF_ALTA VELOCIDADE, para a execución dos accesos e nova viabilidade urbana da contorna da estación intermodal de Vigo acorda a suspensión parcial temporal das obras de espazos intersticiales no tramo comprendido entre a estación de autobuses e a entrada de vehículos no centro comercial, por dificultades para compatibilizar os traballos de colocación da fachada de Vialia e a execución do 14 na obra de accesos. Retomando os traballos o 27 de xaneiro de 2.022.

**13.-** O 16 de decembro 2.021 apróbase o modificado Nº1, o cal contempla unha ampliación de prazo de 2 meses.

**14.-** O 09 de maio de 2022, apróbase unha solicitude de ampliación de prazo de execución de obra ata o 20 de xullo de 2022, baseada na necesidade de rematar os traballos do tramo no que se produciu a suspensión parcial temporal de mais de 6 meses e na repercusión nas datas dos subministros da folga do transporte en marzo de 2.022.

**15.-** Con data de 09 de xuño de 2022, a Dirección Facultativa da obra emite informe no que se solicita o inicio do expediente de modificación Nº2 do proxecto de "URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO".

**16.-** Con data de 13 de xuño de 2022, Asínase a autorización o inicio do expediente de modificación Nº2 do proxecto de "URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO".

**17.-** Con data 22 de xuño de 2022, asínase a acta de conformidade ao modificado Nº2 do "PROXECTO CONSTRUTIVO DAS OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO" por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade da Xunta de Galicia, o Concello de Vigo e a entidade pública empresarial ADIF_ALTA VELOCIDAD.

**18.-** Con data 30 de xuño de 2022, a adxudicataria Civis Global S.L.U., presentou solicitude de ampliación de prazo de execución de obra ata o 20 de agosto de 2022, baseada no atraso na execución da acometida eléctrica xeral por parte de U.F.D, o cal, sumado á necesaria coordinación coas obras da contorna, provocaron unha demora, a cal repercutiu na execución das probas dos equipos eléctricos, imprescindibles antes da súa posta en marcha, a cal foi aprobada mediante resolución do concelleiro de Area o 01 de xullo de 2022.

**19.-** Pola dirección facultativa da obra emítese informe que consta no expediente, de data 22 de xullo de 2022, no seguinte senso:

"(...)

***II.- MODIFICACIÓNS***

*Neste apartado inclúense as modificacións fundamentais contidas no proxecto modificado n.º2.*

***II.1. Modificacións derivadas das condicións de encontro coas obras da contorna.***

*A Xunta de Goberno Local, en sesión de data 18 de febreriro de 2022, aprobou o proxecto de "CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO", o cal se atopa actualmente en fase final de licitación.*

*O citado proxecto, situado no entorno da nova estación intermodal, contempla unha estrutura que ten dous apoios dentro do ámbito de actuación dos espazos intersticiais, sendo necesario para a execución dos mesmos a realización de pilotes, polo que tendo en conta o método construtivo e a maquinaria necesaria para levalo a cabo, obrigaría a demoler gran parte das actuacións pendentes de execución na obra dos espazos intersticiais, por todo isto, e coa idea de non demoler actuacións de recente construción, revísase o proxecto de urbanización dos espazos intersticiais, coa finalidade de non executar as partidas afectadas por esta nova actuación.*



*Imaxe 1. Ámbito actuación contemplado no Modificado Nº1 do proxecto de OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO*




*Imaxe 2. Estrutura e apoios contemplados no proxecto de "CONEXIÓN PEONIL ENTRE AS RÚAS SERAFIN AVENDAÑO E VÍA NORTE NO CONCELLO DE VIGO"*

*Tal e como mostra a fotografía anterior, coa zona de intersticiais afectada marcada en amarelo, ademais dos apoios definitivos (pila 1 e pila 2), é necesaria a execución de apeos en fase de obra (apeo 4A e apeo 5A) e a colocación dunha grúa torre, ampliando así a zona necesaria de traballo.*

*Á vista destas circunstancias expostas, as modificacións baséanse principalmente nas seguintes liñas de actuación:*



*Imaxe 3. Detalle da zona afectada do Modificado Nº1 do proxecto de OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIALES NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO*

*A) Non executar a pavimentación final na zona de traballo mostrada na imaxe 3, a excepción da rampla sinalada en cor vermello, para así dar continuidade a zona de obra.*

*En consecuencia, vese alterado o <u>Capitulo 3 de Pavimentos e solados</u>, debido a non execución da pavimentación final.*

*B) Non executar a reixa de pluviais na zona de traballo mostrada na imaxe 3.*

*En consecuencia, vese alterado o <u>Capitulo 4 de Saneamento</u>, debido a non execución da reixa de pluviais.*

*C) Non executar a fonte ornamental mostrada na imaxe 3, deixando unicamente a previsión da conexión a rede de abastecemento.*

*En consecuencia, vese alterado o <u>Capítulo 5 Abastecemento e rego, subcapítulo 05.03 Fonte</u>, debido a non execución da fonte ornamental.*

*D) Non executar a xardinería na zona mostrada na imaxe 3, deixando previsión da conexión a rede de abastecemento.*

*En consecuencia, vese alterado o <u>Capítulo 6 Xardinería e arborado</u>, debido a non execución de parte da xardinería.*

*E) Non instalar a iluminación prevista no banco situado na zona mostrada na imaxe 3, xa que este no se executa.*

*En consecuencia, vese alterado o Capítulo 7 Iluminación pública, debido a non instalación da iluminación prevista no banco da zona 3.*

*F) Non executar o mobiliario urbano situado na zona mostrada na imaxe 3.*

*En consecuencia, vese alterado o Capítulo 8 Mobiliario urbano, debido a non execución de parte do mobiliario urbano.*

*G) Non executar parte das varandas e proteccións incluídas na zona da imaxe 3.*

*En consecuencia, vese alterado o Capítulo 10 Varandas e proteccións, debido a non execución de parte das varandas.*

*H) Non executar a escultura e o mástil contemplados na zona da imaxe 3.*

*En consecuencia, vese alterado o Capítulo 11 Equipamentos e dotacións, debido a non execución de parte da xardinería.*

***III.- OBXECTIVO E PROPOSTA DA MODIFICACIÓN***

*En relación á xustificación das modificacións citadas debemos atender a que no apartado 14 C das FEC (Follas Específicas do Contrato) do Prego de Cláusulas Administrativas reitor do contrato, sobre as circunstancias que determinan a modificación, contémplanse a seguinte:*

- *a necesidade de resolver adecuadamente a relación ou encontro das obras obxecto deste contrato coa nova Estación Intermodal de Vigo (que inclúe a Estación de Ferrocarril, a Terminal de Autobuses e o Centro Comercial Vialia) e deste modo acadar unha imaxe do conxunto de actuacións, de conformidade coa solución aprobada definitivamente polas entidades competentes para cada unha das obras.*

*Tendo en conta o anterior, indicar que todas as modificación recollidas no presente proxecto modificado n.º 2 xorden a causa de circunstancias previstas no PCAP da licitación, segundo o citado anteriormente.*

*Polo que as citadas modificacións suscitadas, están recollidas nas circunstancias descritas no art. 204 da “Ley 9/2017, de 8 de noviembre, de Contratos del Sector Público, por la que*

*se transponen al ordenamiento jurídico español las Directivas del Parlamento Europeo y del Consejo 2014/23UE y 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014" e no PCAP que rexe a contratación das obras.*

**IV.- DESGLOSE DE MODIFICACIÓNS E VARIACIÓNS POR CAPÍTULOS DO ORZAMENTO**

*Nos seguintes puntos sinálanse as modificacións estruturadas nos capítulos establecidos no Orzamento do Proxecto, todas derivadas das condicións de encontro coas obras da contorna e contempladas no artigo 204 da LSCP.*

***01. Traballos previos e demolicións***

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

***02. Preparación do terreo, explanación e contencións***

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

***03. Pavimentos e solados***

*Unicamente prodúcense reducións de medición da superficie pavimentada na zona de traballo mostrada na imaxe 3, a excepción da rampla sinalada en cor vermello.*

*En canto ao balance resultante de reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| | | | PROYECTO ORIGINAL | | | PROYECTO MODIFICADO Nº1 | | | PROYECTO MODIFICADO Nº2 | | | MOD2-MOD1 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CODIGO | UD | DESCRIPCION | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | DIFERENCIA |
| CAPÍTULO 03 PAVIMENTOS Y SOLADOS | | | | | 100.788,47 | | | 114.219,01 | | | 76.848,44 | -37.370,57 |
| 3,01 | m³ | ZAHORRA ARTIFICIAL EN SUBBASE | 823,26 | 8,20 | 6.750,73 | 649,70 | 8,20 | 5.327,54 | 649,70 | 8,20 | 5.327,54 | 0,00 |
| 3,02 | m² | PAVIMENTO DE HORMIGÓN LAVADO 20 cm | 2.968,57 | 25,20 | 74.807,96 | 2.484,52 | 25,20 | 62.609,90 | 1.100,00 | 25,20 | 27.720,00 | -34.889,90 |
| 3,03 | m² | PAVIMENTO HORMIGÓN SEMIPULIDO 15 cm COLOR ROJO | 429,50 | 27,75 | 11.918,63 | 919,00 | 27,75 | 25.502,25 | 919,00 | 27,75 | 25.502,25 | 0,00 |
| 3,04 | m² | PAVIMENTO BALDOSA CEMENTO 30x30 RELIEVE | 62,41 | 18,92 | 1.180,80 | 90,56 | 18,92 | 1.713,40 | 90,56 | 18,92 | 1.713,40 | 0,00 |
| 3,05 | m² | SOLERA HA-25 HORMIGÓN BLANCO SEMIPULIDO 20 cm | 29,00 | 28,19 | 817,51 | 71,18 | 28,19 | 2.006,56 | 42,18 | 28,19 | 1.189,05 | -817,51 |
| 3,06 | m³ | HA-25/P/20/IIa BLANCO VISTO ESCALERAS | 4,14 | 401,73 | 1.663,16 | 31,17 | 401,73 | 12.521,92 | 27,03 | 401,73 | 10.858,76 | -1.663,16 |
| 3,07 | m² | REJA ELECTROSOLDADA METÁLICA | 55,50 | 65,76 | 3.649,68 | 69,00 | 65,76 | 4.537,44 | 69,00 | 65,76 | 4.537,44 | 0,00 |

***04. Saneamento***

*Prodúcese unha reducción na unidade de canaleta de recollida de pluviais situada na zona afectada na imaxe 3.*

*En canto ao balance resultante das reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD | DESCRIPCION | PROYECTO ORIGINAL | | | PROYECTO MODIFICADO Nº1 | | | PROYECTO MODIFICADO Nº2 | | | MOD2-MOD1 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | DIFERENCIA |
| CAPÍTULO 04 | | SANEAMIENTO | | | 69.535,34 | | | 94.747,54 | | | 83.602,92 | -11.144,62 |
| 4,01 | Ud | ACOMETIDA RED GENERAL SANEAMIENTO A POZO DECANTACIÓN | 12,00 | 457,32 | 5.487,84 | 0,00 | 457,32 | 0,00 | 0,00 | 457,32 | 0,00 | 0,00 |
| 4,02 | Ml | TUBERIA PVC 63 UNE-EN 1401 ENTERRADA | 63,00 | 24,02 | 1.513,26 | 70,00 | 24,02 | 1.681,40 | 70,00 | 24,02 | 1.681,40 | 0,00 |
| 4,03 | Ml | TUBERIA PVC 110 UNE-EN 1401 ENTERRADA | 1,00 | 24,79 | 24,79 | 1,00 | 24,79 | 24,79 | 1,00 | 24,79 | 24,79 | 0,00 |
| 4,04 | Ml | TUBERIA PVC 200 UNE-EN 1401 ENTERRADA | 182,00 | 29,58 | 5.383,56 | 190,00 | 29,58 | 5.620,20 | 190,00 | 29,58 | 5.620,20 | 0,00 |
| 4,05 | Ml | TUBERIA PVC 315 UNE-EN 1401 ENTERRADA | 150,00 | 65,65 | 9.847,50 | 150,00 | 65,65 | 9.847,50 | 150,00 | 65,65 | 9.847,50 | 0,00 |
| 4,06 | Ml | TUBERIA PVC 400 UNE-EN 1401 ENTERRADA | 185,00 | 78,52 | 14.526,20 | 172,00 | 78,52 | 13.505,44 | 172,00 | 78,52 | 13.505,44 | 0,00 |
| 4,07 | ud | SUM.SIF.PVC C/REJ.PVC 250X250 SV 90-110 | 2,00 | 18,29 | 36,58 | 2,00 | 18,29 | 36,58 | 2,00 | 18,29 | 36,58 | 0,00 |
| 4,08 | ud | ARQUETA REGISTRABLE PREF. HM 60X60X60 CM | 14,00 | 79,71 | 1.115,94 | 16,00 | 79,71 | 1.275,36 | 16,00 | 79,71 | 1.275,36 | 0,00 |
| 4,09 | ud | ARQUETA REGISTRABLE PREF. HM 50X50X50 CM | 1,00 | 55,24 | 55,24 | 1,00 | 55,24 | 55,24 | 1,00 | 55,24 | 55,24 | 0,00 |
| 4,10 | Ud | VALVULA ANTIRRETORNO DN200MM | 1,00 | 119,85 | 119,85 | 1,00 | 119,85 | 119,85 | 1,00 | 119,85 | 119,85 | 0,00 |
| 4,11 | Ud | CANALETA DE HORMIGÓN POLÍMERO DE 125X1000 MM | 371,00 | 21,73 | 8.061,83 | 297,80 | 21,73 | 6.471,19 | 105,00 | 21,73 | 2.281,65 | -4.189,54 |
| 4,12 | Ud | REGISTRO PARA REJILLA RANURADA OCULTA DE 125X500MM EN ACERO | 14,00 | 62,16 | 870,24 | 15,00 | 62,16 | 932,40 | 5,00 | 62,16 | 310,80 | -621,60 |
| 4,13 | Ud | REJILLA RANURADA OCULTA DE 125X1000 MM EN ACERO INOXIDABLE | 371,00 | 32,85 | 12.187,35 | 297,80 | 32,85 | 9.782,73 | 105,00 | 32,85 | 3.449,25 | -6.333,48 |
| 4,14 | Ud | AYUDAS ALBAÑILERIA | 1,00 | 234,94 | 234,94 | 1,00 | 234,94 | 234,94 | 1,00 | 234,94 | 234,94 | 0,00 |
| 4,15 | UD | POZO REGISTRO Ø1, <1,5 M PROFUND., HM-17,5 | 9,00 | 318,60 | 2.867,40 | 3,00 | 318,60 | 955,80 | 3,00 | 318,60 | 955,80 | 0,00 |
| 4,16 | UD | POZO REGISTRO Ø1, 1,5-2,5 M PROFUND., HM-17,5 | 4,00 | 390,32 | 1.561,28 | 4,00 | 390,32 | 1.561,28 | 4,00 | 390,32 | 1.561,28 | 0,00 |
| 4,17 | UD | POZO REGISTRO Ø1, 2,5-3,5 M PROFUND., HM-17,5 | 2,00 | 429,75 | 859,50 | 2,00 | 429,75 | 859,50 | 2,00 | 429,75 | 859,50 | 0,00 |
| 4,18 | UD | POZO REGISTRO Ø1, >3,5 M PROFUND., HM-17,5 | 1,00 | 450,30 | 450,30 | 3,00 | 450,30 | 1.350,90 | 3,00 | 450,30 | 1.350,90 | 0,00 |
| 4,19 | m | RIGOLA PREFABRICADA EN BASE MURO | 74,00 | 31,91 | 2.361,34 | 74,00 | 31,91 | 2.361,34 | 74,00 | 31,91 | 2.361,34 | 0,00 |
| 4,20 | Ml | TUBO DREN.PVC CORR.SIMPLE SN2 D=160 MM | 80,00 | 24,63 | 1.970,40 | 153,00 | 24,63 | 3.768,39 | 153,00 | 24,63 | 3.768,39 | 0,00 |
| UO7OEC270 | ML | TUBO HORMIGON 1200 | - | | | 137,60 | 194,39 | 26.748,06 | 137,60 | 194,39 | 26.748,06 | 0,00 |
| PN1 | UD | POZO RECTANGULAR ELEMENTO COMUN | - | | | 5,00 | 471,71 | 2.358,55 | 5,00 | 471,71 | 2.358,55 | 0,00 |
| PN2 | ML | FUSTE POZO RECTANGULAR | - | | | 19,40 | 267,84 | 5.196,10 | 19,40 | 267,84 | 5.196,10 | 0,00 |

## *05. Abastecemento e rego*

### *05.01. Abastecemento*

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

### *05.02. Rego*

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

### *05.03. Fonte*

*Unicamente se producen as reducións derivadas de non executar a fonte ornamental mostrada na imaxe 3, deixando a previsión da conexión a rede de abastecemento.*

*En canto ao balance resultante das reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD | DESCRIPCION | PROYECTO ORIGINAL MEDICION | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº1 MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº2 MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | MOD2-MOD1 DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO 05 ABASTECIMIENTO Y RIEGO | | | | | 33.761,37 | | | 34.493,20 | | | 17.308,35 | -17.184,85 |
| SUBCAPÍTULO 05.03 FUENTE | | | | | 20.016,21 | | | 20.016,21 | | | 2.831,36 | -17.184,85 |
| 05.03.01 | UD | FILTRO DE ARENA LAMINADO, | 1,00 | 389,48 | 389,48 | 1,00 | 389,48 | 389,48 | 0,00 | 389,48 | 0,00 | -389,48 |
| 05.03.02 | UD | ARENA DE GRANOLOMETRÍA 0,4 - 0,8 MM PARA FILTRO DE ARENA | 1,00 | 53,93 | 53,93 | 1,00 | 53,93 | 53,93 | 0,00 | 53,93 | 0,00 | -53,93 |
| 05.03.03 | UD | ARENA DE GRANULOMETRÍA 1 - 2 MM PARA FILTRO DE ARENA | 1,00 | 59,92 | 59,92 | 1,00 | 59,92 | 59,92 | 0,00 | 59,92 | 0,00 | -59,92 |
| 05.03.04 | UD | VÁLVULAS DE CORTE Y RETENCIÓN, | 1,00 | 287,31 | 287,31 | 1,00 | 287,31 | 287,31 | 1,00 | 287,31 | 287,31 | 0,00 |
| 05.03.05 | UD | DOSIFICADOR AUTOMÁTICO DE PASTILLAS MULTI-ACCIÓN | 1,00 | 89,88 | 89,88 | 1,00 | 89,88 | 89,88 | 0,00 | 89,88 | 0,00 | -89,88 |
| 05.03.06 | Ud | INSTALACIONES FUENTE | 1,00 | 6.872,55 | 6.872,55 | 1,00 | 6.872,55 | 6.872,55 | 0,00 | 6.872,55 | 0,00 | -6.872,55 |
| 05.03.07 | Ud | CONJUNTO DESBORDE PERIMETRAL | 1,00 | 1.336,60 | 1.336,60 | 1,00 | 1.336,60 | 1.336,60 | 0,00 | 1.336,60 | 0,00 | -1.336,60 |
| 05.03.08 | Ud | BOQUILLA IMPULSIÓN | 1,00 | 490,24 | 490,24 | 1,00 | 490,24 | 490,24 | 0,00 | 490,24 | 0,00 | -490,24 |
| 05.03.09 | ml | TUBERÍA PVC PN10 50 UNE-EN 1452 | 110,00 | 12,61 | 1.387,10 | 110,00 | 12,61 | 1.387,10 | 110,00 | 12,61 | 1.387,10 | 0,00 |
| 05.03.10 | ml | TUBERÍA PVC PN10 90 UNE-EN 1452 | 28,30 | 14,86 | 420,54 | 28,30 | 14,86 | 420,54 | 14,10 | 14,86 | 209,53 | -211,01 |
| 05.03.11 | Ud | VALVULA BOLA ENCOLAR PVC 50 | 15,00 | 21,71 | 325,65 | 15,00 | 21,71 | 325,65 | 10,00 | 21,71 | 217,10 | -108,55 |
| 05.03.12 | Ud | VALVULA MARIPOSA PVC 125-140 | 3,00 | 33,10 | 99,30 | 3,00 | 33,10 | 99,30 | 2,00 | 33,10 | 66,20 | -33,10 |
| 05.03.13 | Ud | SISTEMA DE SEGURIDAD | 1,00 | 951,80 | 951,80 | 1,00 | 951,80 | 951,80 | 0,00 | 951,80 | 0,00 | -951,80 |
| 05.03.14 | Ud | VALVULA RETENCIÓN DN50 | 1,00 | 24,66 | 24,66 | 1,00 | 24,66 | 24,66 | 1,00 | 24,66 | 24,66 | 0,00 |
| 05.03.15 | UD | ARQUETA DE REGISTRO 2x1,5x2,5m | 1,00 | 639,46 | 639,46 | 1,00 | 639,46 | 639,46 | 1,00 | 639,46 | 639,46 | 0,00 |
| 05.03.16 | UD | LED SUMERGIBLES EN ACERO INOXIDABLE LED 24 VDC 14 W | 3,00 | 188,80 | 566,40 | 3,00 | 188,80 | 566,40 | 0,00 | 188,80 | 0,00 | -566,40 |
| 05.03.17 | Ud | ARMARIO MANIOBRAS | 1,00 | 1.608,70 | 1.608,70 | 1,00 | 1.608,70 | 1.608,70 | 0,00 | 1.608,70 | 0,00 | -1.608,70 |
| 05.03.18 | UD | SISTEMA DE CONTROL DE NIVEL | 1,00 | 850,00 | 850,00 | 1,00 | 850,00 | 850,00 | 0,00 | 850,00 | 0,00 | -850,00 |
| 05.03.19 | ud | CUADRO SECUNDARIO FUENTE (BOMBAS) | 1,00 | 979,81 | 979,81 | 1,00 | 979,81 | 979,81 | 0,00 | 979,81 | 0,00 | -979,81 |
| 05.03.20 | m | MALLA PARA TOMA DE TIERRA DE ESTRUCTURA | 1,00 | 329,35 | 329,35 | 1,00 | 329,35 | 329,35 | 0,00 | 329,35 | 0,00 | -329,35 |
| 05.03.21 | m | MALLA PARA TOMA DE TIERRA EQUIPOTENCIAL | 1,00 | 329,35 | 329,35 | 1,00 | 329,35 | 329,35 | 0,00 | 329,35 | 0,00 | -329,35 |
| 05.03.22 | ud | TOMA DE TIERRA CON PICA Y TAPA DE REGISTRO | 8,00 | 47,80 | 382,40 | 8,00 | 47,80 | 382,40 | 0,00 | 47,80 | 0,00 | -382,40 |
| 05.03.23 | Ud | LUMINARIA DE EMERGENCIA DAISALUX HYDRA N3-TCA 165 LÚM. | 1,00 | 41,12 | 41,12 | 1,00 | 41,12 | 41,12 | 0,00 | 41,12 | 0,00 | -41,12 |
| 05.03.24 | Ud | LUMINARIA CORELINE ESTANCA WT120C G2 LED60S/840 PSU L1200 | 1,00 | 56,70 | 56,70 | 1,00 | 56,70 | 56,70 | 0,00 | 56,70 | 0,00 | -56,70 |
| 05.03.25 | Ud | PTO LUZ SENCILLO ESTANCO SIMON 100 | 1,00 | 24,46 | 24,46 | 1,00 | 24,46 | 24,46 | 0,00 | 24,46 | 0,00 | -24,46 |
| 05.03.26 | Ud | PUNTO LUZ DE EMERGENCIA | 1,00 | 14,38 | 14,38 | 1,00 | 14,38 | 14,38 | 0,00 | 14,38 | 0,00 | -14,38 |
| 05.03.27 | Ud | BASE ENCHUFE ESTANCA 16A 2P+T | 2,00 | 22,04 | 44,08 | 2,00 | 22,04 | 44,08 | 0,00 | 22,04 | 0,00 | -44,08 |
| 05.03.28 | u | VENTILADOR HELICOIDAL MURAL 700 M3/H | 1,00 | 78,23 | 78,23 | 1,00 | 78,23 | 78,23 | 0,00 | 78,23 | 0,00 | -78,23 |
| 05.03.29 | m | TUBO CIRCULAR PVC EXTRACCIÓN/VENTILACIÓN D=200 MM | 8,00 | 13,64 | 109,12 | 8,00 | 13,64 | 109,12 | 0,00 | 13,64 | 0,00 | -109,12 |
| 05.03.30 | u | REJILLA RETORNO LAMAS HORIZONTALES 200X200 MM | 1,00 | 16,37 | 16,37 | 1,00 | 16,37 | 16,37 | 0,00 | 16,37 | 0,00 | -16,37 |
| 05.03.31 | UD | PRUEBAS ORGANISMOS DE CONTROL DE INSTALACIONES | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 0,00 | 578,66 | 0,00 | -578,66 |
| 05.03.32 | UD | LEGALIZACION EN INDUSTRIA | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 0,00 | 578,66 | 0,00 | -578,66 |

## *06. Xardinería e arborado*

*Elimínase do proxecto a xardinería situada na zona sinalada na imaxe 3.*

*En canto ao balance resultante das reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD | DESCRIPCION | PROYECTO ORIGINAL MEDICION | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº1 MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº2 MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | MOD2-MOD1 DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO 06 JARDINERÍA Y ARBOLADO | | | | | 21.117,51 | | | 19.447,41 | | | 10.388,70 | -9.058,71 |
| 6,01 | m² | SUSTRATO COMERCIAL FERTILIZADO | 161,20 | 18,41 | 2.967,69 | 330,09 | 18,41 | 6.076,96 | 290,09 | 18,41 | 5.340,56 | -736,40 |
| 6,02 | m² | LÁMINA GEOMALLA PROTECCIÓN TALUDES | 463,08 | 13,02 | 6.029,30 | 0,00 | 13,02 | 0,00 | 0,00 | 13,02 | 0,00 | 0,00 |
| 6,03 | m² | CESPED EN PLAQUETA O TEPE RAY-GRASS | 107,00 | 5,59 | 598,13 | 107,00 | 5,59 | 598,13 | 0,00 | 5,59 | 0,00 | -598,13 |
| 6,04 | ud | OLEA EUROPAEA EJEMPLAR CENTENA | 1,00 | 3.713,40 | 3.713,40 | 1,00 | 3.713,40 | 3.713,40 | 0,00 | 3.713,40 | 0,00 | -3.713,40 |
| 6,05 | ud | LIQUIDAMBAR STYRACIFLUA 35/45 | 5,00 | 105,13 | 525,65 | 5,00 | 105,13 | 525,65 | 0,00 | 105,13 | 0,00 | -525,65 |
| 6,06 | ud | PRUNUS CERASUS 30/35 | 12,00 | 160,01 | 1.920,12 | 17,00 | 160,01 | 2.720,17 | 17,00 | 160,01 | 2.720,17 | 0,00 |
| 6,07 | ud | PARTHENOCISUS QUINQUEFOLIA | 197,50 | 8,61 | 1.700,48 | 197,50 | 8,61 | 1.700,48 | 0,00 | 8,61 | 0,00 | -1.700,48 |
| 6,08 | ud | ROSMARINUS OFFICINALIS PROSTATUS 0,20-0,30 m | 358,00 | 2,37 | 848,46 | 488,00 | 2,37 | 1.156,56 | 366,00 | 2,37 | 867,42 | -289,14 |
| 6,09 | ud | HEBE TOPIARIA 0,15-0,20 m | 136,00 | 5,11 | 694,96 | 136,00 | 5,11 | 694,96 | 0,00 | 5,11 | 0,00 | -694,96 |
| 6,10 | ud | NORDUS STRICTA 0,15-0,20 m | 96,00 | 3,02 | 289,92 | 96,00 | 3,02 | 289,92 | 0,00 | 3,02 | 0,00 | -289,92 |
| 6,11 | ud | MOLINIA CAERUELA 0,15-0,20 m | 32,00 | 4,42 | 141,44 | 32,00 | 4,42 | 141,44 | 0,00 | 4,42 | 0,00 | -141,44 |
| 6,12 | ud | JUNCUS SQUARROSUS 0,20-0,30 m | 26,00 | 3,02 | 78,52 | 26,00 | 3,02 | 78,52 | 0,00 | 3,02 | 0,00 | -78,52 |
| 6,13 | ud | ATHYRIUM FILIX-FEMINA / DRYOPTERIS 0,20-0,30 m | 24,00 | 4,91 | 117,84 | 24,00 | 4,91 | 117,84 | 0,00 | 4,91 | 0,00 | -117,84 |
| 6,14 | ud | RHODODENDRON HINO CRIMSON 0,20-0,30 m | 160,00 | 6,21 | 993,60 | 170,00 | 6,21 | 1.055,70 | 155,00 | 6,21 | 962,55 | -93,15 |
| 6,15 | ud | CALLUNA VULGARIS 0,15-0,20 m | 100,00 | 4,98 | 498,00 | 116,00 | 4,98 | 577,68 | 100,00 | 4,98 | 498,00 | -79,68 |

### *07. Alumeado público*

*Redúcese a medición derivada da non execución da iluminación prevista para o banco lineal, que tampouco se vai executar.*

*En canto ao balance resultante das reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| | | | PROYECTO ORIGINAL | | | PROYECTO MODIFICADO Nº1 | | | PROYECTO MODIFICADO Nº2 | | | MOD2-MOD1 |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CODIGO | UD | DESCRIPCION | MEDICION | PRECIO | IMPORTE | MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | DIFERENCIA |
| CAPÍTULO 07 ALUMBRADO PÚBLICO | | | | | 126.757,15 | | | 84.468,71 | | | 76.921,79 | -7.546,92 |
| 7,01 | Ud | ARQUETA P/ILUMINACIÓN 50X50X100 CM CON PICA | 21,00 | 67,69 | 1.421,49 | 21,00 | 67,69 | 1.421,49 | 21,00 | 67,69 | 1.421,49 | 0,00 |
| 7,02 | Ud | ARQUETA P/ILUMINACIÓN 40X40X100 CM | 6,00 | 64,23 | 385,38 | 6,00 | 64,23 | 385,38 | 6,00 | 64,23 | 385,38 | 0,00 |
| 7,03 | UD | ARQUETA-REGISTRO 60X60X85 CM | 13,00 | 113,88 | 1.480,44 | 13,00 | 113,88 | 1.480,44 | 13,00 | 113,88 | 1.480,44 | 0,00 |
| 7,04 | Ud | BÁCULO 6 M PARA PUNTO DE LUZ | 7,00 | 268,23 | 1.877,61 | 27,00 | 268,23 | 7.242,21 | 27,00 | 268,23 | 7.242,21 | 0,00 |
| 7,05 | UD | BASE PARA FAROLA HORMIGÓN HM-20 0,6X0,6X0,8 M | 7,00 | 70,90 | 496,30 | 27,00 | 70,90 | 1.914,30 | 27,00 | 70,90 | 1.914,30 | 0,00 |
| 7,06 | UD | MACIZADO HORMIGÓN POBRE, PROTECCIÓN BÁCULO | 7,00 | 8,47 | 59,29 | 0,00 | 8,47 | 0,00 | 0,00 | 8,47 | 0,00 | 0,00 |
| 7,07 | Ud | CUADRO MANDO HOMOLOGADO | 1,00 | 7.039,56 | 7.039,56 | 1,00 | 7.039,56 | 7.039,56 | 1,00 | 7.039,56 | 7.039,56 | 0,00 |
| 7,08 | MI | LÍNEA DE MANDO DE ALUMBRADO | 900,00 | 1,76 | 1.584,00 | 0,00 | 1,76 | 0,00 | 0,00 | 1,76 | 0,00 | 0,00 |
| 7,09 | m. | LÍNEA ALUMB.P.2(1X6)+T.16 CU. C/EXC. | 855,00 | 8,67 | 7.412,85 | 0,00 | 8,67 | 0,00 | 0,00 | 8,67 | 0,00 | 0,00 |
| 7,10 | m. | LÍNEA ALUMB.P.2(1X10)+T.16 CU. C/EXC. | 630,00 | 9,59 | 6.041,70 | 0,00 | 9,59 | 0,00 | 0,00 | 9,59 | 0,00 | 0,00 |
| 7,11 | m. | LÍNEA ALUMB.P.3(1X6)+T.16 CU. C/EXC. | 50,00 | 9,11 | 455,50 | 0,00 | 9,11 | 0,00 | 0,00 | 9,11 | 0,00 | 0,00 |
| 7,12 | m. | LÍNEA ALUMB.P.4(1X6)+T.16 CU. C/EXC. | 370,00 | 9,54 | 3.529,80 | 938,00 | 9,54 | 8.948,52 | 938,00 | 9,54 | 8.948,52 | 0,00 |
| 7,13 | MI | COND. AL RZ1-K 0,6/1KV 4X(1X25)+T AFUMEX | 35,00 | 3,40 | 119,00 | 35,00 | 3,40 | 119,00 | 35,00 | 3,40 | 119,00 | 0,00 |
| 7,14 | Ud | DETECTOR ROBO DE CABLE | 1,00 | 1.533,00 | 1.533,00 | 1,00 | 1.533,00 | 1.533,00 | 1,00 | 1.533,00 | 1.533,00 | 0,00 |
| 7,15 | m | CONDUCTOR MULTIPOLAR DE CU: 3X2,5 MM² TIPO: RZ1-K (AS) 0,6/1 KV | 25,00 | 1,25 | 31,25 | 237,50 | 1,25 | 296,88 | 237,50 | 1,25 | 296,88 | 0,00 |
| 7,16 | m | CONDUCTOR MULTIPOLAR DE CU: 3X4 MM² TIPO: RZ1-K (AS) 0,6/1 KV | 15,00 | 1,64 | 24,60 | 0,00 | 1,64 | 0,00 | 0,00 | 1,64 | 0,00 | 0,00 |
| 7,17 | m | CONDUCTOR MULTIPOLAR DE CU: 3X6 MM² TIPO: RZ1-K (AS) 0,6/1 KV | 50,00 | 2,22 | 111,00 | 0,00 | 2,22 | 0,00 | 0,00 | 2,22 | 0,00 | 0,00 |
| 7,18 | m | CONDUCTOR MULTIPOLAR DE CU: 5X6 MM² TIPO: RZ1-K (AS) 0,6/1 KV | 45,00 | 2,76 | 124,20 | 180,00 | 2,76 | 496,80 | 180,00 | 2,76 | 496,80 | 0,00 |
| 7,19 | m | CONDUCTOR MULTIPOLAR DE CU: 5X10 MM² TIPO: RZ1-K (AS) 0,6/1 KV | 10,00 | 4,84 | 48,40 | 10,00 | 4,84 | 48,40 | 10,00 | 4,84 | 48,40 | 0,00 |
| 7,20 | ML | CANAL. ACERA, 5 TUBOS POLIETILENO Ø110MM + 1 Ø63 ./DOBLE PARED | 150,00 | 14,32 | 2.148,00 | 0,00 | 14,32 | 0,00 | 0,00 | 14,32 | 0,00 | 0,00 |
| 7,21 | ML | CANAL. ACERA, 3 TUBOS POLIETILENO Ø110MM + 1 Ø63 ./DOBLE PARED | 180,00 | 12,37 | 2.226,60 | 0,00 | 12,37 | 0,00 | 0,00 | 12,37 | 0,00 | 0,00 |
| 7,22 | ML | CANAL. ACERA, 2 TUBOS POLIETILENO Ø110MM + 1 Ø63 ./DOBLE PARED | 300,00 | 11,40 | 3.420,00 | 900,00 | 11,40 | 10.260,00 | 900,00 | 11,40 | 10.260,00 | 0,00 |
| 7,23 | ML | CANAL. ACERA, 2 TUBOS POLIETILENO Ø160MM ./DOBLE PARED | 310,00 | 11,69 | 3.623,90 | 0,00 | 11,69 | 0,00 | 0,00 | 11,69 | 0,00 | 0,00 |
| 7,24 | ML | CANAL. CRUCE CALZADA, 4 TUBOS POLIETILENO Ø110MM + 1 Ø63 | 20,00 | 27,52 | 550,40 | 20,00 | 27,52 | 550,40 | 20,00 | 27,52 | 550,40 | 0,00 |
| 7,25 | ML | CANAL. CRUCE CALZADA, 2 TUBOS POLIETILENO Ø160MM | 20,00 | 25,86 | 517,20 | 20,00 | 25,86 | 517,20 | 20,00 | 25,86 | 517,20 | 0,00 |
| 7,26 | m | TUBO PLÁSTICO RÍGIDO LIBRE DE HALÓGENOS DN 40MM. CLASIFIC: 4321 | 200,00 | 6,25 | 1.250,00 | 200,00 | 6,25 | 1.250,00 | 200,00 | 6,25 | 1.250,00 | 0,00 |
| 7,27 | MI | CANALIZACIÓN TUBO PE D=63 MM | 740,00 | 4,43 | 3.278,20 | 740,00 | 4,43 | 3.278,20 | 740,00 | 4,43 | 3.278,20 | 0,00 |
| 7,28 | MI | CANALIZACIÓN TUBO PE D=110 MM | 740,00 | 4,88 | 3.611,20 | 740,00 | 4,88 | 3.611,20 | 740,00 | 4,88 | 3.611,20 | 0,00 |
| 7,29 | Ud | LUMINARIA PROYECTOR LED PARA BACULO 1X67W LED | 14,00 | 302,58 | 4.236,12 | 4,00 | 302,58 | 1.210,32 | 4,00 | 302,58 | 1.210,32 | 0,00 |
| 7,30 | Ud | BAÑADOR DE SUELO ERCO LIGHTMARK | 12,00 | 270,75 | 3.249,00 | 0,00 | 270,75 | 0,00 | 0,00 | 270,75 | 0,00 | 0,00 |
| 7,31 | Ud | ERCO LIGHTSCAN BAÑADOR DE PARED/TECHO | 46,00 | 419,23 | 19.284,58 | 0,00 | 419,23 | 0,00 | 0,00 | 419,23 | 0,00 | 0,00 |
| 7,32 | Ud | ERCO TESIS LUMINARIA EMPOTRABLE DE SUELO | 113,00 | 268,42 | 30.331,46 | 0,00 | 268,42 | 0,00 | 0,00 | 268,42 | 0,00 | 0,00 |
| 7,33 | Ud | ERCO PARSCOOP BAÑADOR DE PARED/TECHO | 9,00 | 455,77 | 4.101,93 | 0,00 | 455,77 | 0,00 | 0,00 | 455,77 | 0,00 | 0,00 |
| 7,34 | Ud | ERCO GECKO PROYECTOR | 9,00 | 455,77 | 4.101,93 | 4,00 | 455,77 | 1.823,08 | 0,00 | 455,77 | 0,00 | -1.823,08 |
| 7,35 | Ud | TIRA LED | 124,00 | 46,16 | 5.723,84 | 124,00 | 46,16 | 5.723,84 | 0,00 | 46,16 | 0,00 | -5.723,84 |
| 7,36 | Ud | LUMINARIA CORELINE ESTANCA WT120C G2 LED60S/840 PSU L1200 | 3,00 | 56,70 | 170,10 | 0,00 | 56,70 | 0,00 | 0,00 | 56,70 | 0,00 | 0,00 |
| 7,37 | UD | PRUEBAS ORGANISMOS DE CONTROL DE INSTALACIONES | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 0,00 |
| 7,38 | UD | LEGALIZACION EN INDUSTRIA | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 1,00 | 578,66 | 578,66 | 0,00 |
| U1OPI440 | UD | PROYECTOR PHILPS BVP 125 T 25 1XLED 80-4S/740OGFA 52 O SIMILAR | | | | 7,00 | 394,02 | 2.758,14 | 7,00 | 394,02 | 2.758,14 | 0,00 |
| PN03 | UD | LUMINARIA SOLAR LED LEDISSON LD-1630040-740 SUN M31 40 W O SIMILAR | | | | 27,00 | 685,27 | 18.502,29 | 27,00 | 685,27 | 18.502,29 | 0,00 |
| U10CC120 | UD | BACULO 10 METROS PUNTO DE LUZ ACABADO SIMONLIGTHTING TIPO CEU | | | | 2,00 | 1.099,06 | 2.198,12 | 2,00 | 1.099,06 | 2.198,12 | 0,00 |
| U10CT020 | UD | CRUCETA PARA PROYECTORES | | | | 2,00 | 351,31 | 702,62 | 2,00 | 351,31 | 702,62 | 0,00 |

### *08. Mobiliario urbano*

*Redúcese a medición do mobiliario derivada de non colocar o banco lineal, a fonte bebedoiro e as papeleiras previstas na zona da imaxe 3.*

*En canto ao balance resultante das reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD | DESCRIPCION | PROYECTO ORIGINAL MEDICION | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº1 MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº2 MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | MOD2-MOD1 DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO 08 MOBILIARIO URBANO | | | | | 51.813,61 | | | 52.362,02 | | | 6.812,61 | -45.549,41 |
| 8,01 | ud | BANCO DE HORMIGÓN PREFABRICADO BLANCO | 3,00 | 548,41 | 1.645,23 | 4,00 | 548,41 | 2.193,64 | 4,00 | 548,41 | 2.193,64 | 0,00 |
| 8,02 | ud | FUENTE HORMIGÓN PREFABRICADO BLANCO AISLADA | 1,00 | 269,08 | 269,08 | 1,00 | 269,08 | 269,08 | 1,00 | 269,08 | 269,08 | 0,00 |
| 8,03 | ud | FUENTE HORMIGÓN PREFABRICADO BLANCO ADOSADA | 1,00 | 342,91 | 342,91 | 1,00 | 342,91 | 342,91 | 0,00 | 342,91 | 0,00 | -342,91 |
| 8,04 | m | BANCO LINEAL IN SITU HORMIGÓN BLANCO | 148,30 | 218,84 | 32.453,97 | 148,30 | 218,84 | 32.453,97 | 0,00 | 218,84 | 0,00 | -32.453,97 |
| 8,05 | m | CANAL - CAZ HORMIGÓN BLANCO | 110,74 | 113,34 | 12.551,27 | 110,74 | 113,34 | 12.551,27 | 0,00 | 113,34 | 0,00 | -12.551,27 |
| 8,06 | ud | PAPELERA HORMIGÓN PREFABRICADO BLANCO | 4,00 | 100,63 | 402,52 | 4,00 | 100,63 | 402,52 | 2,00 | 100,63 | 201,26 | -201,26 |
| 8,07 | m | BARRERA SEGURIDAD ABATIBLE JARDINERA | 7,50 | 553,15 | 4.148,63 | 7,50 | 553,15 | 4.148,63 | 7,50 | 553,15 | 4.148,63 | 0,00 |

### *09. Sinalización, rótulos e marcas viais*

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

### *10. Varandas e proteccións*

*Inclúense neste capitulo as correspondentes reduccións en varandas e pasamanos, a consecuencia de non executar a zona afectada mostrada na imaxe 3.*

*En canto ao balance resultante das reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD | DESCRIPCION | PROYECTO ORIGINAL MEDICION | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº1 MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº2 MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | MOD2-MOD1 DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO 10 BARANDILLAS Y PROTECCIONES | | | | | 3.018,35 | | | 7.139,61 | | | 6.653,87 | -485,74 |
| 10,01 | m | BARANDA RAMPA PLETINA ACERO | 49,92 | 32,13 | 1.603,93 | 165,65 | 32,13 | 5.322,33 | 165,65 | 32,13 | 5.322,33 | 0,00 |
| 10,02 | m | PASAMANOS TUBO D= 40 mm | 152,00 | 6,54 | 994,08 | 213,60 | 6,54 | 1.396,94 | 203,60 | 6,54 | 1.331,54 | -65,40 |
| 10,03 | m | BARANDILLA CHAPA ACERO GALVANIZADO 2 mm | 7,08 | 59,37 | 420,34 | 7,08 | 59,37 | 420,34 | 0,00 | 59,37 | 0,00 | -420,34 |

### *11. Equipamentos e dotacións*

*Inclúese a reducción das unidades derivadas de non executar a escultura, o mástil e o arquetón da fonte contemplados na zona da imaxe 3.*

*En canto ao balance resultante das reducións xerais nas unidades de obra do proxecto, supón:*

| CODIGO | UD | DESCRIPCION | PROYECTO ORIGINAL MEDICION | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº1 MEDICIC | PRECIO | IMPORTE | PROYECTO MODIFICADO Nº2 MEDICIOI | PRECIO | IMPORTE | MOD2-MOD1 DIFERENCIA |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| CAPÍTULO 11 EQUIPAMIENTOS Y DOTACIONES | | | | | 41.807,68 | | | 41.807,68 | | | - | -41.807,68 |
| 11,01 | Ud | ESCULTURA | 1,00 | 35.472,76 | 35.472,76 | 1,00 | 35.472,76 | 35.472,76 | 0,00 | 35.472,76 | 0,00 | -35.472,76 |
| 11,02 | Ud | MÁSTIL DE ALUMINIO 8m ANTIRROBO | 4,00 | 306,02 | 1.224,08 | 4,00 | 306,02 | 1.224,08 | 0,00 | 306,02 | 0,00 | -1.224,08 |
| 11,03 | m³ | HORMIGÓN ARM. HA-25/P/20/ IIa PEDESTAL ESCULTURA | 4,88 | 229,79 | 1.121,38 | 4,88 | 229,79 | 1.121,38 | 0,00 | 229,79 | 0,00 | -1.121,38 |
| 11,04 | Ud | ARQUETÓN MODULAR PREFABRICADA EQUIPAMIENTO FUENTE | 1,00 | 3.989,46 | 3.989,46 | 1,00 | 3.989,46 | 3.989,46 | 0,00 | 3.989,46 | 0,00 | -3.989,46 |

***12. Pozo de decantación***

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

***13. Imprevistos***

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

***14. Xestión de residuos***

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

***15. Seguridade e Saúde***

*Mantense o importe do proxecto modificado Nº1 aprobado.*

## ***VI.- ORZAMENTO***

*As variacións recollidas no presente modificado Nº2 son debido a modificacións que atenden as circunstancias recollidas nas FEC polo que axústanse ao establecido no artigo 204 da LCSP de modificacións previstas no PCAP reitor do contrato*

*A totalidade das modificacións propostas neste expediente, cuantitativamente resultan ser inferiores ao PEM, como se resume nas seguintes táboas:*

| CODIGO | DESCRIPCION | PROYECTO ORIGINAL IMPORTE PEM | PROYECTO MODIFICADO Nº 1 IMPORTE PEM | PROYECTO MODIFICADO Nº 2 IMPORTE PEM | MODIFICADO 2 - MODIFICADO 1 | | MODIFICADO 2-PROYECTO ORIGINAL | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | IMPORTE | % S/PEM TOTAL P.O. | IMPORTE | % S/PEM TOTAL P.O. |
| CAP. 01 | TRABAJOS PREVIOS Y DEMOLICIONES | 4.830,60 € | 4.073,13 € | 4.073,13 € | 0,00 € | 0,000% | -757,47 € | -0,089% |
| CAP. 02 | PREPARACIÓN DEL TERRENO, EXP. Y CONT. | 120.743,96 € | 176.013,76 € | 176.013,76 € | 0,00 € | 0,000% | 55.269,80 € | 6,483% |
| CAP. 03 | PAVIMENTOS Y SOLADOS | 100.788,47 € | 114.219,01 € | 76.848,44 € | -37.370,57 € | -4,195% | -23.940,03 € | -2,808% |
| CAP. 04 | SANEAMIENTO | 69.535,34 € | 94.747,54 € | 83.602,92 € | -11.144,62 € | -1,251% | 14.067,58 € | 1,650% |
| CAP. 05 | ABASTECIMIENTO Y RIEGO | 33.761,37 € | 34.493,20 € | 17.308,35 € | -17.184,85 € | -1,929% | -16.453,02 € | -1,930% |
| CAP. 06 | JARDINERÍA Y ARBOLADO | 21.117,51 € | 19.447,41 € | 10.388,70 € | -9.058,71 € | -1,017% | -10.728,81 € | -1,258% |
| CAP. 07 | ALUMBRADO PÚBLICO | 126.757,15 € | 84.468,71 € | 76.921,79 € | -7.546,92 € | -0,847% | -49.835,36 € | -5,845% |
| CAP. 08 | MOBILIARIO URBANO | 51.813,61 € | 52.362,02 € | 6.812,61 € | -45.549,41 € | -5,113% | -45.001,00 € | -5,278% |
| CAP. 09 | SEÑALIZACIÓN, RÓTULOS Y MARCAS VIALES | 727,28 € | 756,31 € | 756,31 € | 0,00 € | 0,000% | 29,03 € | 0,003% |
| CAP. 10 | BARANDILLAS Y PROTECCIONES | 3.018,35 € | 7.139,61 € | 6.653,87 € | -485,74 € | -0,055% | 3.635,52 € | 0,426% |
| CAP. 11 | EQUIPAMIENTOS Y DOTACIONES | 41.807,68 € | 41.807,68 € | 0,00 € | -41.807,68 € | -4,693% | -41.807,68 € | -4,904% |
| CAP. 12 | POZO DECANTACION | 191.574,67 € | 173.401,84 € | 173.401,84 € | 0,00 € | 0,000% | -18.172,83 € | -2,131% |
| CAP. 13 | IMPREVISTOS | 52.920,51 € | 52.920,51 € | 52.920,51 € | 0,00 € | 0,000% | 0,00 € | 0,000% |
| CAP. 14 | GESTIÓN DE RESIDUOS | 11.043,19 € | 12.785,22 € | 12.785,22 € | 0,00 € | 0,000% | 1.742,03 € | 0,204% |
| CAP. 15 | SEGURIDAD Y SALUD | 22.155,40 € | 22.155,40 € | 22.155,40 € | 0,00 € | 0,000% | 0,00 € | 0,000% |
| PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN MATERIAL | | 852.595,09 € | 890.791,35 € | 720.642,85 € | -170.148,50 € | | -131.952,24 € | |
| | 13% GASTOS GENERALES | 110.837,36 € | 115.802,88 € | 93.683,57 € | -22.119,31 € | | -17.153,79 € | |
| | 6% BENEFICIO INDUSTRIAL | 51.155,71 € | 53.447,48 € | 43.238,57 € | -10.208,91 € | | -7.917,13 € | |
| PRESUPUESTO DE EJECUCIÓN DE CONTRATA | | 1.014.588,16 € | 1.060.041,71 € | 857.564,99 € | -202.476,72 € | | -157.023,16 € | |
| | 21% IVA | 213.063,51 € | 222.608,76 € | 180.088,65 € | -42.520,11 € | | -32.974,86 € | |
| PRESUPUESTO BASE DE LICITACIÓN | | 1.227.651,67 € | 1.282.650,47 € | 1.037.653,64 € | -244.996,83 € | | -189.998,02 € | |
| | Baja de adjudicación (4,512974%) | -55.403,67 € | -57.885,68 € | -46.829,04 € | 11.056,74 € | | 8.574,56 € | |
| P. LÍQUIDO DE EJECUCIÓN POR CONTRATA | | 1.172.248,00 € | 1.224.764,69 € | 990.824,60 € | -233.940,09 € | -19,10% | -181.423,46 € | -15,48% |

*As citadas modificacións, propostas no presente Modificado nº 2 das **“OBRAS DE URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO”** , estímase que non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e que son de interese público, xa que permiten levar a cabo en condicións adecuadas a execución da obra, e que as mesmas encóntranse contempladas nos ámbitos do definido no apartado 14 b das FEC, tal como se define no presente informe.*

*Así mesmo, considérase que o modificado non suma prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, non amplía o obxecto do contrato e non cumpre finalidades novas non consideradas na documentación preparatoria deste, e non incorpora unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.*

*Ditas modificacións están contempladas no apartado 14 das FEC, indícase que a variación cualitativa e cuantitativa das mesmas en relación ao prezo do contrato, non supera as limitacións establecidas no PCAP reitor do contrato, xa que no seu apartado 14 d das FEC,*

*límites da modificación, sinala que a contía máxima da modificación non superará o 20% sobre o prezo do contrato (supón o -19,10% sobre o proxecto modificado nº1 e un -15,48% sobre o proxecto orixinal).*

*Tódalas modificacións estímase non supoñen alteracións dos fins e características básicas do proxecto inicial e son de interese para unha adecuada solución do obxecto da obra contratada, sendo motivadas en xeral polas novas condicións de encontro coas obras da contorna, condicións que non puideron ser previstas no proxecto orixinal.*

*As modificacións que se formulan non alteran as condicións de adxudicación e licitación recollidas no PCAP que rexen a contratación das obras.*

*As modificacións incluídas no presente modificado non alteran o prazo de execución das obras."*

## II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS

**I.-** A vixente Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e o do Consello 2014/23/UE 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (en adiante, LCSP), establece no seu artigo 190 que o órgano de contratación ostenta a prerrogativa de interpretar os contratos administrativos, resolver as dúbidas que ofreza o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta (artigo 203 LCSP), dentro dos límites e con suxeición aos requisitos e para os efectos sinalados na Lei.

**II.-** Asemade, o artigo 203.2 da LCSP contempla que os contratos administrativos celebrados polos órganos de contratación solo poderán modificarse durante a súa vixencia, cando se de algún dos seguintes supostos:

a) Cando así se teña previsto no prego de cláusulas administrativas particulares, nos términos e condicións establecidos no artigo 204 da LCSP;

b) Excepcionalmente cando sexa necesario realizar unha modificación que non está prevista no prego de cláusulas administrativas particulares, sempre e cando se cumpran as condicións establecidas no artigo 205.

Polo tanto, a LCSP prevé dous supostos de modificación dos contratos (artigos 204 e 205 da LCSP). No primeiro caso regúlanse as modificacións previstas na documentación que rexe a licitación e no segundo as modificacións non previstas na documentación que rexe a licitación.

**III.**- En relación coa posibilidade de modificación prevista no artigo 204 da LCSP , no apartado 14 das FEC do Prego de Cláusulas Administrativas do contrato, aprobado pola Xunta de Goberno local en data 29 de maio de 2019, establécese a posibilidade de modificación do mesmo nas seguintes circunstancias:

- Aspectos a modificar: as unidades de obra de traballos previos e demolicións, preparación terreo, explanacións, contencións, pavimentos e solados, saneamento, abastecemento e rego, xardinería, alumeado publico, mobiliario urbano, sinalización, varandas e proteccións, equipamentos e dotacións, pozo de decantación, reposición de servizos afectados , xestión de residuos e seguridade e saúde .

- Circunstancias que determinan a modificación:
    - Que no ámbito afectado polas obras aparezan redes de servizos, construcións soterradas, elementos de protección arqueolóxica, condicións xeotécnicas, estado das estruturas e contencións existentes distintas das recollidas no proxecto

    - Necesidades de resolver adecuadamente a relación ou encontro das obras obxecto deste contrato coa nova Estación Intermodal de Vigo (que inclúe a Estación de Ferrocarril, a Terminal de Autobuses e o centro comercial Vialia), e deste modo acadar unha imaxe unitaria do conxunto de actuacións, de conformidade coa solución aprobada definitivamente polas entidades competentes en cada unha das obras

De conformidade co disposto no devandito artigo 204 LCSP e no Prego, as modificacións en ningún caso poderán superar o 20% do prezo inicial do contrato.

**V.-** As especialidades procedimentais a seguir para a modificación dos contratos figuran reguladas con carácter xeral no artigo 207 da LCSP, figurando no artigo 242 do mesmo texto as especificacións propias das modificacións dos contratos de obra.

Tales requisitos son os seguintes:

1. Audiencia do redactor do proxecto ou das especificacións técnicas, se estes se tiveran preparado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude dun contrato de servizos para que, nun prazo non inferior a tres días, formulen as consideracións que considere convenientes (artigo 191, 207 e 242 da LCSP).

2. Informe da Asesoría Xurídica Municipal e fiscalización previa da Intervención Municipal (artigos 191 do LCSP e 102 do RLCAP)

3. Ditame preceptivo do Consello Consultivo de Galicia nos casos de modificacións do contrato cando no estivesen previstas no prego de cláusulas administrativas e a súa contía, illada ou conxuntamente, sexa superior a un 20 % do prezo inicial do contrato, IVA excluído, e o seu

prezo sexa igual ou superior a 6.000.000 de euros ou cando se formule oposición por parte do contratista (artigo 191 da LCSP)

Os requisitos específicos para os contratos de obras previstos no artigo 242 da LCSP son:

1. Cando as modificacións supoñan a introdución de unidades de obra non previstas no proxecto ou cuxas características difiran das fixadas neste, e non sexa necesario realizar unha nova licitación, os prezos aplicables ás mesmas serán fixados pola Administración, previa audiencia do contratista por prazo mínimo de tres días hábiles. Se este non aceptase os prezos fixados, o órgano de contratación poderá contratalas con outro empresario nos mesmos prezos que tivera fixado, executalas directamente ou optar pola resolución do contrato conforme ao articulo 211 da LCSP.

2. Cando o director facultativo da obra considere necesaria unha modificación do proxecto, e se cumpran os requisitos que a tal efecto regula esta lei, recadará do órgano de contratación autorización para iniciar o correspondente expediente, que substanciarase coas seguintes actuacións:

   a) Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica da mesma.
   b) Audiencia do contratista e do redactor do proxecto, por prazo mínimo de tres días.
   c) Aprobación do expediente polo órgano de contratación así como dos gastos complementarios precisos.

Así mesmo, recadarase o informe de supervisión de proxectos no supostos previstos no artigo 235 da LCSP (136.3 do RLCAP).

**VII.-** As modificacións do contrato serán obrigatorias para o contratista e deberán formalizarse conforme ao disposto no artigo 153 (artigo 205, 206 e 242.1 da LCSP). No caso de que a modificación supoña supresión ou redución de unidades de obra, o contratista non terá dereito a reclamar indemnización algunha (art.242.1 da LCSP)

**VIII.-** Deberase publicar en todo caso un anuncio de modificación no perfil do contratante do órgano de contratación, no prazo de 5 días desde a aprobación da mesma, que deberá ir acompañado das alegacións do contratista e de tódolos informes que , no seu caso, recadaranse con carácter previo á aprobación, incluídos aqueles aportados polo adxudicatario ou os emitidos polo propio órgano de contratación (artigo 63.3 e 207.3 da LCSP).

Asemade, remitirase copia certificada ao Consello de Contas dentro dos tres meses seguintes á formalización, para o exercicio da función fiscalizadora, sempre que a contía do contrato exceda de 600.000 euros, tratándose de obras (artigo 335 da LCSP).

**XIX.-** Revisado o expediente administrativo constan todos os requisitos legais preceptivos. Así:

1º.- Consta informe da Dirección Facultativa, reproducido nos antecedentes da presente proposta, xustificativo da necesidade da modificación, do seu interese público, e do cumprimento das esixencias dos artigos 203, 204 e 206 da LCSP así como do apartado 14 das FEC do PCAP reitor do contrato.

2º.- Consta autorización do Concelleiro Delegado da Área de Fomento e Servizos de data 16.06.2022, en virtude do Decreto de Alcaldía de data 18 de xuño de 2019 e Acordo de Delegación de Competencias da Xunta de Goberno Local nos Concelleiros Delegados de Área de data 20 de xuño de 2019, órgano de contratación conforme ó previsto na Disposición Adicional 2ª da LCSP.

3º.- Consta audiencia do redactor do proxecto, sen que formulara, en data 13.07.2022, consideracións ao mesmo. (Trámites 943, 947 e 948 do expediente dixital).

4º.- Consta o trámite de audiencia ao contratista e a conformidade deste, en data 13.07.2022, respecto á modificación. (Trámites 942, 949 e 950 do expediente dixital).

5º.- Consta informe favorable de supervisión do proxectos, realizado polo Xefe da Oficina de Supervisión de Proxectos de data 22.07.2022.

6º.- Recóllense no proxecto modificado, de acordo co establecido no artigo 160 do RD 1098/2001, de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante RXLCAP) de forma separada as variacións de medicións executadas de acordo ao artigo 242.4 i) da LCSP.

7º.- Non é preceptivo o ditame do Consello Consultivo de Galicia (artigo 191.3.b da LCSP).

8º.- Tal e como indica o informe da Dirección facultativa a modificación realizada en base ao artigo 204 da LCSP respecta o previsto no Prego de Cláusulas Administrativas.

9º.- Con carácter previo a súa aprobación polo órgano de contratación debe emitirse:

- Informe da Asesoría Xurídica Municipal
- Informe de Fiscalización da Intervención Xeral,

10º.- Unha vez aprobado o mesmo:

- Debe ser formalizado.
- Debe reaxustarse a garantía definitiva ao producirse variación no prezo no prazo de 15 días dende a notificación do acordo de modificación (artigo 109.3 d LCSP)
- Deberá facerse pública a información da modificación (artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e artigo 203.3 da LCSP)

**XIX.-** Procede elevar, previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral, a citada proposta á Xunta de de Goberno Local, na súa calidade de órgano de contratación, conforme ó previsto na Disposición adicional segunda da LCSP:

**PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**

**1º.-** Aprobar o proxecto modificado nº 2 das obras de **"URBANIZACIÓN DOS ESPAZOS INTERSTICIAIS NA ESTACIÓN INTERMODAL DE VIGO"** redactado pola Enxeñeira Industrial Begoña Arranz e polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos Xacobe Paz Salgado, o que supón un **importe líquido minorado de 233.940,09 € (-19,10%)** por causas xustificadas contempladas no artigo 204 da LCSP.

**2º.-** Proceder ao reaxuste da garantía definitiva con carácter previo á formalización do contrato.

**3º.-** Instar á mercantil CIVIS GLOBAL S.L.U., adxudicataria do contrato de obra, á formalización do modificado do mesmo no prazo máximo de 15 días hábiles a contar dende o seguinte ao da recepción da notificación da presente resolución, nos termos do artigo 153 da LCSP, debendo acreditarse con carácter previo á formalización o reaxuste da garantía nos termos do apartado anterior.

**4º.-** Remitir ao Consello de Contas a modificación do contrato, en cumprimento do artigo 335.2 da LCSP.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

## 13(710).- PRÓRROGA DO "CONTRATO DE SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO". EXPTE. 261/441

Visto o informe xurídico de data 03/08/2022 e o informe de fiscalización do 12/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 22/07/2022, asinado pola

enxeñeira técnica industrial, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais e o concelleiro-delegado de Fomento e Servizos, que di o seguinte:

**I.- Antecedentes:**

1.- A Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria de data 30 de agosto de 2019, acordou adxudicar a GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. o procedemento aberto para a **CONTRATACIÓN DO SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (261-441)** por un prezo total de 308.711,10 euros, sendo o importe correspondente ao IVE de 53.577,96 euros. O prezo ofertado do termo variable total é de 104.119,19 €/ano, sendo o prezo para as tarifas previstas no apartado 3.G.2 das FEC do PCAP o sinalado no cadro que se achega na oferta. Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada.

2.- O contrato formalizouse en documento administrativo en data 24/09/2019, e consta na Cláusula cuarta o prazo do contrato, o cal é de dous anos, contado a partir do 25/09/2019, estando previstas dúas prórrogas dun ano cada unha.

3.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria de data 16 de setembro de 2021, aprobou a primeira prórroga do vixente contrato, dun ano de duración, polo período comprendido dende o 25/09/2021 ata o 24/09/22.

4- Con data 03/06/2022 remítese ao adxudicatario, GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A., o aviso previo de prórroga dun ano de duración do contrato vixente de subministro de gas.

5- Con data 20/07/2022 recíbese por rexistro documento de aceptación da prórroga, no que se expón:

“..... GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. dá a súa conformidade á prórroga do contrato, sendo os prezos a facturar os mesmos que ofertamos na nosa oferta inicial........ A data do remate da esta prórroga do contrato será o vindeiro 24 de septiembre de 2023...”

**II.- FUNDAMENTOS TÉCNICOS E XURÍDICOS.**

**Primeiro**.- Iniciado o expediente de contratación con posterioridade a entrada en vigor da Lei 9/2017, 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro (LCSP) e adxudicado o contrato con posterioridade á entrada en vigor desta Lei e, daquela, conforme a esta, o contrato rexeranse pola Lei 9/2017 LCSP, en canto aos seus efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas.

**Segundo.**- O artigo 29.2 da LCSP, establece que o contrato poderá prever unha ou varias prórrogas sempre que as súas características permanezan inalterables durante o período de

duración destas, sen prexuízo das modificacións que se poidan introducir de conformidade co establecido nos artigos 203 a 207 da lei. A prórroga acordarase polo órgano de contratación e será obrigatoria para o empresario, sempre que o seu aviso previo se produza polo menos con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato, salvo que no prego que rexa o contrato se estableza un maior. Quedan exceptuados da obriga de aviso previo os contratos cuxa duración fose inferior a dous meses.

**Terceiro.-** O Prego de Cláusulas Administrativas Particulares aprobado pola Xunta de Goberno Local, en sesión de data 09/05/2019, establece expresamente na Cláusula 7.3 que o contrato poderá ser obxecto de prórroga polo período que se prevé no apartado 4.C da FEC, sempre que medie acordo expreso da Xunta de Goberno do Concello de Vigo e o preaviso se produza, cando menos, con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Quedan exceptuados da obriga de preaviso os contratos cuxa duración fora inferior a dous meses.

O referido apartado 4 das FEC establece nun prazo de execución do contrato de dous anos coa previsión no seu apartado C) de dúas prórrogas cunha duración dun ano cada unha.

**Cuarto.-** Considérase conveniente polos técnicos que subscriben a proposición da segunda prórroga do contrato de SUBMINISTRO DE GAS NATURAL PARA OS COLEXIOS PÚBLICOS, ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS, PAZO DE CONGRESOS E DEPENDENCIAS DO CONCELLO DE VIGO (expte 261/441) por un período dun ano toda vez que o funcionamento do subministro durante este prazo de execución foi satisfactorio cumpríndose correctamente as condicións establecidas á adxudicataria.

Consta no expediente escrito presentado pola adxudicataria do contrato, no Rexistro Xeral do Concello, o día 20 de xullo de 2022, no que manifesta a súa conformidade coa prórroga do contrato proposta.

**Quinto.-** Ao abeiro do establecido na Disposición Adicional 2ª apartado 4 da LCSP a competencia para a probar a prorroga corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do concello de Vigo.

**Sexto.-** O período da prórroga do contrato comprenderá dende o 25/09/2022 ata o 24/09/2023, de acordo coas seguintes condicións económicas:

O gasto máximo estimado para o período de prórroga é de cento cincuenta e catro mil trescentos cincuenta e cinco euros con cincuenta e cinco céntimos (154.355,55 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de vinte e seis mil setecentos oitenta e oito euros con noventa e oito céntimos (26.788,98 €); todo isto de acordo cos prezos unitarios establecidos no acordo de adxudicación e as condicións recollidas no PCAP.

**Sétimo.-** O importe da prórroga imputarase ás seguintes partidas orzamentarias, e segundo a seguinte distribución anual:

| Aplicación orzamentaria | 2022 | 2023 | Total |
|---|---|---|---|

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 3230 | 221.02.00 | Subministro gas centros docentes e garderías. | 14.900,00 € | 26.418,22 € | 41.318,22 € |
| 9200 | 221.02.00 | Subministro gas Pazo de congresos/auditorio Mar de Vigo dependencias municipais | 28.500,00 € | 80.098,47 € | 108.598,47 € |
| 9202 | 221.02.00 | Subministro gas Parque central de Servizos- Santa Cristina | 1.600,00 € | 2.838,86 € | 4.438,86 € |
| | | **Total** | **45.000,00 €** | **109.355,55 €** | **154.355,55 €** |

**Oitavo.-** Consta no expediente, a conformidade da mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A, sobre a presente proposta de prórroga, de data 20/07/2022.

Polo exposto, e previa fiscalización da Intervención xeral PROPONSE á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte,

**ACORDO**

**Primeiro.**- Aprobar a prórroga dun ano de duración do vixente contrato de subministro de gas natural para os Colexios Públicos, Escolas Infantís Municipais, Pazo de Congresos e dependencias do Concello de Vigo (expte 261/441), formalizado coa entidade mercantil GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. polo período comprendido desde o 25/09/2022 ata o 24/09/2023.

**Segundo-** Autorizar o gasto estimado do contrato de subministro de gas natural para os Colexios Públicos, Escolas Infantís Municipais, Pazo de Congresos e dependencias do Concello de Vigo (expte 261/441) (C.I.F. A61797536) por importe de CENTO CINCUENTA E CATRO MIL TRESCENTOS CINCUENTA E CINCO EUROS CON CINCUENTA E CINCO CÉNTIMOS (154.355,55 €) IVE engadido, sendo a cota correspondente ao IVE de VINTE E SEIS MIL SETECENTOS OITENTA E OITO EUROS CON NOVENTA E OITO CÉNTIMOS (26.788,98 €); imputando o devandito gasto ás seguintes aplicacións orzamentarias e segundo a seguinte distribución anual:

| **Aplicación orzamentaria** | | | **2022** | **2023** | **Total** |
|---|---|---|---|---|---|
| 3230 | 221.02.00 | Subministro gas centros docentes e garderías. | 14.900,00 € | 26.418,22 € | 41.318,22 € |
| 9200 | 221.02.00 | Subministro gas Pazo de congresos/auditorio Mar de Vigo dependencias municipais | 28.500,00 € | 80.098,47 € | 108.598,47 € |

| | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|
| 9202 | 221.02.00 | Subministro gas Parque central de Servizos- Santa Cristina | 1.600,00 € | 2.838,86 € | 4.438,86 € |
| **Total** | | | **45.000,00 €** | **109.355,55 €** | **154.355,55 €** |

**Terceiro.-** Notificar á empresa adxudicataria GAS NATURAL COMERCIALIZADORA, S.A. indicando que o presente acordo é definitivo en vía administrativa e que contra o mesmo poderán interpoñer recurso potestativo de reposición ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo no prazo dun mes, a contar desde o día seguinte a súa notificación, ou impugnalo directamente ante o xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous meses, contados a partir do día seguinte á súa notificación, sen prexuízo de que os interesados poidan exercitar, no seu caso calquera outro que estimen procedente.

Porén, interposto o recurso de reposición non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

**ACORDO**
A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**14(711).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN, POR PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE, DA EVOLUCIÓN DE SOFTWARE E SERVIZOS A SUBMINISTRAR, ASÍ COMO AS CONDICIÓNS TÉCNICAS A CUMPRIR NA REALIZACIÓN DA "EVOLUCIÓN TECNOLÓXICA DE SICAP A GEMA", PASANDO DO ACTUAL SISTEMA TAO 1.0 Á VERSIÓN TAO 2.0 E OS SERVIZOS CONEXOS DOS APLICATIVOS (LICENZAS, MANTEMENTO). EXPTE. 219/143.**
Visto o informe xurídico do 10/08/2022 e o informe de fiscalización do 17/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 10/08/2022, asinado polo tesoureiro-director superior contable e orzamentario e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**NORMATIVA DE APLICACIÓN**

No non previsto expresamente nos PPT, PCAP e FEC, estarase ao disposto no:

- Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, (BOE 9 de marzo de 2004).
- Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade financeira.

**ANTECEDENTES:**

Dando cumprimento á Resolución do Sr. Concelleiro delegado de Orzamentos e Facenda do Concello da data que reflicte a sinatura electrónica, por esta Dirección Superior Contable e Orzamentaria, procedeuse a dar inicio ao expediente para a contratación por procedemento negociado sin publicidade da evolución de software e servizos a subministrar, así como as condicións técnicas a cumprir na realización da "Evolución tecnolóxica de SICAP a GEMA", pasando do actual sistema TAO 1.0 á versión TAO 2.0 e os servizos conexos dos aplicativos (licenzas, mantemento)

Os documentos incorporados ao expediente son os seguintes:

Resolución de data que reflicte a sinatura electrónica do Sr. Concelleiro Delegado de Orzamentos e Facenda de inicio do expediente.

Xustificación da necesidade do contrato asinada polo Tesoureiro-Director Superior Contable e Orzamentario e polo Sr. Concelleiro de Delegado de Orzamentos e Facenda .

Memoria económica, asinada o 10/08/2022

Memoria xustificativa, asinada o 10/08/2022

Prego de prescricións técnicas, versión definitiva asinado polo Tesoureiro en data 10/08/2022

Prego de Cláusulas Administrativas asinado pola Técnico do Servizo de Contratación en data 10/08/2022.

Declaración sobre a redacción do Prego de prescricións técnicas asinado o 22/04/2022.

Informe do Servizo de Contratación de data 10/08/2022.

A competencia para a aprobación do PPT e do PCAP así como o expediente de contratación e a adxudicación do contrato corresponde á Xunta de Goberno Local como órgano de contratación que é do Concello de Vigo (artigos 116, 117, 122, 123 e Disposición Adicional Segunda e Terceira da LCSP, e artigos 318 e 319 LALGA/1997).

**PROPOSTA DE ACORDO:**

Previo informe da Asesoría Xurídica e da Intervención Xeral do Concello de Vigo, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar o Prego de prescricións técnicas e os seus anexos de data 10/08/2022 e de Cláusulas Administrativas particulares, e os seus anexos, asinado en data 10/08/2022, elaborados para a contratación por procedemento negociado sin publicidade da

evolución de software e servizos a subministrar, así como as condicións técnicas a cumprir na realización da "Evolución tecnolóxica de SICAP a GEMA", pasando do actual sistema TAO 1.0 á versión TAO 2.0 e os servizos conexos dos aplicativos (licenzas, mantemento)

SEGUNDO.- Dispoñer a apertura do procedemento para a selección do contratista na forma prevista na lexislación vixente e no PCAP.

TERCEIRO.- Autorizar o gasto por unha contía de 1.045.133,27 euros con IVE, dos que 103.000 euros corresponden ao exercicio corrente e 942.133,27euros a exercicios futuros (2023-2027), sendo o gasto sen IVE 863.746,50 euros e o IVE 181.386,77 euros.

**ACORDO**

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**15(712).- APROBACIÓN INICIAL DO PLAN ESPECIAL DE REFORMA INTERIOR U.E. INDUSTRIAL II-04 SANTO ANDRÉ DE COMESAÑA. EXPTE. 16958/411.**

A Xunta de Goberno local retira o asunto da orde do día e pospón a súa aprobación a outra sesión.

**ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicions legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto lexislativo 781/1986 de 18 de abril.

.- Bases reguladoras e convocatoria das “subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2022” . Expte. 10767/320.

Antes do tratamento de ditos asuntos para a súa aprobación (no seu caso, fora da orde do día) pola Secretaría do Goberno Local recóllese declaración expresa dos membros da Xunta de Goberno Local presentes na sesión de non incorrer en posible conflito de intereses, nos termos establecidos no modelo aprobado para a Xunta de Goberno Local por Resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 24.02.2021, e de conformidade co Plan de Integridade na Contratación, aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 12.12.2020, e o seu

Desenvolvemento Operativo aprobado por resolución da Concellería Delegada de Xestión Municipal de data 17.12.2019.

**16(713).- BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DAS "SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUIR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PARA O ANO 2022". EXPTE. 10767/320.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día, de conformidade coa xustificación que consta no expediente aportada polo servizo correspondente.

Visto o informe de fiscalización do 24/08/2022, dáse conta do informe-proposta de data 12/08/2022, asinado pola técnica de xestión (Instrución do 04/08/2022), o concelleiro-delegado de Participación Cidadá e polo concelleiro-delegado de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

Con data 27 de xullo de 2022, o concelleiro delegado da Área de Participación Cidadá e Festas, resolveu que polo Servizo de Participación Cidadá se iniciase a tramitación de expediente de "Bases reguladoras das subvencións para contribuir ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2022".

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

***1. COMPETENCIA MUNICIPAL NA MATERIA***

Para a correcta análise da competencia municipal sobre esta materia, debemos acudir á normativa autonómica aprobada como consecuencia da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, é dicir, á Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes, na que se regula o exercicio de competencias distintas das propias e das atribuídas por delegación. Se ben o artigo 3.1 da devandita norma dispón que o exercicio de novas competencias polas entidades locais que fosen distintas das atribuídas como propias pola

lexislación, e cuxo exercicio non se encontrase delegado, só será posible cando non se poña en risco a sostibilidade financeira do conxunto da Facenda Municipal e de conformidade cos requirimentos da lexislación sobre estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira, engade, no apartado 3º do mesmo precepto, que non se entenderá como exercicio de novas competencias, **a *continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores.***

Deste xeito, podemos concluír que a tramitación deste expediente non supón o exercicio dunha nova competencia por canto se veñen realizando, en anos anteriores, convocatorias de subvencións para o fomento do asociacionismo e a participación cidadá.

**3. RÉXIME XURÍDICO DAS SUBVENCIÓNS**

A concesión das subvencións obxecto desta convocatoria, rexerase polas súas Bases reguladoras, pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos, a lexislación básica do estado en materia de réxime local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006, as Bases de Execución do vixente orzamento municipal e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

***4. CRÉDITO ORZAMENTARIO E CONTÍA MÁXIMA DAS SUBVENCIÓNS***

A contía total destinada a estas axudas é de **115.000,00 euros (cento quince mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000 denominada "Subvencións a entidades cidadás"** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2021 e o 31 de outubro de 2022,** que se encadren nalgún dos seguintes programas:

·**Programa I**: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **35.000,00 euros.**

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €,** para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II**: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **20.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

O importe máximo subvencionable será de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional, de **5.000 €** para os de ámbito autonómico e de **3.000 €** para o ámbito municipal, para cada unha das entidades beneficiarias.

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III**: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **60.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a)** Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.
**b)** Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas**,** cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

***5. CONDICIÓNS E FINALIDADE DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓNS E ENTIDADES BENEFICIARIAS***

Coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, a concellería de Participación Cidadá e Festas convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:

·**Programa I**: **subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares** por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
3.2 Festivas e de lecer
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II**: **subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico,** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

3.2 Festivas e de lecer
3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións),** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

3.2 Festivas e de lecer

3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III**: **subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

3.2 Festivas e de lecer
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

## *6. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN: CONCORRENCIA COMPETITIVA*

Tal como dispón o artigo 22.1 da LXS, o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, o cal se inicia de oficio mediante convocatoria aprobada polo órgano competente, conforme ao art. 20 da LSG, levándose a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de conformidade cos criterios de avaliación das solicitudes establecidos na Base 10ª da convocatoria na que se detalla a ponderación relativa atribuída a cada un deles, de conformidade co art. 60 do RLXS.

## *7. SOLICITUDES: LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN*

O prazo de presentación de solicitudes e documentación complementaria correspondente, será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da Lei 39/2015, de 1 de outubro de 2015, do Procedemento administrativo común das administracións públicas (LPAC).
As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados coas bases e que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org) e asinadas electronicamente a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

## *8. PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DAS SUBVENCIÓNS*

O procedemento de concesión das subvencións axustarase ao disposto na Base 11ª da convocatoria e arts. 20 a 24 da LSG, así como ao establecido na LPAC, no referente á presentación de solicitudes, a súa emenda, a instrución do procedemento, a resolución (no prazo de 5 meses), e a notificación electrónica. Por último, as beneficiarias deberán aceptar ou renunciar á subvención concedida, no prazo de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte a recepción da notificación da concesión da axuda, podendo ser a renuncia, total ou individual, por Programas, e a mesma será aceptada de plano pola administración, que declarará concluso o procedemento.

***9. ÓRGANO COMPETENTE***

O artigo 74 da Lei de Subvencións de Galicia establece que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle aos órganos que teñen atribuída esa función na lexislación de réxime local.

De conformidade cos artigos 127.1.g) da Lei 7/1985, artigos 31 LSG, artigo 34 da LXS e a resolución de delegación de competencias do Alcalde de data 18/06/2019, é competente para aprobar as presentes bases reguladoras da convocatoria e o gasto como contrapartida do estipulado, a Xunta de Goberno Local a proposta do concelleiro delegado.

Con cáracter previo á adopción do acordo pola Xunta de Goberno Local, remitirase o expediente á Intervención Xeral do Concello para a emisión de informe preceptivo de fiscalización consonte ao disposto nos artigos 9 LXS, 6 da LSG e 214 do TRLFL.

***10. RESOLUCIÓN E RÉXIME DE RECURSOS***

De conformidade co disposto no artigo art. 52.2.a) de la Lei 7/85, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), e o 210.a) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, aprobado por RD 2568/86, de 28 de novembro, poñen fin á vía administrativa, as resolucións do Pleno, Alcaldes e Xunta de Goberno Local.

Segundo os arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC, os actos administrativos que poñen fin a vía administrativa, poden ser recorridos potestativamente en reposición ante o mesmo órgano que os ditou no prazo dun mes, se o acto fora expreso ou, se non o fora, de tres meses, ou ben directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa (art. 8.1 LRXCA). Contra a resolución do recurso de reposición non se poderá interpor de novo este recurso, senón que procederá interpor recurso contencioso administrativo, no prazo de dous meses establecido no art. 46.1 da Lei 29/98, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso Administrativa (LRXCA), que comezará a contar a partir do día seguinte a aquel en que se notifique a resolución expresa do recurso de reposición ou en que este deba entenderse presuntamente desestimado.

Polas consideracións expostas, nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal; previa a conformidade do Sr. Concelleiro-Delegado de Participación Cidadá e Festas, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en data 17/08/2020, proponse á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

**ACORDO**:

**PRIMEIRO.- APROBAR** a convocatoria, o extracto da mesma, e as bases reguladoras das ***“Subvencións para contribuir ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2022”***

de conformidade co art. 20.2.a) da LSG, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, que cumpran os requisitos para ser beneficiarias, co fin de contribuír no desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, e por unha contía total de **115.000,00 euros (cento quince mil euros).**

**SEGUNDO.- APROBAR**, como **modelos oficiais**, os 10 modelos normalizados:

1. Anexo I: Solicitude
2. Anexo II: Solicitude-Programa de actividades para o ano 2022
3. Anexo III: Solicitude-Orzamento
4. Anexo IV: Declaración responsable de cumprimento dos requisitos
5. Anexo V: Declaración responsable das axudas solicitadas e/ou concedidas
6. Anexo VI : Autorización expresa á consulta e verificación de datos
7. Anexo VII: Publicidade Corporativa-Carteleria
8. Anexo VIII: Solicitude de aboamento
9. Anexo IX: Memoria dos proxectos subvencionados
10. Anexo X: Renuncia

**TERCEIRO.- PUBLICAR**, unha vez aprobadas, a **convocatoria e bases reguladoras** das "*Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2022*" en:

a) A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www. Vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG. A publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial de Provincia (BOP).

b) As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www. Vigo.org).

**CUARTO.- AUTORIZAR** o gasto, por importe de **115.000,00 euros (cento quince mil euros)**, que se fará efectiva con cargo á aplicación orzamentaria 9240 4890000, denominada "*Subvencións a entidades cidadás*" do vixente exercicio orzamentario, para colaborar ao financiamento dos gastos subvencionables nos Programas I ("Gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares"), Programa II ("Gastos de organización de xogos populares") e Programa III ("Gastos para o deseño e impresión de publicacións") das "*Subvencións para contribuír ao financiamento dos gastos da organización e difusión de actos sociais e encontros veciñais de fomento da participación cidadá para o ano 2022*".

**QUINTO.- AUTORIZAR** o gasto, por importe de **115.000,00 euros (cento quince mil euros)**,, con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000** denominada “Subvencións a entidades cidadás” do vixente exercicio orzamentario.

**SEXTO.- RECURSOS**: contra o presente acordo poderán os/as interesados/as interpoñer recurso de reposición ante o órgano que a dita no prazo dun mes ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de dous meses, ámbolos dous prazos, contados a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade cos arts. 123 e 124 da Lei 39/2015, da LPAC e arts. 8.1 e 46.1 da Lei 29/98, RXCA. Non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente o recurso de reposición interposto ou se produza a súa desestimación presunta polo transcurso do prazo dun mes sen ditar e notificar a resolución.

## ACORDO

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

A Concellaría de Participación Cidadá e Festas, coa finalidade de dirixir e impulsar a política municipal referida ao Asociacionismo e a Participación Cidadá, en orde a canalizar e promover a defensa dos intereses da comunidade veciñal, convoca os seguintes programas de subvencións para colaborar no financiamento das entidades beneficiarias, para facilitar o cumprimento dos seus fins e o desenvolvemento das súas actividades, sempre que sexan abertas ao público xeral e de libre acceso e gratuíto:

·**Programa I**: **subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares** por mor da organización de actos sociais e encontros veciñais no termo municipal de Vigo, celebrados por entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

1. Asistencial e saúde
2. Cultura e Arte
3.2 Festivas e de lecer
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa II**: **subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares** promovidos no termo municipal de Vigo por entidades festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico,** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

3.2 Festivas e de lecer
3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións),** inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións nos seguintes epígrafes do RMA:

3.2 Festivas e de lecer
3.3 Xogos sociais (peñas recreativas)
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

· **Programa III**: **subvencións para o deseño e impresión de publicacións** promovidos por entidades, que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a) Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

**b) Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas** no termo municipal de Vigo promovidos por asociacións festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, inscritas nos seguintes epígrafes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA, en adiante):

3.2 Festivas e de lecer
10.1 Asociacións veciñais
10.5 Sociedades Culturais, Recreativas e Deportivas

A concesión destas subvencións efectuarase baixo os principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

As bases que seguen teñen por obxecto regular a concesión destas subvencións e iniciar o procedemento para o outorgamento de ditas axudas.

## BASES REGULADORAS DAS SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

### PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro,

constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral. Están dirixidas a fomentar o asociacionismo e a participación cidadá, co fin de reforzar a capacidade de autoorganización das entidades asociativas e posibilitar o fortalecemento do tecido social e a promoción de calidade de vida e benestar social da cidadanía.

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) A finalidade ou obxectivo que se pretende acadar coa convocatoria é o fomento do asociacionismo e da participación cidadá, en particular:

- Contribuír á existencia e funcionamento ordinario das Asociacións de Veciños e Sociedades Culturais, entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, para a representación e defensa de intereses xerais e sectoriais.
- Potenciar a xeración e continuidade de grupos e programas de actuación estables, sen prexuízo da diversidade de actividades programadas.
- Apoiar ás entidades asociativas no desenvolvemento dos seus proxectos para o fomento de participación cidadá, nos que se poden incluír actuacións nos campos da cultura, o benestar social, o ocio, o voluntariado e a integración veciñal, en xeral, de contido sociocomunitario.
- Contribuír a difusión e accesibilidade da información entre asociacións sen ánimo de lucro e a facer partícipe aos seus respectivos públicos obxectivos de información relevante e de interese.
- Potenciar a dinamización social e as relación da cidadanía a través de actividades de ocio en tempo libre e de promoción da cultura tradicional.
- Contribuír a que a información que reciben os interesados sexa unha información de calidade e colaborar e facilitar as accións encamiñadas á distribución da información nos diferentes soportes.
- Captar e promover a formación do voluntariado, dinamizando o tecido asociativo.
- Promover a cohesión social da cidade e da cidadanía, a través de espazos e foros abertos de debate, intercambio de ideas e experiencias para a comunicación social.
- Programas de sensibilización e ampliación dos recursos propios a través de captación de novos asociados, doazóns e colaboracións.

d) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións (entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente), que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

Poderán solicitar subvencións e obter a condición de beneficiarios as entidades sen ánimo de lucro inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións (RMA) que reúnan os seguintes requisitos:

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.
4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior (“).
9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:

   a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.

   b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco
10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exixido no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

**TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, consideránse gastos subvencionables, **os realizados dende o 16 de outubro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I**: Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles (carpas, estruturas móbiles ou instalacións similares) destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II**: Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, material Covid, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

· **Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.
En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

**CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía total destinada a estas axudas é de **115.000,00 euros (cento quince mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000 denominada "Subvencións a entidades cidadás"** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2021 e o 31 de outubro de 2022,** que se encadren nalgún dos seguintes programas:

·**Programa I**: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **35.000,00 euros.**

O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €,** para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II**: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **20.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

O importe máximo subvencionable será de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional, de **5.000 €** para os de ámbito autonómico e de **3.000 €** para o ámbito municipal, para cada unha das entidades beneficiarias.

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III**: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **60.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a)** Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

**b)** Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas**,** cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

**QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

As entidades beneficiarias deberán comunicar ao Concello de Vigo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien a actividade subvencionada. Esta comunicación deberá efectuarse no momento en que se coñeza e, en todo caso, coa presentación da xustificación da subvención outorgada.

En calquera caso, o importe total da subvención ou subvencións recibidas non poderá superar o da actividade subvencionada, en cuxo caso, procederase na forma prevista no artigo 34 do RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS).

Non serán compatibles con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

**SEXTA.- DESESTIMACIÓN DAS SOLICITUDES**

Unha vez estudados os proxectos presentados polas asociacións, desestimaranse as seguintes solicitudes:

1- Cando as actividades que se pretenden fomentar, segundo memoria achegada:

- Non se axusten aos fins e obxectivos perseguidos nesta convocatoria.
- Supoñan a edición de documentos internos ou externos de signo exclusivamente propagandístico.
- Aquelas de carácter político e doutrinal de signo partidario e/ou confesional.
- Actividades de signo docente previstas nos programas de ensino.
- Aquelas que, en consideración ao proxecto e programación, non reúnan as condicións mínimas de interese xeral, non acadando unha puntuación mínima de 5 puntos na valoración específica da memoria de actividades, indicando unha mala definición do mesmo ou que a materia non se axusta aos obxectivos e finalidades da convocatoria.
- Cando o proxecto de actividades achegado, non se axuste, no seu contido, ao disposto na Base novena (“Solicitude e Documentación”).

2.- Con carácter xeral:

- En xeral, as solicitudes daquelas entidades que non cumpren os requisitos establecidos nas Bases desta convocatoria e na lexislación vixente aplicables para acadar a condición de beneficiarios.
- Aqueles que non respondan á natureza do programa subvencionado
- Aqueles gastos de carácter suntuario, que non son imprescindibles para o bo desenvolvemento do proxecto e/ou que non están relacionados directamente co obxecto subvencionable.
- Os destinados a equipamentos que procuren algún tipo de lucro para os seus xestores, promotores, etc.

**SÉTIMA.- OBRIGAS QUE ASUMEN AS ENTIDADES SUBVENCIONADAS**

As entidades beneficiarias das subvencións conforme a presente normativa, están obrigados a:

1. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento dos requisitos e condicións, así como, a realización das actividades que fundamentan a concesión das axuda na forma, prazos e termos establecidos na memoria.

2. Acreditar que se realizaron os gastos subvencionados relacionados co obxecto da convocatoria, asumindo as obrigas (impostos, permisos, seguros, ...) e demais responsabilidades legalmente esixibles en cada caso.
3. Colaborar co Concello de Vigo, na difusión, entre os participantes e asistentes ao evento, da información de interese municipal que se lle facilite con antelación á celebración das actividades.
4. Comunicar calquera eventualidade ou modificación na programación ou execución dos proxectos presentados que supoña menor execución de servizo no prazo máximo de 7 días a partir do momento en que se produzan ou coñeza, en todo caso, antes de resolución do procedemento, solicitando neste mesmo intre, a modificación á baixa na concesión da presente subvención, así como a obtención doutras axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera administración pública, ente público ou entidade privada.
5. Para os efectos de difusión pública, no lugar onde se realicen as actividades ou nas publicacións obxecto de subvención, deberá figurar de forma visible, cartel informativo ou imaxe institucional do Concello de Vigo, segundo o **Anexo VII (modelos de cartelería)** aprobado nesta convocatoria, no que constará o cofinanciamento do Concello de Vigo. Así mesmo, no taboleiro de anuncios e na páxina web da entidade solicitante, ata a finalización do ano 2022 publicitarase que o Concello de Vigo colaborou no financiamento da/s actividade/s da asociación obxecto de subvención.
6. Someterse ás actuacións de comprobación, seguimento, control financeiro e inspección que o Concello de Vigo considere necesario levar a cabo, para o que facilitará toda a información e documentación complementaria que se lle requira
7. Responder legalmente da falta de veracidade dos datos expostos e do incumprimento das presentes bases.
8. Contar coas preceptivas autorizacións ou licenzas sectoriais que sexan esixibles de acordo coa lexislación vixente (seguridade, comercio, urbanismo, etc.)
9. Cumprir as condicións que se establecen nestas Bases para a concesión da subvención.
10. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, por canto poderán ser obxecto de actuación de comprobación e control.
11. Comunicar, con motivo da xustificación da subvención, a obtención doutras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, así como, outros ingresos ou recursos que financien a mesma.
12. Estar ao corrente fronte ás súas obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e coa Seguridade Social.
13. Responder da veracidade da información e autenticidade da documentación achegadas.
14. Cumprir coas demais obrigas establecidas no art. 14 da LXS.
15. Contratar a/s póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco
16. Cumprir coas disposicións establecidas no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

**OITAVA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo**, **de medios electrónicos (*tramitación en liña*)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá)**.** Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace **https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, **será de 10 días naturais, a contar dende o día seguinte** á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

As solicitudes de subvención presentaranse, debidamente cumprimentadas, nos modelos oficiais aprobados con estas bases, que estarán dispoñibles na páxina web (www.vigo.org), e asinadas electronicamente con anterioridade a súa remisión a través da sede electrónica do Concello de Vigo.

Todas as solicitudes deberanse achegar antes de que remate o prazo outorgado para a súa presentación, sen que caiba ter por presentadas aquelas achegadas con carácter extemporáneo.

**NOVENA.- SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN**

A documentación complementaria deberá presentarse electronicamente. Os/as solicitantes responsabilizaranse da veracidade dos documentos que acheguen. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Os/as solicitantes deberán remitir necesariamente os seguintes anexos e documentación complementaria asinados electronicamente:

**ANEXO I. SOLICITUDE**

1. Datos da entidade solicitante, designación do representante legal e datos de contacto a efectos de notificación:

   As notificación electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos interesados/as os avisos de posta a disposición das notificacións á conta de correo e /ou teléfono móbil que conste nesta solicitude.

   As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

2. Información básica sobre protección de datos

3. Datos bancarios

4. Custe do proxecto presentado e importe da subvención solicitada

5. Datos do Rexistro Municipal de Asociacións

6. Sistemas de información, comunicación e publicidade do financiamento municipal *(conforme aos modelos do Anexo VII de carteleria)*

7. Sinatura dixital do/a representante lega da entidade

**ANEXO II. PROGRAMA DA/S ACTIVIDADES**, que serven de fundamento para a concesión da subvención:

– relación de actividades (número e denominación)
– categoría (social, cultural, lecer...)
– Traxectoria ou antigüidade do/s evento/s
– data/s de celebración e duración
– lingua empregada no desenvolvemento da actividade

**ANEXO III. ORZAMENTO DOS GASTOS SUBVENCIONABLES**

**ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CUMPRIMENTO DOS REQUISITOS**

**ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DAS AXUDAS SOLICITADAS E/OU CONCEDIDAS**

**ANEXO VI: AUTORIZACIÓN EXPRESA Á CONSULTA E VERIFICACIÓN DE DATOS POR PARTE DO CONCELLO DE VIGO.**

Esta autorización expresa para consultar as certificacións de non ter débedas tributarias e coa Seguridade Social, deberá presentarse asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.

O servizo convocante pode requirir, canta outra documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos para participar na convocatoria considere necesaria, así como, complementar a información facilitada pola entidade, para unha mellor avaliación das solicitudes achegadas.

A entidade solicitante poderá acollerse ao dereito establecido no art. 28.2 da LPAC, que indica que os interesados non estarán obrigados a presentar documentos que fosen elaborados ou que obren en poder de calquera Administración. A Administración actuante poderá consultar ou recadar ditos documentos agás que o interesado se opoña a isto. Non caberá oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Se por imposibilidade técnica non fose posible recadar os documentos electronicamente a través das redes corporativas ou mediante consulta ás plataformas de intermediación de datos e/ou outros sistemas electrónicos habilitados ao efecto, poderán requirirse, excepcionalmente, os documentos acreditativos dos datos indispensables para a tramitación do presente procedemento.

Se a solicitude non reúne os requisitos establecidos nesta convocatoria, o órgano competente requirirá á interesada para que emende a falta no prazo máximo e improrrogable de 10 días, co apercibimento de que se non o fai teráselle desistido da súa petición previa resolución, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC).

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, individualmente consideradas por Programas, desestimación que será aceptada de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 93 e 94 da Lei 39/2015 do PAC.

**DÉCIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS**

**Criterios de avaliación das solicitudes**

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.

Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade**.- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

| | |
|---|---|
| Ano 87 a 93 | 5 |
| Ano 94 a 99 | 4 |
| Ano 2000 a 2005 | 3 |
| Ano 2006 a 2012 | 2 |
| Ano 2013 a 2018 | 1 |
| En adiante | 0 |

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

| | |
|---|---|
| Antigüidade: mais de 50 anos | 5 |
| 26 a 50 anos | 4 |
| 11 a 25 anos | 3 |
| 5 a 10 anos | 2 |
| 1 a 4 anos | 1 |

b) **Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:**

**Programa I**: **Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

  Nunha 1 edición anterior: 2 puntos
  En 2 edicións anteriores: 4 puntos
  En 3 edicións anteriores:: 6 puntos
  En 4 ou mais edicións anteriores:: 8 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

  1 día: 2 puntos
  2 días : 4 puntos
  3 días : 6 puntos
  4 ou mais días: 8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos

  1 actividade: 2 punto
  2 actividades: 1 puntos
  3 actividades: 0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

  Si: 2 puntos
  Non: 0 puntos

**Programa II**: **Gastos de organización de xogos populares**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
  - Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

  Nunha 1 edición anterior: 2 puntos
  En 2 edicións anteriores: 4 puntos
  En 3 edicións anteriores: 6 puntos
  En 4 ou mais edicións anteriores: 8 puntos

- Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):

Máis de 40 edicións: 1 punto

Máis de 45 edicións: 2 puntos
Máis de 50 edicións: 3 puntos
Máis de 55 edicións: 4 puntos
Máis de 60 edicións: 5 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

| | |
|---|---|
| 1 día: | 2 puntos |
| 2 días : | 4 puntos |
| 3 días : | 6 puntos |
| 4 ou mais días: | 8 puntos |

- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:

Máis de 5 entidades: 5 puntos
Máis de 10 entidades: 10 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

Si: 2 puntos
Non: 0 puntos

**Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

- Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

| | |
|---|---|
| Nova publicación: | 8 puntos |
| Nunha edición anterior: | 6 puntos |
| En 2 edicións anteriores: | 4 puntos |
| En 3 ou mais edicións anteriores: | 2 puntos |

- Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

| | |
|---|---|
| Distrito/Parroquial: | 1 punto |
| Municipal | 2 puntos |
| Autonómico: | 3 puntos |
| Nacional: | 4 puntos |
| Internacional: | 5 puntos |

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

| | |
|---|---|
| Mais de 12 meses: | 2 puntos |
| De 2 a 5 anos | 4 puntos |

De 6 a 10 anos: 6 puntos
De 11 a 15 anos: 8 puntos
Mais de 15 anos: 10 puntos

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

Ata 100: 2 puntos
De 101 a 500 4 puntos
De 501 a 550: 6 puntos
De 551 a 1.000: 8 puntos
Mais de 1.000: 10 puntos

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):

Si: 5 puntos
Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) **Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto**.- Ata 5 puntos

De 1 € a 1.000 €: 1 punto
De 1.001 a 1.500 €: 2 puntos
De 1.501 a 2.000 €: 3 puntos
De 2.001 a 2.500 €: 4 puntos
De 2.501 a 2.700 €: 5 puntos

**DÉCIMO PRIMEIRA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao departamento municipal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima**,** realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Festas
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

O concelleiro delegado da Área, resolverá o nomeamento dos titulares e suplentes da referida Comisión.
A Comisión poderá requirir a presenza ou solicitar o asesoramento de expertos sobre materias concretas se o considera conveniente.

Nunha fase de preavaliación verificarase o cumprimento das condicións impostas para acadar a condición de entidades beneficiaras das subvencións.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, aos informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

As notificacións electrónicas realizaranse a través da sede electrónica do Concello de Vigo. Remitiranse aos/as interesados/as os avisos de posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

As notificacións por medios electrónicos entenderanse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poida acceder ao seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnicos, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

O prazo de resolución e notificación será de **5 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

6- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remitiranse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entendéranse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

Se o envío da notificación electrónica non fose posible por problemas técnico, practicarase a notificación polos medios previstos na normativa reguladora do procedemento administrativo común.

Dende o día seguinte a recepción das notificacións de resolución, as beneficiarias dispoñen dun prazo de 10 días naturais para a aceptación ou renuncia da subvención concedida, que debe comunicarse por escrito no Servizo de Participación Cidadá, transcorrido o cal, sen manifestación expresa ao respecto, entenderase tacitamente aceptada.

7- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

8- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

9- **A beneficiaria poderá renunciar,** expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo X,** aprobado con estas bases. A non presentación da/s correspondente/s renuncia/s cando proceda, determinará a imposibilidade de concorrer á convocatoria de subvencións da Concellería de Participación Cidadá no vindeiro exercicio orzamentario.

10.- Todas as subvencións concedidas, individualmente consideradas, con expresión da convocatoria, programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e programa específico subvencionado, serán publicadas na Base de Datos Nacional de Subvencións.

11.- O crédito non liberado nalgún dos programas, poderá ser destinado a incrementar o importe das axudas, doutro/s dos programas a proposta da comisión de avaliación, distribuíndo o mesmo proporcionalmente ao importe total solicitado por cada un dos programas.

**DÉCIMO SEGUNDA.- SUBCONTRATACIÓN**

A entidade beneficiaria poderá subcontratar con terceiros a execución do servizo que constitúe o obxecto da subvención, entendéndose que subcontrata, cando concerta con terceiros a execución total ou parcial da actividade que constitúe o obxecto da subvención. Porén, non se considera como tal a contratación daqueles gastos en que debe incorrer a beneficiaria para realizar por si mesma a actividade subvencionada.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 31 de outubro de 2022**. Noutro caso, perderase o dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.**

A conta xustificativa que se rende ante o órgano concedente da subvención, constitúe un acto obrigatorio do beneficiario e consiste na xustificación do gasto realizado, baixo responsabilidade do declarante, mediante os xustificantes directos do mesmo. Tratarase de facturas e demais documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, que permitan acreditar o cumprimento do obxecto da subvención pública.

A xustificación económica dos gastos realizarase conforme ao establecido no **Anexo VIII**, no que se inclúen os seguintes datos:

- **Declaración do representante da entidade na que declara baixo a súa responsabilidade que "responde da veracidade da información achegada, así como, que a documentación xustificativa dixitalizada que se presenta é fiel reprodución da documentación orixinal"**

- **Relación clasificada dos gastos subvencionados**: xustificarase gastos por un importe igual ou superior ao importe do proxecto que serviu de base para a concesión de dita subvención, polo que queda acreditado que o programa subvencionado foi executado, no seu caso, na súa totalidade. Así mesmo, **deberán presentarse facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas e asinadas electrónicamente das facturas orixinais en papel e/ou demais documentos de valor probatorio equivalente, cuxo importe total debe cubrir como mínimo, o importe da subvención outorgada:**

– os elementos que deberán incluírse nunha factura serán os sinalados pola normativa en cada caso aplicable (art. 6 RD 1619/2012), considerándose imprescindible que recolla o

nome ou razón social da empresa que factura e o seu NIF, data de emisión, importe e detalle de cada un dos obxectos ou conceptos facturados, Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) de forma diferenciada, base impoñible, tipo do IVE aplicable e importe total. Si se trata de facturas que conteñan retención de impostos (IRPF) deberá igualmente acreditarse o ingreso da retención.

– en ningún caso, se admitirán simples recibos e/ou tiques de caixa, notas de entrega, albarás, resgardos bancarios...
– se ben a sinatura e selo da entidade emisora da factura non son circunstancias especificadas na normativa de facturación como condición obrigatoria, dado o seu carácter de elementos probatorios da orixinalidade e procedencia da factura, será aconsellable que as facturas veñan asinadas e seladas polo provedor.
– no caso das facturas electrónicas, a autenticidade da orixe e a integridade do seu contido, debe estar garantida por algunha das modalidades de identificación admitidas legalmente (sinatura electrónica, código de verificación...).
– de conformidade co carácter finalista das subvención, non se admitirán facturas que correspondan a conceptos non presupostados na memoria.
– as facturas deben emitirse a nome da entidade perceptora da subvención.
– cando unha entidade ou empresa emisora dunha factura estea exenta de IVE, deberá achegar acreditación fidedigna da exención expedida polo órgano ou administración competente.
– as facturas ou minutas por prestación de servizos profesionais deberán conter os mesmos elementos que os especificados para as facturas, e tratándose de persoas físicas deberá constar nas mesmas a pertinente retención do IRPF, así como a acreditación de que se practicou e liquidou ante a Axencia Estatal da Administración Tributaria dita retención
– non se considerarán gastos subvencionables os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, caso no que, tratándose de facturas, computaranse o gastos acreditados deducido o IVE

**Deberá presentarse electrónicamente unha solicitude de abono de subvención debidamente cumprimentada,** segundo o Anexo VIII, que será rexistrada e asinada electronicamente cun número de documento de entrada e presentarase como documento adxunto o Anexo IX: “Memoria de actividades 2022” ou documento equivalente conforme se detalla no apartado 4 desta base.

A conta xustificativa das subvencións outorgadas conterán a seguinte documentación e información:

**1. Anexo VIII. “Solicitude de aboamento”**

1. Datos da entidade beneficiaria da subvención

2. Datos do/ representante legal: no suposto de que dita representación non corresponda co/a presidente/a da entidade solicitante, deberá presentarse unha certificación do/a secretario/a no que figure o acordo de nomeamento de dito/a representante.

3. Domicilio a efectos de notificación: identificación dun dispositivo electrónico (teléfono móbil ou similar), e unha dirección de correo electrónico que servirán para o envío dos avisos de posta a disposición das notificacións enviadas á entidade solicitante. Estes

avisos terán unicamente carácter informativo, en ningún caso, efecto de notificación practicada.

4. **Declaración responsable** (veracidade dos datos e cumprimento das bases, aplicación dos gastos á actuación subvencionada, abono dos gastos, retención do IRPF, non dedución do IVE, non percepción doutras axudas, estar ao corrente das obrigas tributarias (estatal, autonómica e local) e fronte á Seguridade Social, non incursión nas prohibicións do art. 13 da LXS e non aplicación da documentación económica xustificativa achegada á xustificación doutras subvencións), e cumprimento do esixible en materia de dereito de autor.

5. **Documentación complementaria:**

- Reportaxe fotográfica da/s actividade/s celebradas e publicacións editadas con posterioridade a data da convocatoria de estas bases, na que se acredite a difusión pública da colaboración municipal no financiamento dos gastos, mediante a inserción, en lugar preferente, do logotipo oficial do Concello de Vigo, segundo **Anexo VII (“Publicidade corporativa- cartelería”)** desta convocatoria. Así mesmo, de contar con páxina web a entidade solicitante, ata a finalización do ano 2022, publicitará que o Concello de Vigo colaborou no financiamento da/s actividade/s.

- Para o caso de que a entidade beneficiaria declare (*apartado 4*) ter recibido outras subvencións para os mesmos gastos subvencionados nos Programas desta convocatoria, ou para a mesma finalidade procedentes de calquera das administracións públicas ou entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, deberá achegar **copia dixitalizada da resolución de concesión** das mesmas.

**Documentación complementaria no Programa I**

- Indicar no Programa I o número de expediente ou copia da correspondente autorización presentada no servizo de Seguridade e Mobilidade para a celebración de eventos e festas populares, regulada na Lei 10/2017, de 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas der Galicia:
- Copia póliza/s de seguros de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco

**Documentación complementaria no Programa II**

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao “número de exemplares editados ou impresos**”** a entidade terá que presentar a factura correspondente onde conste de forma detalla dito número, ou ben, presentar unha certificación da imprenta responsable da publicación.

**Documentación complementaria no Programa III**

- Para xustificar o cumprimento da subvención outorgada, a entidade debe presentar un arquivo coa publicación subvencionada en formato dixital que non exceda de 5 MB.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao ámbito xeográfico da difusión dos libro sobre a Historia das distintas parroquias *(distrito/parroquial, municipal, autonómico, nacional ou internacional)*, a entidade terá que presentar un certificado onde se xustifique o ámbito de distribución de dita publicación.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao "deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria" , a entidade terá que presentar, dixitalizado, o exemplar máis antigo publicado.

- Para xustificar o criterio de valoración descrito na base 10ª relativo ao "número de exemplares editados ou impresos**"** a entidade terá que presentar a factura correspondente onde conste de forma detalla dito número, ou ben, presentar unha certificación da imprenta responsable da publicación

7. **Relación clasificada dos gastos subvencionados:** na que se relacionarán, de forma numerada e correlativa, os gastos efectuados, con identificación do emisor/traballador, concepto dos gastos, CIF/NIF do emisor/traballador, nº documento xustificativo, data do documento, Base factura/nómina, no seu caso, IVE/IRPF, e importe total que se imputa á subvención, riscando cun "x" diante do documento cuxo "orixinal" se achega *(facturas electrónicas e/ou copias dixitalizadas compulsadas das facturas orixinais*), e reflectindo a suma total dos gastos xustificados e a suma total dos documentos "orixinais" presentados.

8. **Sinatura dixital do/a representante da entidade**

2. **Anexo IX "Memoria do proxecto subvencionado",** conforme ao proxecto achegado coa solicitude, que fundamentou a concesión da/s subvención/s outorgadas, e na que deberá figurar, como mínimo, a seguinte información:

1.Breve referencia sobre en que medida a subvención, por cada un dos programas subvencionado, contribuíu ao desenvolvemento das actividades da entidade beneficiaria

2. Descrición das actuacións ou actividades realizadas, conforme ao proxecto achegado

- Denominación da actividade
- Datas e lugar de celebración
- Número de participantes ou colectivo destinatarios
- Recursos empregados (materiais e humanos)
- Material publicitario empregado para a súa difusión (carteis, anuncios en prensa...)
- Calquera outra documentación complementaria

**Este Anexo poderá substituírse por unha memoria de actividades en formato libre, sempre e cando, se inclúan os datos solicitados e se faga mención a cada unha das actividades detalladas no Anexo II) presentado no momento da solicitude ("Proxecto de Actividades").**

**DÉCIMO CUARTA.- COMPROBACIÓN DAS SUBVENCIÓNS**

No caso de ser incompleta ou defectuosa a documentación achegada, concederase a entidade beneficiaria un prazo improrrogable de 10 días hábiles para a súa emenda ou entrega, transcorridos os cales, sen atender ao requirimento, teranse por desistidos da súa petición previa resolución ditada nos termos previstos no art. 21 da Lei 39/2015, de 15 de novembro do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, sen prexuízo, no seu caso, da declaración de caducidade e o arquivo das actuacións polo transcurso de tres meses sen retomar a tramitación en caso de paralización do procedemento por causa imputable ao interesado, conforme aos artigos 68 e 95, respectivamente, da referida Lei.

De conformidade cos documentos xustificativos achegados, o persoal do Servizo de Participación Cidadá será o encargado do seguimento e estudo da execución da subvención, así como informar sobre a adecuada xustificación da subvención, mediante a emisión dun informe que se incorporará ao expediente, no que se poña de manifesto expresamente o cumprimento total do obxecto da subvención ou aquelas circunstancias que imposibiliten a aprobación da xustificación, dando lugar a súa desestimación, desistimento ou caducidade da solicitude de aboamento, así como, a renuncia á subvención.

**DÉCIMO QUINTA.- OBRIGA DE INFORMACIÓN**

As entidades beneficiarias deberán facilitar toda a información e documentación que, que en relación aos expediente de subvencións, lle sexa requirida pola Concellaría de Participación Cidadá, así como, pola Intervención Municipal, Tribunal de Contas e Consello de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións. Así mesmo, o servizo xestor poderá facer as indagacións pertinentes para o esclarecemento das dúbidas xurdidas en relación a calquera documento xustificativo achegado.

**DÉCIMO SEXTA.- ABOAMENTO**

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificada.
Non poderá realizarse o pago da subvención en tanto a beneficiaria non estea ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e non ser debedora por resolución de procedencia de reintegro. Tales circunstancias deberán acreditarse novamente de non ser posible a súa comprobación telemática ou cando os certificados que consten no expediente carezan de vixencia.
Así mesmo, lémbrase que as entidades beneficiarias están obrigadas a comunicar ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien os programas subvencionados.

**DÉCIMO SÉTIMA- PERDIDA DO DEREITO AO COBRO: REVOGACIÓN, MINORACIÓN, NULIDADE E REINTEGRO DAS SUBVENCIÓNS. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS**

a) Dará lugar á perda do dereito ao cobro da subvención e, porén, á súa revogación, o incumprimento por parte da entidade beneficiaria da subvención, de calquera das obrigas previstas nestas bases-convocatoria e, en particular de:

- A obriga de xustificación no prazo legalmente establecido
- A non achega da memoria de actividades ou cando a mesma non se axusta aos termos da Base Décimo Terceira
- As obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias, establecidas nestas Bases, con motivo da concesión das subvencións

- Finalidade para a que se concederon que determinou o seu outorgamento
- Adopción de medidas de difusión do financiamento pública recibida nos termos previstos nestas Bases
- Concorrencia de calquera outra das causas previstas no art. 37 da LXS.
- Tamén suporá perda do dereito ao cobro a ocultación ou falsidade de datos e/ou documentos ou obtención de subvencións falseando as condicións requiridas para iso.

O acordo da Xunta de Goberno Local que determine a revogación total ou parcial da subvención, adoptarase previa instrución do expediente, cuxo inicio se notificará á entidade co conseguinte trámite de audiencia e prazo para formular alegacións, e no que deberá constar informe e proposta razoada do servizo de Participación Cidadá.

No caso de que, por concorrencia de subvencións, a contía das axudas superen o custe do proxectos subvencionados, procederá a redución ou minoración da subvención no exceso, no seu caso, reintegro das cantidades percibidas indebidamente.

b) Cando o incumprimento da actividade subvencionada se traduza nunha diminución significativa das actuacións subvencionadas, traducible a termos económicos, en función do proxecto presentado e o seu presuposto, que non implique verdadeiro incumprimento do obxectivo ou condicións da subvención, procederá a aplicación da regra de proporcionalidade a efectos de perda do dereito ao cobro e conseguinte redución proporcional da contía da subvención.

c) Para a determinación das causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto nos artigos 36 e ss. da Lei Xeral de Subvencións. En todo caso, cando concorran causas de reintegro, a entidade reintegrará as cantidades percibidas e a esixencia dos xuros de demora dende o aboamento da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro.

d) En canto ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os beneficiarios destas axudas, e o procedemento para a súa imposición, estarase ao disposto no Título IV da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e RD 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu Regulamento nos seus preceptos básicos, ou, no seu caso, o título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvención de Galicia, e o Título IV da Lei 39/2015, de 15 de novembro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas no que se regula a potestade sancionadora e a responsabilidade patrimonial.

**DÉCIMO OITAVA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL**

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.

O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

**DÉCIMO NOVENA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**VIXÉSIMA.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de “Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá” en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

CONVOCATORIA SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

**PRIMEIRA.- OBXECTO, FINALIDADE E BENEFICIARIAS DAS SUBVENCIÓNS**

a) Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, sen ánimo de lucro, constituídas legalmente como tales e inscritas nos epígrafes correspondentes do Rexistro Municipal de Asociacións, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral., realizadas ou pendentes de levar entre o **16 de outubro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022**

b) A efectos da presente convocatoria, considéranse necesarios para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais

c) Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións **(entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

**SEGUNDA.- REQUISITOS DOS SOLICITANTES**

1. Que teñan a súa sede social ou delegación no termo municipal de Vigo.
2. Que, conforme aos seus estatutos ou normas reguladoras, teñan obxectivos e finalidades coincidentes cos establecidos nas presentes bases.
3. Que dispoñan dunha estrutura suficiente para garantir o cumprimento dos obxectivos propostos e acreditar a experiencia e capacidade necesaria para acadalos.

4. Que non dispoñan de medios propios, infraestruturas ou do equipamento necesario para o desenvolvemento da actividade para a que se solicita o financiamento
5. Que se atopen ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT), coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA), co Concello de Vigo e fronte á Seguridade Social. O/s interesado/s poderá/n autorizar, expresamente, ao Concello de Vigo a consulta e verificación automática do cumprimento de obrigas tributarias e coa Seguridade Social, para o cal achegarán o Anexo VI cumprimentado e asinado electronicamente. Noutro caso, será preciso achegar a/s oportuna/s **certificación/s que acrediten que están ao corrente**, nos termos dos artigos 22 do RD 887/2206, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (RLXS), e vixentes de conformidade co artigo 23 do mesmo.
6. Non incorrer as persoas físicas ou entidades ou as persoas que ostentan a representación legal das mesmas, nalgún dos supostos de prohibición ou circunstancias previstas no art. 13 da LXS que impiden acadar a condición de beneficiario/a.
7. Acompañar á solicitude da documentación preceptiva detallada na base novena desta convocatoria.
8. Que non exista no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao seu favor para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio de colaboración, coa mesma finalidade que en algún dos supostos do apartado anterior (“).
9. As entidades organizadoras do evento e solicitantes das axudas deberá contar, cando menos, con:

   a) Autorización do servizo municipal de seguridade e mobilidade, cando implique a ocupación especial e temporal das vías ou espazos públicos de titularidade municipal, a través da instalación de estruturas móbiles, segundo o disposto na Lei 10/2017, de 17 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, sen prexuízo das esixencias que deriven do exame particularizado de cada evento, en función do seu lugar de emprazamento proposto, datas de celebración e outras circunstancias concorrentes, e da necesidade de contar con outras autorizacións ou licenzas preceptivas segundo a lexislación sectorial aplicable.

   b) Seguro/s de responsabilidade civil que dean cobertura ao risco
10. As entidades promotoras da actividade ou a publicación e solicitantes das axudas deberán dar cumprimento ao exixido no Real Decreto Lexislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual e demais normativa sectorial vixente en materia de dereitos de autor.

**TERCEIRA.- GASTOS SUBVENCIONABLES**

En xeral, son gastos subvencionables os que, de xeito indubidable, respondan á natureza da actividade subvencionada e se realicen no prazo establecido por estas bases reguladoras.

A efectos desta subvención, sempre e cando se acredite a realización das actividades que motivan a súa concesión, considéranse gastos subvencionables, **os realizados dende o 16 de outubro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022**, que se revelen como obxectivamente necesarios para que as asociacións poidan cumprir os fins derivados especificamente do desenvolvemento das actividades programadas que se pretenden fomentar:

· **Programa I**: Gastos correntes derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles (carpas, estruturas móbiles ou instalacións similares) destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

O número máximo de eventos ou instalacións para cuxo financiamento se solicitan as axudas será de 3.

· **Programa II**: Gastos correntes derivados da organización de xogos populares: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, material Covid, seguros, publicidade (cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

**· Programa III:** gastos de deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais; e gastos de impresión e distribución de publicacións.

En ningún caso serán subvencionables:

- os intereses debedores das contas bancarias
- intereses, recargos e sancións administrativas e penais
- os gastos de procedementos xudiciais

Pola súa parte, os tributos son gastos subvencionables cando o beneficiario da subvención os aboa efectivamente, non considerándose como tales os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación, nin os impostos persoais sobre a renda.
En ningún caso, o custe dos gastos subvencionables poderá ser superior ao valor de mercado.

**CUARTA.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía total destinada a estas axudas é de **115.000,00 euros (cento quince mil euros)** e farase efectiva con cargo á aplicación orzamentaria **9240 4890000 denominada "Subvencións a entidades cidadás"** do vixente exercicio orzamentario. Se consideran gastos subvencionables os **realizados entre o 16 de outubro de 2021 e o 31 de outubro de 2022,** que se encadren nalgún dos seguintes programas:

·**Programa I**: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **35.000,00 euros.**
O importe máximo subvencionable será de **2.700,00 €,** para cada unha das entidades beneficiarias

· **Programa II**: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **20.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

O importe máximo subvencionable será de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional, de **5.000 €** para os de ámbito autonómico e de **3.000 €** para o ámbito municipal, para cada unha das entidades beneficiarias.

As entidades interesadas só poderán achegar unha única actividade/proxecto subvencionado ao Programa II, en calquera das súas liñas.

· **Programa III**: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **60.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a)** Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.
**b)** Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas**,** cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

**QUINTA.- COMPATIBILIDADE DA SUBVENCIÓNS**

Estas subvencións serán compatibles con outras subvencións ou axudas para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou organismos internacionais.

**Non serán compatibles** con ningunha outra subvención que, para os mesmos proxectos subvencionables na presente convocatoria tivese outorgado a Concellería de Cultura, Emprego e Participación Cidadá, nin as solicitadas para a mesma finalidade noutro servizo municipal no vixente exercicio orzamentario.

De existir no orzamento municipal vixente consignación orzamentaria nominativa ao favor dunha entidade para a concesión dunha subvención ou axuda directa, é dicir, para a formalización dun convenio, para axudar ao financiamento de gastos comprendidos en calquera dos Programas subvencionados segundo estas bases, a entidade solicitante non poderá concorrer na presente convocatoria nos referidos Programas.

**SEXTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo**, **de medios electrónicos (*tramitación en liña*)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá)**.** Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace **https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

## SÉTIMA.- CRITERIOS DE VALORACIÓN DOS PROXECTOS

A concesión das subvencións atenderá a criterios obxectivos e tramitarase en réxime de concorrencia competitiva, tendo sempre como límite a dispoñibilidade orzamentaria da Área de Participación Cidadá destinada para tal fin no presente exercicio. Levarase a cabo a comparación das solicitudes presentadas a fin de establecer unha prelación entre as mesmas, de acordo cos criterios de valoración que se indican, adxudicándolle as axudas proporcionalmente á puntuación obtida, co límite fixado na presente convocatoria e dentro do crédito dispoñible.
Como criterios xerais de valoración para o outorgamento das subvencións dos distintos programas, terase en conta:

a) **Traxectoria e antigüidade da entidade**.- Ata 10 puntos.

Valorarase tendo en consideración as datas de constitución e a inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións:

- Segundo o ano de inscrición no Rexistro Municipal de Asociacións: Ata 5 puntos

| | |
|---|---|
| Ano 87 a 93 | 5 |
| Ano 94 a 99 | 4 |
| Ano 2000 a 2005 | 3 |
| Ano 2006 a 2012 | 2 |
| Ano 2013 a 2018 | 1 |
| En adiante | 0 |

- Segundo o ano de constitución da entidade: Ata 5 puntos

| | |
|---|---|
| Antigüidade: mais de 50 anos | 5 |
| 26 a 50 anos | 4 |
| 11 a 25 anos | 3 |
| 5 a 10 anos | 2 |
| 1 a 4 anos | 1 |

**b) Calidade e viabilidade técnica dos proxectos e actividades subvencionables en cada un dos programas:**

**Programa I**: **Gastos derivados de actividades de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais: Actividade/s similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos)

| | |
|---|---|
| Nunha 1 edición anterior: | 2 puntos |
| En 2 edicións anteriores: | 4 puntos |
| En 3 edicións anteriores:: | 6 puntos |
| En 4 ou mais edicións anteriores:: | 8 puntos |

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

1 día: 2 puntos
2 días : 4 puntos
3 días : 6 puntos
4 ou mais días: 8 puntos

- Nº de eventos ou instalacións para os que solicita as axudas (máximo 3): Ata 2 puntos

  1 actividade: 2 punto
  2 actividades: 1 puntos
  3 actividades: 0 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

  Si: 2 puntos
  Non: 0 puntos

**Programa II**: **Gastos de organización de xogos populares**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:
  - Competicións de xogos populares de **ámbito internacional, nacional o autonómico** similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

    Nunha 1 edición anterior: 2 puntos
    En 2 edicións anteriores: 4 puntos
    En 3 edicións anteriores: 6 puntos
    En 4 ou mais edicións anteriores: 8 puntos

- Competicións de xogos populares de **ámbito municipal consolidado** (máis de 40 edicións) similares desenvolvida/s en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 5 puntos):

  Máis de 40 edicións: 1 punto
  Máis de 45 edicións: 2 puntos
  Máis de 50 edicións: 3 puntos
  Máis de 55 edicións: 4 puntos
  Máis de 60 edicións: 5 puntos

- Duración das actividades desenvolvidas (máximo 8 puntos):

  1 día: 2 puntos
  2 días : 4 puntos
  3 días : 6 puntos
  4 ou mais días: 8 puntos

- Número de entidades participantes .- Ata 10 puntos:

  Máis de 5 entidades: 5 puntos
  Máis de 10 entidades: 10 puntos

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega no desenvolvemento e difusión das actividades que fundamentan a concesión da subvención (máximo 2 puntos):

  Si: 2 puntos

  Non: 0 puntos

**Programa III: Gastos para o deseño e impresión de publicacións**

- Que sexan capaces de xerar grupos ou programas estables fronte a accións puntuais:

  - Deseño e impresión de **libros sobre a historia** das distintas parroquias similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 8 puntos):

| | |
|---|---|
| Nova publicación: | 8 puntos |
| Nunha edición anterior: | 6 puntos |
| En 2 edicións anteriores: | 4 puntos |
| En 3 ou mais edicións anteriores: | 2 puntos |

  - Ámbito xeográfico da difusión de libros sobre a historia das distintas parroquias: (máximo 5 puntos):

| | |
|---|---|
| Distrito/Parroquial: | 1 punto |
| Municipal | 2 puntos |
| Autonómico: | 3 puntos |
| Nacional: | 4 puntos |
| Internacional: | 5 puntos |

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que certificar o ámbito xeográfico de distribución da publicación na memoria do proxecto)

- Deseño e impresión de **libros e publicacións relativos a festas** similares publicados en exercicios anteriores ao desta convocatoria (máximo 10 puntos):

| | |
|---|---|
| Mais de 12 meses: | 2 puntos |
| De 2 a 5 anos | 4 puntos |
| De 6 a 10 anos: | 6 puntos |
| De 11 a 15 anos: | 8 puntos |
| Mais de 15 anos: | 10 puntos |

(Para a xustificación deste apartado a entidade terá que presentar dixitalizado o exemplar máis antigo publicado na memoria do proxecto)

- Número de exemplares editados ou impresos en ambas publicacións (II-III): ata 10 puntos.

| | |
|---|---|
| Ata 100: | 2 puntos |
| De 101 a 500 | 4 puntos |
| De 501 a 550: | 6 puntos |
| De 551 a 1.000: | 8 puntos |
| Mais de 1.000: | 10 puntos |

(Para a xustificación do número de exemplares impresos terá que constar de forma detallada na correspondente factura ou presentar unha certificación da imprenta na memoria do proxecto)

- Avaliarase positivamente o emprego da lingua galega na edición de ambas publicacións (II-III) que fundamentan a concesión da subvención (máximo 5 puntos):

  Si: 5 puntos

  Non: 0 puntos

No caso de que a proxecto de actividades non obteña a puntuación mínima de 5 puntos por este concepto, entenderase desestimada a solicitude.

c) **Viabilidade económica das propostas presentadas en función do orzamento previsto**.- Ata 5 puntos

De 1 € a 1.000 €: 1 punto

De 1.001 a 1.500 €: 2 puntos

De 1.501 a 2.000 €: 3 puntos

De 2.001 a 2.500 €: 4 puntos

De 2.501 a 2.700 €: 5 puntos

**OITAVA.- PROCEDEMENTO: INSTRUCIÓN, RESOLUCIÓN, NOTIFICACIÓN E/OU PUBLICACIÓN, RECURSOS E RENUNCIA**

1- A instrución do procedemento de concesión de subvencións correspóndelle ao departamento municipal de Participación Cidadá, que poderá realizar de oficio cantas actuacións estime necesarias para a determinación, coñecemento e comprobacións dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución.

2- A avaliación das solicitudes de subvención, conforme aos criterios sinalados na Base Décima**,** realizarase pola Comisión de Valoración, órgano colexiado constituído ao efecto e que terá a seguinte composición:

- 1 Presidente: O concelleiro delegado da Concellaría de Participación Cidadá e Festas
- 2 Vogais: Un/ha técnico/a e un membro da escala administrativa do servizo de Participación Cidadá
- 1 Secretario/a: Actuará como secretario/a un dos vogais membro da Comisión, con voz e voto.

3- As solicitudes avaliaranse conforme á documentación achegada, no seu caso, aos informe emitidos, ás limitacións orzamentarias existentes e aos criterios de avaliación establecidos na Base Décima.

4- Se algún dos datos ou documentos achegados polos solicitantes, presenta dúbidas ou erros susceptibles de emendar, requirirase á entidade solicitante para que nun prazo máximo e improrrogable de 10 días, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixese, de acordo co disposto no artigo 68 da LPAC, se considerará que desiste da súa petición, logo da correspondente resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da citada lei.

5- Unha vez avaliadas as solicitudes achegadas, a Comisión de Valoración remitirá a acta coa valoración correspondente ao instrutor; que formulará a proposta de **resolución definitiva** á Xunta de Goberno Local, como órgano competente para resolver o procedemento, na que incluirá unha relación na que se indicarán todos/as as solicitudes que participan na convocatoria co CIF, nome da entidade, puntuación obtida, estimación ou desestimación da súa solicitude, e o importe da subvención que se lle outorga; farase constar, así mesmo, que da información que obra en poder do órgano instrutor, despréndese que os beneficiarios cumpren os requisitos necesarios para acceder ás subvencións.

6- O prazo de resolución e notificación será de **5 meses** contados a partir da publicación desta convocatoria.

7- En calquera momento anterior á resolución do procedemento de subvencións, a entidade interesada poderá desistir da/s súa/s solicitude/s, **desistimento** que será aceptado de plano pola administración concedente, declarando concluso/s o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade cos artigos 84 e seguintes da LPAC.

8- A resolución do procedemento poderá notificarse electronicamente ás entidades beneficiarias a través da sede electrónica. Remitiranse ás entidades interesadas os avisos da posta á disposición das notificacións á conta de correo e/ou teléfono móbil que consten na solicitude. Estes avisos non terán, en ningún caso, efectos de notificación practicada e a súa falta non impedirá que a notificación sexa considerada plenamente válida.

As notificación por medios electrónicos entendéranse practicadas no momento en que se produza o acceso ao seu contido. Se non se procedese a súa lectura no prazo de 10 días naturais, considerarase rexeitadas de forma automática, sen que se poda acceder ó seu contido.

9- O vencemento do prazo máximo sen terse notificada a resolución, lexitima aos interesados para entender desestimada por silencio administrativo a solicitude de concesión de subvención, sen prexuízo do disposto no art. 24.3.b) la Lei 39/2015 ao respecto.

10- Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro mes sen contestar; neste caso poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses. Así mesma, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contáranse a partir do día seguinte ao da notificación, publicación ou de desestimación do recurso de reposición.

11- **A beneficiaria poderá renunciar,** expresamente, á subvención concedida, renuncia que será aceptada de plano polo administración concedente, declarando concluso o/s procedemento/s correspondente/s, de conformidade co artigo 94 da Lei 39/2015, do LPAC. A renuncia realizarase no **Anexo X,** aprobado con estas bases

**NOVENA.- PRAZO E FORMA DE XUSTIFICACIÓN DA SUBVENCIÓN OUTORGADA**

As entidades beneficiarias das subvencións quedan obrigadas a xustificar documentalmente o cumprimento das condicións impostas e da aplicación dos fondos recibidos. **O prazo máximo para a xustificación das mesmas finaliza o 31 de outubro de 2022**. Noutro caso, perderase o

dereito a percibir a axuda. Os lugares de presentación da conta xustificativa serán os mesmos previstos para a presentación das solicitudes.

Considerase gasto realizado o que foi efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación. En consecuencia, **para acreditar a realización do pago deberá presentarse, xunto coa factura, o xustificante de pago bancario (extracto bancario, debe ou movemento bancario). Deberá terse en conta que non se subvencionarán os pagos realizados con cargo a contas nas que o titular non sexa a entidade beneficiaria.**

## DÉCIMA.- ABOAMENTO

O aboamento das subvencións efectuarase mediante transferencia bancaria, unha vez sexan debidamente xustificadas.

## DÉCIMO PRIMEIRA.- TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais facilitados nos formularios, son indispensables para a xestión da convocatoria e serán incorporados a un ficheiro municipal aos exclusivos efectos da instrución do procedementos para a concesión das subvencións obxecto das presentes bases reguladoras, a practica das publicación, comunicacións e notificacións de obrigatorio cumprimento, o seguimento e comprobación da actividade subvencionada e demais actuacións previstas na normativa reguladora das subvencións, en orden á conclusión do proceso de subvención, polo que a súa achega é obrigatoria.

O Concello de Vigo ten a condición de responsable deses datos e asume todas as obrigas derivadas do Regulamento (UE) 2016/679 – RXPD do Parlamento Europeo e do Consello sobre protección de datos de carácter persoal e das demais disposicións vixentes nesta materia.

A lexitimación do tratamento deses datos está baseada no consentimento expreso das persoas interesadas en participar no procedemento e no exercicio lexítimo das competencias legais do Concello de Vigo no ámbito do fomento de emprego, conforme coa normativa de réxime local e sectorial aplicable.
O prazo de conservación dos datos facilitados será o necesario para a completa execución do procedemento, incluído o prazo de prescrición a efectos de posibles responsabilidades derivadas da actividade ou do dito tratamento.

Os datos poderán ser cedidos tamén a outras Administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial. Tamén poderán ser verificados e cotexados con calquera outros dos que as demais Administracións dispoñan a fin de comprobar a súa exactitude e veracidade.

As persoas interesadas poderán exercitar os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, así como opoñerse á toma de decisións individuais automatizadas, incluída a elaboración de perfís, na forma prevista na normativa vixente, perante o órgano responsable do ficheiro (Concello de Vigo). Así mesmo, teñen dereito a presentar unha reclamación perante a Axencia Española de Protección de Datos (www.aepd.es).

Poderán obter mais información na web municipal ou contactando co delegado de protección de datos no enderezo: dpd.vigo@vigo.org.

S.ord. 25/08/2022.

**DÉCIMO SEGUNDA.- NORMATIVA DE APLICACIÓN**

Esta convocatoria réxese polas súas Bases, pola Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia; a Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; as Bases de Execución do Orzamento do Concello de Vigo para o ano 2022, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

**DÉCIMO TERCEIRA.- PUBLICIDADE**

As presentes bases reguladoras e a convocatoria, cuxo contido responde ao disposto no art. 20 da Lei de Subvencións de Galicia, publicarase conforme ao establecido no artigo 20.8 apartados a) e b) da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase, unha vez aprobadas, a convocatoria e bases reguladoras da convocatoria de "Subvención para o fomento do asociacionismo e da participación cidadá" en:

- A convocatoria, na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS), no portal de transparencia e na páxina web no Concello de Vigo (www.vigo.org), conforme ao art. 14.1 da LSG, a publicación que determinará o inicio do prazo de 10 días naturais para a presentación de solicitudes, será a do extracto enviado pola BDNS e que se realice no Boletín Oficial da Provincia.

- As bases reguladoras, no BOP, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org).

As subvencións concedidas se remitirán á BDNS para a súa publicación con indicación segundo cada caso, da convocatoria, o programa e crédito orzamentario ao que se imputen, beneficiario, cantidade concedida e finalidade da subvención con expresión dos distintos programas ou proxecto subvencionados.

Extracto do acordo da Xunta de Goberno do Concello de Vigo de --/--/2022, polo que se convocan as SUBVENCIÓNS PARA CONTRIBUÍR AO FINANCIAMENTO DOS GASTOS DA ORGANIZACIÓN E DIFUSIÓN DE ACTOS SOCIAIS E ENCONTROS VECIÑAIS DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo pode consultarse na Base de Datos Nacional de Subvencións (htttp://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index):

**PRIMEIRO.- BENEFICIARIOS**

Poderán concorrer a esta convocatoria pública as entidades que figuren inscritas nos epígrafes sinalados en cada un dos Programas referidos do Rexistro Municipal de Asociacións **(entidades sociais e asistenciais, culturais, festivas e de lecer, peñas recreativas, asociacións de**

**veciños e sociedades culturais e recreativas, respectivamente)**, que cumprindo os requisitos e finalidade da mesma, fomenten o asociacionismo e a participación cidadá e teñan como ámbito de actuación o termo municipal de Vigo, e cuxas actividades complementen competencias municipais, mediante a realización de programas de actividades xerais ou específicos que serven para reforzar os servizos que, neste ámbito, presta o Concello de Vigo.

**SEGUNDO.- OBXECTO**

Esta convocatoria de subvencións, realizada pola Concellería de Participación Cidadá e Festas do Concello de Vigo, ten por obxecto a concesión de axudas económicas ás entidades sociais, asistenciais, culturais, festivas e de lecer, asociacións de veciños e sociedades culturais e recreativas, para o desenvolvemento de actividades e programas de interese xeral, realizadas ou pendentes de levar entre o **16 de outubro de 2021 ata o 31 de outubro de 2022**

Para o normal funcionamento da entidade, o cumprimento dos seus fins estatutarios e o desenvolvemento das súas actividades sociais, con esta convocatoria se pretenden fomentar as seguintes:

· **Programa I**: Gastos correntes derivados de **servizos de montaxe e desmontaxe de instalacións mobles** (*carpas, estruturas móbiles ou instalacións similares*) destinadas á celebración de actos sociais ou encontros veciñais de carácter lúdico, benéfico, festivo e social que sexan de acceso libre, e gratuíto e se realicen en espazos abertos.

· **Programa II**: Gastos correntes derivados da **organización de xogos populares**: gastos derivados do aluguer de locais/instalacións/mobiliario/megafonía/medios audiovisuais, trofeos, limpeza, material para as actividades, material Covid, seguros, publicidade (*cartelería, dípticos, vestiario e outro material publicitario...*), e todos aqueles gastos que respondan de maneira indubidable á natureza do proxecto subvencionado.

**· Programa III:** gastos de **deseño, maquetación e edición de publicacións en papel ou en soportes dixitais**; e gastos de **impresión e distribución de publicacións.**

**TERCEIRO.- BASES REGULADORAS**

Bases reguladoras aprobadas pola Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo de --/--/2022, e publicadas no Boletín Oficial da Provincia, no portal de transparencia e na páxina web do Concello de Vigo (www.vigo.org)

**CUARTO.- CONTÍA TOTAL E CRÉDITO ORZAMENTARIO**

A contía total destinada a estas subvencións para o vixente exercicio orzamentario é de **115.000,00 euros (cento quince mil euros)**, distribuídos do seguinte xeito:

·**Programa I**: subvencións para financiamento dos gastos derivados de servizos de montaxe e desmontaxe de carpas, instalacións cubertas ou estruturas mobles similares, cunha contía total de **35.000,00 euros.**

· **Programa II**: subvencións para financiamento da organización de competicións de xogos populares, cunha contía total de **20.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

a) competicións de xogos populares de ámbito internacional, nacional, autonómico, cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **9.000,00 €** para os de ámbito internacional e nacional e de **5.000 €** para os de ámbito autonómico.

b) competicións de xogos populares de ámbito municipal consolidado (máis de 40 edicións), cun importe máximo subvencionable para cada unha das entidades beneficiarias de **3.000,00 €**

· **Programa III**: subvencións para o deseño e impresión de publicacións promovidos por entidades cunha contía total de **60.000,00 euros,** que se encadren nalgunha das seguintes liñas de axudas:

**a)** Subvencións para o deseño e impresión de libros sobre a historia das distintas parroquias, cun importe máximo subvencionable será de **10.000 €**.

**b)** Subvencións para o deseño e impresión de libros e publicacións relativos a festas**,** cun importe máximo subvencionable de **4.000 €**.

**QUINTA.- PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DA SOLICITUDE**

En cumprimento da obriga imposta polo artigo 14.2.a) da Lei 39/2015, do 15 de novembro de Procedemento Administración Común das Administración Públicas (LPAC), establécese o emprego, de **xeito exclusivo**, **de medios electrónicos (*tramitación en liña*)** para presentar e tramitar a solicitude desta subvención a través da sede electrónica do Concello de Vigo, mediante o Rexistro Xeral Electrónico (Carpeta Cidadá)**.** Para dita tramitación **requírese a identificación da entidade solicitante e a sinatura electrónica do seu representante legal**, por calquera das modalidades admitidas polo Concello de Vigo, que se poden consultar no enlace **https://sede.vigo.org/expedientes/usuarios/login.jsp?lang=ga.**

O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria correspondente, será de **10 días naturais, a contar dende o día seguinte á publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia**, que será comunicado desde a Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións nos termos do art. 30 da LPAC.

**17(714).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. Presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fe.

MEF.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Yolanda Aguiar Castro.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez